

A Terra Chá cambia de Fase


A provincia evoluciona positivamente e suaviza algunhas medidas no proceso de desescalada

A provincia de Lugo logrou frear con rotundidade o avance da pandemia e eses bos resultados traducíronse no permiso do Goberno central para pasar de fase e comezar a desescalada suavizando as medidas de confinamento desde o pasado luns. O plan de volta á normalidade imposto polo equipo de xestión da pandemia establece catro fases cunha relaxación paulatina das medidas segundo como evolucione o coronavirus nos distintos territorios. Dende o 11 de maio Galicia atópase na Fase 1. Desde ese momento, a desescalada cara á nova normalidade prolongarase durante as seis



ou oito semanas seguintes, é dicir, ata finais de xuño. Xunto a esta situación xeral, os concellos seguen a modificar os seus orzamentos e normativas establecendo, a maiores, medidas de apoio aos grandes afectados desta crise, que son os negocios, xa que a práctica totalidade dos mesmos tiveron que pechar as súas portas durante este tempo. A día de hoxe a maior parte, incluíndo unha porcentaxe da hostalaría, xa recuperaron a actividade aínda que con moitas restriccións. Sen embargo, parece que a situación segue a mellorar e para xullo xa podería acadarse a normalidade.

Datos



Galicia e a provincia de Lugo baixan a incidencia do coronavirus tras case dous meses de confinamento. **Pax. 2 e 3**

Medidas




O comité de expertos de Galicia e a Deputación de Lugo propuxeron unha batería de medidas. **Pax. 4 e 5**

Concellos



Os concellos aportaron diferentes accións para paliar os efectos económicos e sanitarios da pandemia. **Pax. 6 e 10**

Testemuñas



Responsables de empresa, autónomos, deportistas e funcionarios contan a súa experiencia. **Pax. 12 e 13**

vilalba. O programa Compite Vilalba dinamizará o comercio. **Pax. 27**

as pontes. Piden unha reunión telemática da Mesa pola Transición Xusta. **Pax. 29**

fríol. Adjudican obras de mellora de vías en dúas parroquias. **Pax. 30**

guitiriz. O Concello creará un banco de axudas para facer fronte á crise. **Pax. 31**

meira. Convenio para investir na mellora do saneamento. **Pax. 31**

castro de rei. Reiniciadas as obras de ampliación de beirarrúas. **Pax. 32**

xermade. O Goberno local dará axudas de 900 euros á natalidade. **Pax. 32**

abadín. Sete empresas desenvolverán un sistema antinéboa na A-8. **Pax. 34**

outeiro de rei. Comeza a formación no PIE da agrupación de concellos. **Pax. 35**

CONSULTA AS NOVIDADES DE AGRO nas páxinas 15-26

Voltamos con máis forza que nunca!
Reserva a túa cita. Contamos con todas as medidas de protección para coidar do que máis nos importa. Vós!
Xuntos adaptaremonos a esta nova situación

NOVALUX
óptica & centro auditivo

VILALBA
C/Plácido Peña 9
604 03 20 92

Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333

AS PONTES
Av. de Galicia 91
604 02 21 80

Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

novaluxoptica.com



COVID-19

Lugo contén a expansión do virus

A provincia, que acadou o pico da pandemia en abril, segue un proceso de decrecemento de novos contaxios como Galicia e España

Tal e como anunciaron os expertos, Galicia pasou o seu pico de expansión do coronavirus a primeiros do mes de abril, coincidindo coa Semana Santa. Depois comezou o proceso de baixada da prevalencia do virus, unha baixada que está sendo moito máis lenta do que foi a subida pero que dá lugar á esperanza polos datos que diariamente aportan o Ministerio do Sanidade e o Sergas.

Así na provincia de Lugo os casos de afectados pola enfermidade baixaron ata os 117 (datos do 14 de maio) cando no momento máis áxido casi chegaron aos 600 enfermos. Por outra banda, catro persoas permanecen ingresadas na UCI, todos eles no Hula, e están nos seus domicilios 112 infectados. Ademais, o número de curados escala aos 770.

Na parte negativa, desde o inicio da crise sanitaria morreron a causa do virus un total de 27 persoas na provincia, dato tamén que se mantén nos últimos días, tras unha morte a fin de semana cando se levaban dúas semanas sen decesos.



GALICIA. Tamén en Galicia os datos son positivos. A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade informa que, na última actualización do 14 de maio, o número de casos activos de coronavirus ascende a 2.074, deles 516 son da área da Coruña, 117 da de Lugo, 321 da de Ourense, 108 da de Pontevedra, 512 da área de Vigo, 424 da de Santiago, e 76 da de Ferrol. Do total de pacientes positivos, 21 permanecen en UCI, 123 están en unidades de hospitalización e 1.930 no domicilio. Polo de agora, en Galicia hai un total de 8.157 persoas curadas, rexistrándose 601 falecementos. O número de casos detectados en centros residenciais vaise erradicando pouco a pouco e lograron descender ao 0,9% do total dos residentes. Debido á errática actualización dos

datos da Xunta, que suma os positivos con anticorpos cos de PRC de forma aleatoria, é difícil saber os datos con exactitude, aínda que se sabe xa que o número de contaxios mantén unha tendencia á baixa ao igual que o número de hospitalizados.

ESPAÑA. En España o confinamento tamén trouxo o control da pandemia. Malia que o número de falecidos por xornada baixou moito houbo un pequeno repunte nos últimos días e os datos seguen sendo durísimos con 27.321 falecidos nesta crise. Ademais, 229.540 persoas deron positivo nunha proba PCR. Do mesmo xeito, 138.980 pacientes xa están curados.

No mundo, se superan xa os 4,35 millóns de casos con Estados Unidos como o primeiro país en contaxios.

Segue a información diaria en:
www.terrachaxa.com



RECOMENDACIÓNS

- 1. Teléfono de información á cidadanía 900 400 116**, no caso de que teña algunha dúbida ou necesite información respecto aos aspectos asistenciais do novo coronavirus ou se padece unha sintomatoloxía leve.
- 2. Lavar as mans** frecuentemente **con auga e xabón** ou utilizar unha solución hidroalcohólica. Recoméndase o uso de máscaras e luvas, e manter unha distancia de 2 metros entre persoas.
- 3. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca** se non se teñen as mans limpas.
- 4. Boa hixiene respiratoria.** É dicir, ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel, que inmediatamente hai que desbotar nunha papeleira, ou facelo contra a flexura do cóbado. Despois de tocar as secrecións respiratorias deberanse lavar ben as mans.
- 5. Recoméndase que os pacientes acudan sós aos centros sanitarios.**
- 6. Na casa é convinte ventilar a miúdo**, abrindo ventás ou axustando o aire acondicionado.
- 7. É recomendable desinfectar con regularidade obxectos e superficies** que se tocan regularmente como tiradores das portas, mesas e pasamáns.
- 8. Cos máis pequenos procurar non ir a parques e zonas recreativas**, así como evitar o uso dos columpios ou tobogáns, non usar o transporte público se non é necesario e desinfectar os xoguets.

ELECTRICIDAD

MONCHO SANTOME

Telf. Oficina / Tienda 982 51 24 44
monchoysantome@yahoo.es

GENERADOR DE OZONO

Una ayuda para adaptarse la nueva realidad que ha generado el COVID-19

Disponemos de generadores de ozono de alta tecnología, capaces de eliminar contaminaciones bacterianas y víricas.

El generador de ozono se puede instalar en los establecimientos para purificar y limpiar los ambientes interiores y así ayudar a prevenir el coronavirus.

Son muy eficaces para descontaminar oficinas, salas de reuniones, locales comerciales, bares, cines, teatros, escuelas infantiles, automóviles, camiones, ambulancias... así como para aplicaciones domésticas en el hogar.

Puede adquirir su generador de ozono de tres maneras:

- compra
- renting sin mantenimiento
- renting con mantenimiento anual

www.monchoysantome.com

Comeza o proceso de desescalada

Galicia avanza de fase no proceso de volta á normalidade e consegue unha serie de liberdades para a súa poboación

Tras seis semanas de estricto confinamento e outras dúas cunhas pequenas liberdades, o Consello de Ministros aprobou o 8 de maio a estratexia que seguirá España para abandonar as medidas restritivas impostas polo estado de alarma. Coñecido como plan de desescalada, o presidente do Gogerno anunciou que se faría en catro fases nas que as normas aplicaríanse de forma gradual e serán comúns en todas as provincias aínda que se aplicarán a distinto ritmo segundo como evolucione o coronavirus en cada zona.


Así foi como deu comezo a Fase 0 a finais do mes de abril na que os pequenos puideron saír de novo ás rúas, aínda que só fose unha hora ao día, comezaron a abrir os primeiros comercios de non alimentación con cita previa e os deportistas tamén puideron saír ao exterior.

Sen dúbida os datos da baixa incidencia do virus en Galicia así como a situación da súa Sanidade foron claves á hora de poder dar o paso que lles permite agora aos galegos novas liberdades como abrir o comercio, as terrazas, os aloxamentos turísticos, os lugares de culto e os centros deportivos.

Desde agora, a desescalada cara á nova normalidade prolongarase durante as seis ou oito semanas seguintes, é dicir, ata finais de xuño.

Cada fase terá unha duración mínima de dúas semanas ao ser o período medio de incubación do virus. Que unha rexión avance á seguinte fase dependerá, en todo caso, de se cumpre con indicadores sanitarios marcados. Durante o tempo que dure a desescalada recomendarase o uso xeneralizado da máscara.

PLAN PARA A TRANSICIÓN HACIA UNHA NOVA NORMALIDADE



AS NOVAS NORMAS

- Mantéñense as saídas para compras esenciais, traballos, paseo de mascotas, paseos de nenos e maiores dependentes e os horarios para localidades de máis de 5.000 habitantes.
- Posibilidade de desprazarse dentro da provincia.
- Reunións de ata dez persoas. Pódense realizar tanto en domicilios particulares como en espazos públicos.
- Primarase o teletraballo para o resto, sen restricións.
- Poden abrir os locais comerciais de menos de 400 metros cadrados e algúns máis grandes como os concesionarios. Quedan excluídas as tendas dos centros comerciais.
- Están permitidos os mercados ao aire libre aumentando os espazos.
- Permítese a apertura das terrazas pero ao 50% de capacidade.
- Velorios e enterros cun máximo de 10 persoas en interior e de 15 en exterior. Os templos relixiosos ao 30% do aforo.
- Bibliotecas con aforo limitado ao igual que funcións culturais.
- Práctica de deportes ao aire libre.
- Reactivación dos servizos sociais con atención prioritaria a colectivos desfavorecidos.
- En todas as actividades manterase o uso de material de protección como máscaras e a distancia de dous metros.

PROMEDISA®
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEDIA

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA ONLINE
www.promedisa.com


AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

Un comité de expertos propón unha vintena de medidas para conter a crise

O Comité de Expertos Económicos de Galicia propuxo unha vintena de medidas para conter os efectos da crise do coronavirus. A criterio deste órgano, as medidas en España deben ir en liña coas que se están a tomar no ámbito da UE, para non afectar á competitividade da nosa estrutura empresarial. O comité de expertos considera que na actuación das administracións públicas débese dar prioridade ás empresas directamente afectadas polas medidas de contención e aquelas nas que o seu volume de operacións diminuíse como mínimo un 35% respecto ao ano anterior.

Ademais, reclama un liderado estatal na primeira fase, que reserve a un momento ulterior as medidas autonómicas e locais para evitar solapamentos. Tamén é fundamental que o maior esforzo orzamentario das medidas orientadas a garantir a liquidez das empresas se faga no curto prazo, evitando así que un problema de liquidez.

En primeiro lugar, o Comité de Expertos propón diversas actuacións no ámbito dos principais impostos estatais como a eliminación de for-



Fonte: Ministerio de Sanidade e Sergas a día 14 de maio

CASOS ACTIVOS

LUGO: 117
A CORUÑA: 1016
OURENSE: 321
PONTEVEDRA: 620
TOTAL: 2.074

ma transitoria do sistema de pagos a conta do IRPF e do Imposto sobre Sociedades para as empresas afectadas pola crise, así como a modificación do prazo de declaración e ingreso das autoliquidacións do IVE correspondente aos dous primeiros trimestres de 2020. Abren a posibilidade de rescatar plans de pensións sen penalización e apostan por modificar a normativa sobre ingreso do IVE das facturas impagadas e por mellorar a liña dos avais do Estado canalizados polo ICO. Neste sentido, demándase

se axilizar este procedemento para que os créditos cubran os custos de mantemento das empresas. O comité de asesoramento económico tamén reclama ao Goberno central que habilite axudas específicas para que as empresas poidan adaptar os seus centros aos novos protocolos de seguridade.


XUNTA. No ámbito autonómico, o comité de expertos propón un sistema de portelo único que asesore ao tecido empresarial para todas as axudas e tramitacións depen-

dentes da Xunta. Tamén se solicita un reforzo dos avais do IGAPE, para cubrir necesidades financeiras por riba dos 200.000 euros, e a posibilidade de ampliar o montante global das liñas xa existentes –hoxe é de 250 millóns de euros– se fose necesario.

Os expertos tamén ven oportuno aprobar liñas específicas adaptadas ás particularidades de algúns sectores, e lograr unha maior rapidez e axilidade na tramitación e pago das liñas activas de liquidez. E tamén no ámbito galego, pídesse orientar as Sociedades de Garantía a pemes e autónomos excluídas polos avais estatais. Ademais, apóstase por axilizar o pago aos provedores das diferentes administracións públicas. Tamén se propón axilizar o pago das subvencións xa aprobadas, o que incrementará a liquidez das empresas beneficiarias de ditas subvencións. No ámbito municipal, apóstase pola reordenación en 2020 dos calendarios fiscais municipais do IBI, do IVTM e do IAE, a fin de que converxan co de aqueles municipios que optan polo cobro no último trimestre do ano.

BALANCE

- **ORDENADORES.** Os centros de ensino da provincia de Lugo emprestaron un total de 1.149 equipos a familias con menos recursos dende o inicio da crise do coronavirus, co fin de que o alumnado poida seguir a actividade educativa en liña. A Xunta foi a encargada de repartirlos tras sumar outros 300 equipos e 392 conexións a internet.
- **REPARTO DE LIBROS.** Finalmente e tras moitas peticións e iniciativas propias dos colexios da provincia, a Xunta acordou a posta en marcha dun dispositivo para que os colexios inicien o reparto de libros e outro material escolar para aquelas familias que, con motivo da declaración do estado de alarma, non puideron achegarse ao seu centro e recuperalo. Serán axentes medioambientais voluntarios os encargados.
- **MATRÍCULA SECUNDARIA.** O luns abriuse unha nova quenda de matriculación para os centros públicos docentes en Secundaria para o curso 2020/2021, prazo que se manterá aberto ata o 18 de maio.
- **MÁSCARAS.** A Xunta de Galicia foi acusada de “facen propaganda institucional” co reparto de máscaras nas farmacias co logotipo da administración impreso no envoltorio. Están destinadas a pensionistas, persoas en risco de exclusión e desempregados e o coste do empacado e envío superou os 900.000 euros.
- **DESINFECCIÓNS.** A Xunta leva realizadas 773 actuacións de desinfección nos exteriores dos centros de saúde (500) e residenciais da provincia (255). En xeral, interveñen nos concellos de menos de 5.000 habitantes e limpan tamén outros espazos públicos sensibles.



SAF. A Xunta fixo un recoñecemento ao labor desenvolvido polo persoal de Axuda no Fogar “durante todo o ano pero especialmente trala chegada da pandemia”. O delegado mantivo unha xuntanza por videoconferencia con traballadoras dos concellos do Vicedo, O Saviñao, As Nogais, Castro de Rei e Friol, que representan aos máis de 2.400 profesionais que na provincia atenden a 4.100 persoas.

Feijóo avanza que as eleccións galegas poderían ser en xullo

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, avanzou a posibilidade de celebrar as eleccións ao goberno autonómico durante o mes de xullo xa que considera que “prorrogar a lexislatura máis dos catro anos” sería a “peor solución” e aposta por “buscar fórmulas” para poder celebrar as eleccións antes do mes de outubro xa que hai perigo de que se produza un rebrote do coronavirus. O presidente galego alega diferen-

tes motivos para non ir máis aló do mes de outubro, xa que nunca se fixo, non hai ordenamento xurídico, desaparecería o equilibrio entre os distintos poderes e que se abriría un proceso incerto. Prevé que serán “eleccións con dificultades, con distanciamento social, con colexios electorais máis amplos dos que temos, con lugares onde haxa menos aglomeracións e cunha campaña importante de voto por correo”.

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR

Ánimo!

O Adro, Lonzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65
626 23 71 56

A Lareira

Taberna Galega

Restaurante

Xa queda menos, pronto nos veremos

Rúa do Sol, 4 - 27800 Vilalba, Lugo. Tel: 982 512 842

A Deputación pon en marcha medidas para o sector produtivo

Tras unha rolda de contactos da Deputación cos axentes económicos e sociais sobre a situación derivada da crise sanitaria, fixo públicas as medidas que está tomando para impulsar os sectores produtivos.

Por unha banda, aprobou o Plan Único 2020, que inxectarán de maneira directa nos 67 concellos da provincia 21,3 millóns, e que foi adaptado polo Goberno provincial para que os municipios poidan cubrir con 10,6 millóns medidas sociais e económicas fronte ao coronavirus.

Tamén inxectou 11 millóns co adiantamento dos pagos mensuais previstos ata xuño aos concellos que teñen delegada na institución a xestión de impostos municipais, o que lles proporcionará maior liquidez para o que consideren máis oportuno na súa realidade individual.

Entre outras medidas, a Deputación de Lugo suspendeu todos os prazos de tramitación dos procedementos da institución, dálle prioridade durante os estado de alarma ao pago

a provedores da administración, suspendeu o cobro do canon das instalacións provinciais pechadas polo estado de alarma, e manterá todos os contratos e o volume de facturación coas empresas prestadoras de servizos públicos. Decisións todas elas que contribúen a dar maior liquidez ás empresas e protexer o emprego. Tamén publicou o Plan Estratégico de Subvencións (PES), o instrumento que regula a concesión de axudas ao conxunto do tecido asociativo da provincia e que inclúe un mínimo de 5,7 millóns de euros, que poderán incrementarse en función do crédito. Este orzamento para subvencións de carácter nominativo e de concorrencia servirá para contribuír ao desenvolvemento de proxectos que impulsen o emprego e os sectores produtivos, o benestar social ou a promoción do territorio e o turismo. A institución traballa no deseño dunha campaña de promoción dos sectores produtivos para a súa reactivación.

OUTRAS MEDIDAS

- **OBRA PÚBLICA.** A Deputación vén de reactivar os procedementos de licitación para contratar obras, servizos e subministracións públicas. Fíxoo ao abeiro da decisión de levantar a suspensión deste tipo de procedementos que se incluíra no decreto do 14 de marzo que estableceu o estado de alarma. Desta forma volve promover expedientes de contratación para incentivar o tecido empresarial.
- **TURISMO.** Puxo a disposición do sector turístico información relevante para facilitar a desescalada e a adaptación á nova realidade xurdida pola crise sanitaria do COVID-19 a través nun novo espazo na páxina web de Turismo, que ten documentación como o Plan de Transición cara a Nova Normalidade.
- **MEDIR AS SAÍDAS.** Activou a aplicación Mide a túa saída para facilitarlle aos cidadáns os desprazamentos que se poden realizar durante a desescalada do confinamento decretado pola crise do coronavirus.



Reunión do comité de seguimento dos centros de maiores

Distribúe material de protección entre os concellos

O Parque Móbil de Deputación provincial realizou a primeira fase do reparto de máscaras cirúrxicas para a protección dos veciños e veciñas da provincia fronte ao COVID-19, na que se entregaron preto de 72.000 unidades nos concellos de menos de 20.000 habitantes. Deste xeito, só nesta primeira remesa, a institución provincial cubre co material que adquiriu con fondos propios máis do 30% da poboación total destes municipios, tal e como subliñou o presidente, quen avanzou ademais que nunha segunda fase de distribución de máscaras a Deputación pretende chegar ata o 50% da poboación destes concellos.

A distribución de material por municipios determinouse de maneira proporcional ao seu número de habitantes, tomando como referencia o 30% da súa poboación.

A institución provincial realizou varios pedidos que roldan cada un as de 220.000 unidades de material hixiénico-sanitario de protección fronte ao coronavirus COVID-19. O mandatario provincial explica que se adquire este material para a protección fronte ao virus do persoal propio da Deputación, das persoas usuarias dos servizos públicos que presta a institución, como os centros de atención a maiores, e tamén para a súa distribución na provincia.

O CONCELLO DE
GUITIRIZ COA
SÚA XENTE



Liña de axuda social para novas situacións de emerxencia xeradas pola Covid-19 no municipio.

Nº conto para facer chegar o teu donativo: ES20 2080 0122 4631 1000 0022

Liña de axudas para autónomos do concello afectados pola Covid-19.



CONCELLO DE GUITIRIZ

www.concellodeguitiriz.com

por concellos

MEIRA

COMERCiantES. Comerciantes de Meira crearon un grupo de Facebook para incentivar a compra no comercio local por parte dos seus veciños, así como darse a coñecer. Compra en Meira lembra a necesidade de quedar na casa ou de saír con control e reivindica a súa vila como un lugar para vivir e desfrutar.

REVITALIZA MEIRA. O Concello destinará un total de 45.000 euros a través do programa Revitaliza o teu Municipio, polo que se ofrecen axudas directas de 600 ou 400 euros a aqueles comercios que se viron obrigados a pechar ou sufriron perdas de ingresos debido á crise provocada polo COVID-19. Así, o Concello aprobou varias medidas tributarias como a rebaixa nas taxas de recollida de basura, saneamento e abastecemento de auga. Esta medida afectará tanto aos que perderan o seu traballo como aos que non poden desenvolver a súa actividade.

MÁSCARAS. A vindeira semana realizarán no Concello un segundo reparto de máscaras aos veciños adultos, e tamen para nenos menores de 14 anos. Así mesmo porán a disposición de tres nenos do colexio acceso a Internet para poderen acabar o curso nas súas casas, xa que no lo pediron dende a dirección do colexio o non opterenos da consellería de educación

PLAN DE DINAMIZACIÓN. O Concello de Vilalba pon sobre a mesa a necesidade de aplicar un plan de dinamización do tecido económico de Vilalba para afrontar a crise derivada da epidemia do COVID-19. O proxecto que están a estudar desde o goberno local está orientado a mellorar a competitividade das empresas mediante a realización dunha diagnose de situación, a capacitación e o apoio a promocións e comercialización de produtos e servizos.

A mellora da competitividade basearase nun asesoramento individualizado para a adecuación dos produtos ao público obxectivo, incremento da eficiencia dos procesos produtivos e eficacia dos sistemas de control e xestión empregados, así como a mellora na comercialización e a ampliación do mercado grazas ás estratexias de promoción e comercialización implantadas. O goberno local prevé avanzar neste proxecto as vindeiras semanas.

TAXAS. Modificáronse sete ordenanzas fiscais para reducir ou suprimir o cobro de taxas e tributos en beneficio de particulares e empresarios nesta situación derivada da crise sanitaria polo COVID-19. Modifícase a ordenanza sobre construcións, instalacións, obras e licenzas de primeira ocupación, de xeito que nas obras menores non se cobrará o 2% sobre o orzamento, e nas



obras maiores pasa do 2% ao 1%. Suspendese o cobro da licenza de apertura dos negocios así como o cambio de titularidade. Tamén se suprime a taxa por expedición de documentos administrativos na expedición de licenzas urbanísticas. Non se cobrarán tampouco as taxas por ocupación de vía pública con mercadorías, valos, andamios e outras instalacións análogas así como as taxas por terrazas. Por outra banda, cancelase o cobro da tarifa básica para a nova implantación de actividades administrativas de inspección, control e verificación de actividades en réxime de declaración responsable e modificarase o incremento dos terreos de natureza urbana (plusvalía), bonificando o 95% na transmisión de vivenda habitual e dos locais afectos a actividade económica exercida.

MÁSCARAS. O Concello de Vilalba entregou máscaras a todos os veci-

ños e veciñas do termo municipal. As distribucións e entregas realízanse por parte do persoal do Concello e dalgúns persoas voluntarias en todos os domicilios do casco urbano e parroquias. O goberno local fixo un pedido de 14.500 máscaras.

DESINFECCIÓN. Reforzouse o servizo de desinfección unha vez que comezaron a permitirse as saídas. Realizáronse tarefas de limpeza de espazos públicos de xeito continuado mediante a concesionaria do servizo, Urbaser, Protección Civil e persoal municipal. A maiores, os operarios municipais encargáronse da desinfección mediante equipos individuais por todas as rúas do casco urbano de xeito progresivo. Os equipos de desinfección mecánica traballaron a diario e desinfectaron lugares concretos como farmacias, supermercados, centro de saúde, panaderías, etc. Tanto no urbano como no rural, estanse a desinfectar tamén todos os contenedores de lixo. Tamén os bombeiros comarcais actuaron nos concellos de Vilalba, Outeiro de Rei e Castro de Rei. En Vilalba desinfectaron os exteriores do centro de maiores e o centro de saúde. En Outeiro de Rei o centro de maiores e o centro de saúde. E en Castro de Rei os traballos foron nos tres centros de persoas con discapacidade, no centro de maiores e nos centros de saúde de Castro de

Riberas de Lea e no de Castro.

PP. Pola súa parte, o PP esixe ao goberno local “medidas concretas”, tal e como están a implantarse noutros concellos, para contribuír a paliar a crise económica que atravesan autónomos e pequenas empresas do sector comercial do municipio que se viron obrigados a pechar polo estado de alarma decretado para conter a situación de emerxencia sanitaria do COVID-19. Así o manifestan dende a formación popular ante o anuncio dun plan por parte do Concello que “chega máis dun mes despois de ser decretado o peche de comercios e establecementos hostaleiros e ante unha situación que afectou tamén a tódolos sectores produtivos”. Os populares consideran, a este respecto, que “o plan anunciado non soluciona os actuais problemas dos autónomos, pequenas empresas e comercios locais”.



CASTRO DE REI

MEDIDAS MUNICIPAIS. O Concello de Castro de Rei optou por reforzar desinfección en especial nos centros de saúde das dúas vilas máis grandes así como das inmediacións das residencias, rúas, contedores de lixo, orgánico e selectiva e colocación de pediluvios en accesos a aqueles negocios que estiveron abertos. Ademais, adiantaron o reparto de alimentos de Cruz Vermella e prestaron atención en especial aos traballaadores do Servizo

de Axuda no Fogar e de residencias, entre os que repartiron material de protección. O Concello segue a contar dende o primeiro día cun servizo de xestión de medicamentos e alimentos aos máis necesitados repartindo axuda e material de protección a persoas de risco e os seus acompañantes.

BNG. Os nacionalistas pediron moratorias no pago de impostos relacionados co pagamento de taxas.



RIOTORTO



AUTÓNOMOS. O Concello de Riotorto anunciou que ofrecerá unha axuda directa equivalente ao pago do recibo íntegro aos autónomos veciños do municipio que tiveron que pechar os seus negocios como consecuencia do actual estado de alarma motivado pola crise sanitaria do coronavirus. Os requisitos para facerse con esta axuda é ter un negocio ou actividade dentro deste termo municipal e verse obrigados a pechalo pola emerxencia do COVID-19. Ademais, teñen que estar empadroados no Concello. O Concello abonará un importe igual

ao dos recibidos a partir de mediados de marzo, é dicir, a metade dese mes e o íntegro do actual abril. Os interesados en beneficiarse desta axuda municipal poden presentar as súas solicitudes nas oficinas municipais unha vez que se levante o estado de alarma, a fin de que se tramite dita medida. Pola súa banda, o concelleiro nacionalista Luis Fernández urxe ao executivo do Partido Popular “a aprobar as bases e a convocatoria das axudas, para que as persoas interesadas teñan información sobre as contías e os prazos de solicitude”.

MESÓN MARTÍNEZ

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522
mesonmartinez@hotmail.com

Quédate na casa. Pronto estaremos de volta

COSPEITO

COMERCIANTES. Comerciantes de Cospeito non queren perder o tren da unión e a promoción en redes sociais e crearon o seu propio grupo de Facebook no que presentar o seu respectivo negocio e tamén fomentar a participación de veciños requirindo seguir comprando no comercio local cando esto remate. Na dirección CompraenCospeito lémbrese a necesidade de protexer nas saídas pero tamén de reivindicar a súa vila como un lugar para vivir e desfrutar.



xuño. A organización xa anunciou que este ano non haberá festa.

FILLOAS VIRTUAIS. Tras perder a celebración este ano de citas de gran relevancia como a Moexmu, a festas de Maio ou a Feira da Maquinaria Usada, finalmente tiveron que anular a Feira da Filloa, pero para non deixala pasar sen facer a consabida lembranza, a comisión organizadora propuxo a todos os veciños e simpatizantes anegar as redes sociais con imaxes de edicións anteriores ao que dedicaron toda unha semana. Non faltou o pregón, xa que Alberto Sotillos, o encargado desta función este ano, colgouno nas súas redes sociais. Outra das citas culturais vítimas do coronavirus é a Festa de Xogos Tradicionais de Xotramu, que todos os anos concentra a centos de persoas en Muimenta a primeiros de

MÁSCARAS. O Concello de Cospeito encargouse tamén do reparto de máscaras entre a súa poboación, unha xestión que foi criticada polos socialistas ao non haber un criterio claro no reparto das mesmas. Así mesmo, o PSOE volveu solicitar a convocatoria dun pleno extraordinario para debater as posibles medidas de apoio á poboación e ao sector económico. Solicitaran un pleno no mes de abril pero ao non poderse celebrar de forma telemática e tamén a causa do cese do secretario municipal, decidiron de común acordo pospoñelo. Unha vez incorporada a nova secretaria, os socialistas cren que é o momento de falar de accións do concello.

OUTEIRO DE REI



MÁSCARAS. O alcalde do Concello de Outeiro de Rei, José Pardo, informou que a Xunta de Galicia é a única administración que periodicamente envía material para a prevención do Coronavirus ao Municipio, despois de recibir o día 8 de abril, 200 máscaras cirúrxicas, 400 luvas de nitrilo, xel hidróalcohólico en 3 botes de 500 mm, 5 litros de lixivia e 5 traxes antisalpicaduras. O mandatario destacou que “esta é a segunda vez que a Xunta apoia ao noso Concello en tan difícil situación”, polo que Pardo agradece publicamente a axuda que recibe para a súa xente nestes momentos críticos.

Ademais, o Concello fixo entrega dunha máquina de desinfección para a residencia de anciáns Domus Vi, onde residen 183 maiores, que están atendidos por 80 sanitarios. Por outra banda, o alcalde de Outeiro de Rei fixo pública a súa protesta ante o Goberno de Pedro Sánchez xa que considera que os criterios

fixados no seu plan de desescalada “penaliza a municipios como o noso, que, malia superar minimamente os 5.000 habitantes, a súa distribución, está preparada para se comportar doutro xeito”.

AUTÓNOMOS. O Concello aprobou unhas axudas para os autónomos afectados polo COVID-19 coas que recibirán un importe igual aos consumos mínimos do recibo de auga, lixo e alcantarillado no bimestre de marzo/abril. O prazo para solicitalas remata o 30 de maio. Os nacionalistas xa demandaran unha liña de subvencións para os afectados.

PENAS DE RODAS. A organización da Romaxe de Penas de Rodas comunicou a suspensión desta celebración anual, que chegaba este ano á súa XL edición, unha celebración cultural que continúa en crecemento e que ten lugar os primeiros días de xullo neste paraxe singular.

MURAS

MÁSCARAS. O Concello de Muras fixo unha primeira compra de material de protección ante o coronavirus para repartir entre a veciñanza. Esta compra foi feita como explicou o seu alcalde, Manuel Requeijo, “ante a escaseza de material aportado polas distintas administracións que teñen as competencias en materia de Saúde Pública”.

A compra consistiu en 250 EPI,s (Máscaras FFP2, xel hidroalcohólico e luvas) que puxo a disposición dos veciños no Centro de Saúde do Concello de Muras.

Ademais, o Goberno local continúa repoiñendo o material cando se vai agotando. Do mesmo xeito, o alcalde agradeceu “a colaboración e boa coordinación cós sanitarios do Centro de Saúde”.

Paralelamente, a asociación Ammer Las Rozas e a de motoristas Cabañeiros Do Ferro fixeron a doazón de 350 máscaras para os veciños, que se repartiron xuntos coas demais.

ROMAXE. Este ano non haberá Romaxe Artesá da Chaira. A que sería a V edición desta popular feria tiña previsto celebrarse o 23 de maio, sábado, na Veiga, unha festa na que se busca a reivindicación dos oficios tradicionais e sobre todo a dinamización do medio rural como lugar de creación de vida.



Concello de Friol

compraenfriol.com

POÑAMOS EN VALOR AO RURAL



Es produtor? Mostra os teus produtos a nivel nacional. Ofrece alternativas de venda á túa contorna local.



Vende completamente gratis sen comisións nin gastos.



Acompañarémolos e asesoraremos en todo o proceso de dixitalización do teu negocio.



Xuntos, poñeremos en valor o rural.

Rexístrate. É Gratis!

BEGONTE



reutilizables, foron repartidas tamén casa por casa

MATERIAL ESCOLAR. O persoal do Concello encargouse de imprimir e levar aos fogares de todos aqueles alumnos e alumnas que non contan con medios propios ou teñen dificultades para obter as tarefas tal e como indica o propio centro de ensino. Esta plan realizouse en colaboración co CEIP Virxe do Corpiño de Begonte e co CEIP de Baamonde para facer chegar aos rapaces o material didáctico que dende os centros de ensinanza se está a proporcionar para continuar coas clases.

CONCURSOS. Outras das accións que puxeron en marcha foron os concursos para animar aos veciños no seu confinamento. O primeiro concurso foi co título xenérico de *Begonte queda na casa*, nas categorías de audiovisual e narrativa ou cómic. Unha vez finalizado este, celebrouse outro de elaboración de contos. Os premios consistiron en lotes de material escolar.



MÁSCARAS. O Concello de Begonte adquiriu máscaras de protección individual para todos os veciños do Concello que foron repartidas casa a casa. Na primeira fase do confinamento polo COVID-19, o Concello de Begonte centrou todos os esforzos na atención aos maiores, reforzando os servizos sociais e atendendo aos máis vulnerables, no achegamento de menciñas, alimentación ou calquera outra necesidade urxente e inaprazable. Os equipos de protección que achegou a Xunta de Galicia e as pantallas protectoras mercadas anteriormente polo Concello foron para o persoal de Axuda no Fogar e responsables de establecementos con atención o público.

O Concello adquiriu máscaras de protección para toda a poboación, que foron repartidas dúas por persoa, nos seus domicilios por persoal do Concello debido á prolongación do estado de alarma.

O Concello tamén adquiriu máscaras de protección individual para todos os nenos e nenas do Concello. Estas máscaras, de triple capa, lavables e

AS PONTES



castigados pola situación derivada da crise sanitaria, con maiores dificultades no proceso de desescalada e que mantén centos de postos de traballo entre os veciños e veciñas da localidade.

IMPULSA AS PONTES. Trátase dun proxecto de carácter transversal orientado á dinamización económica da vila nas áreas do comercio, a hostalaría e o turismo. A través deste programa, o grupo de goberno local busca dotar aos profesionais dos sectores máis afectados pola pandemia, de ferramentas que lles permitan saír nas mellores condicións da situación actual, ofrecéndolles un asesoramento individualizado e específico de cara á mellora a súa



competitividade.

Na súa primeira fase, o programa estará orientado ao sector do comercio e hostalería e botará a andar cunha diagnose que ten como obxectivo poder coñecer a situación na que se atopan os establecementos participantes na estratexia, para pasar despois a unha etapa de formación conxunta para mellorar as capacidades e facer fronte á situación actual. Despois, o programa chegará a unha etapa de asesoramento individualizado, realizando un acompañamento e seguimento a cada un dos comercios e pequenos negocios participantes para definir o seu plan de mellora, as accións que deben implantar para aumentar a súa competitividade.

PLATAFORMA. A última fase do programa Impulsa As Pontes será a de promoción conxunta e a creación dunha plataforma de venta online, a través da que o Concello das Pontes quere contribuír a reducir o impacto do coronavirus na economía das persoas autónomas e pemes do municipio e fomentar a transformación tecnolóxica dos comercios para impulsar o aumento do consumo.

VOLTAREMOS. Baixo o lema Volveremos o Concello das Pontes impulsou un vídeo a través do que quere agradecer á veciñanza do municipio o seu comportamento durante o Estado de Alarma e o respecto polas normas de mobilidade e seguridade establecidas polas autoridades sanitarias.

ABADÍN

MÁSCARAS. O alcalde de Abadín, José María López Rancáño, anunciou que se fará un novo reparto de máscaras nos supermercados, taxistas, estación de servizos, centro médicos, etc correpondéndolles unha por cada persoa censada. Ademais, tamén terán máscaras os pequenos do concello que tamén recibirán pantallas para dobre protección. O primeiro reparto de máscaras levou-

se a cabo a finais do mes de abril. Así mesmo, o alcalde relatou que están a facer a instalación dun sistema de desinfección de beirarrúas nunha furgoneta pick up para poder seguir traballando durante as próximas demandas mentres exista risco de contaminación. Estas medidas súmanse ás postas en marcha dende o primeiro día de atención aos maiores do municipio.

RÁBADE

COMERCIANTES. A Asociación de Comerciantes de Rábade lanzou a campaña *Merca no Comercio Local*. Trátase dunha iniciativa novedosa e impulsada pola situación provocada pola pandemia de coronavirus para dar servizo aos veciños de Rábade, Outeiro de Rei, Begonte e Cospeito sen que tiveran que saír da casa. A campaña consiste na atención telefónica dos establementos partici-

pantes, que entregarán o solicitado a domicilio. Ata o de agora están dentro deste servizo Carnicería Xulfe, Alimentación Loriván, Librería Arbelos, o Estanco, Bazar Teixeira, Servizos Veterinarios Chairegos e Saneamentos Luis Díaz Díaz. A intención é seguir sumando establecementos e prolongar o sistema durante o tempo.

FESTAS. Tras moita preparación non vai ser posible que Rábade conemore como tiña previsto o 30 de maio o aniversario do recoñecemento de Concello para esta localidade, que tivo lugar no ano 1925. A situación provocada polo coronavirus impide a celebración na data eleixida e aínda non se sabe si se aprazará no tempo ou se suspenderá ata o ano que vén.

MÁSCARAS. A Policía Local de Rábade fixo unha entrega de máscaras protectoras adquiridas polo Concello, priorizando a entrega as persoas de maior risco, maior idade e me-



nor capacidade para adquirilas por outros medios, ou que desenvolvan actividades de contacto co público. Este material será entregado a todos os veciños que o precisen, nos vindeiros días.

Por outra banda, fixo un segundo reparto de máscaras infantís entre a súa poboación menuda, máscaras coas mesmas características das repartidas aos adultos.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA
FICHAS REVUELTAS
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
PASTAS CON SALSA VARIADA
ALCO PARA

NUESTRA CARTA
BACIONES
ALCO PICA
SABOREAR
TORTILLAS
PATATAS
RAXO
COMPARTIR TAPAS



Compite Vilalba

Novas oportunidades para o comercio



O Concello de Vilalba pon en marcha o programa Compite Vilalba. Novas oportunidades para o comercio que procura dar ferramentas aos comerciantes e hostaleiros para encarar con forza a saída da crise económica.

Participa neste programa municipal de apoio ao comercio e toma as medidas que fagan o teu negocio máis competitivo e atractivo para os clientes.

Localiza puntos de mellora, fórmate e apóiate en expertos para levar adiante as accións que te fangan máis competitivo.



Concello de Vilalba

Descrición do proxecto

O cambio radical que supuxo a chegada do COVID-19 afectou de xeito especialmente importante a diversas ramas da economía entre as que se atopan o comercio, a hostalaría e as actividades turísticas.

Estes sectores, debido ás restricións que se aplicaron para o movemento da poboación, viron como, dun día para outro, o mercado, ou ben mudaba de xeito radical ou incluso chegaba a deterse por completo.

A situación na que se atopa o mercado permanecerá uns meses pero, transcurrido ese tempo, volverá pouco a pouco a recuperar a normalidade.

É por este motivo polo que, dende o Concello de Vilalba, pónse en marcha este plan co obxectivo xeral de apoiar a estes sectores afectados, mediante o deseño de accións encamiñadas a encarar a situación actual e prepararlos para poder afrontar o período post-COVID.

O proxecto está orientado a mellorar a competitividade das empresas mediante a realización dunha diagnose de situación; para despois pasar a unha fase de formación e a realización dunha campaña de promocións.

O esquema do proxecto é o seguinte:

Diagnose

Formación

Asesoramento

Plan de mellora

Plan de promoción

Plataforma de venda

Para inscribirte

entra na web
compite.vilalba.org

ou envía un correo electrónico a
comercio@vilalba.es

GUITIRIZ

DESINFECCIÓN. Ademais dos labores de desinfección periódicas que se están a levar a cabo nas vías e no mobiliario público, así como nos contedores, o Concello de Guitiriz decidiu desinfectar todos os edificios municipais. Estes traballos foron realizados integramente polos operarios municipais.

ADIADOS. A Asociación Sociocultural Lareira de Soños dos Vilares decidiu adiar o Premio Trapeiro de Honra ao próximo ano por causa do COVID-19. Segundo explican, mantiveron o Certame Vilariñas 2020 por estar convocado antes do confinamento “pero non sabemos tampouco cando poderemos facer o acto de entrega de premios. Agardemos que todo vaia voltando á normalidade e poidamos recuperar



habilitou unha conta bancaria para que, quen o desexe, poida realizar o donativo que estime oportuno e que será empregado para facer fronte ás novas situacións de emerxencia xeradas polo COVID-19 no municipio. O número de conta habilitado é o ES20 2080 0122 4631 1000 0022 e a primeira doazón é de 1.060 euros, correspondente á achega económica dos concelleiros pola asistencia ao último pleno.

AUTONÓMOS. O Concello de Guitiriz entregou material a todos os autónomos, concretamente 1.740 máscaras, 400 guantes, 3 pantallas faciais, 20 dispensadores e 23 botes de xel hidroalcohólico. Ademais, nos próximos días aprobarán unhas axudas para este colectivo que serán financiadas polo POS.

BNG. Xosé Lois Souto Pereira, voceiro municipal do BNG propuxo diferentes medidas para facer fronte á xestión da crise sanitaria entre elas a de instar á Xunta de Galiza un Plan galego de reactivación, económica e social, no que a través deste, se poidan establecer diferentes liñas de axudas. Dito plan debe contar co consenso das distintas administracións, forzas políticas, sectores e axentes sociais.

as actividades de sempre e outras novas”.

O Concello de Guitiriz tamén acordou suspender a Festa da Torta do Millo 2020, que este ano cambiara de data e estaba previsto que se celebrase o sábado 30 de maio. Tamén foi adiada a Festa da Fala que organiza Xermolos.

DONATIVOS. O Concello de Guitiriz

XERMADE

MÁSCARAS. Debido ás recomendacións do uso de máscaras de protección para toda a cidadanía, o Concello de Xermade sumouse á medida tomada por outras localidades e está a repartir entre todos os seus veciños este tipo de material. O reparto estase a levar porta a porta por membros de Protección Civil entre os 1.800 veciños. Tamén repartiron polas casas máscaras de protección apropiadas para os nenos. O Concello recibiu a través dunha doazón da empresa HUSO 29 Renovables.

DIETAS. O primeiro Pleno telemático da historia de Xermade aprobou por unanimidade a proposta socialista para modificar o réxime retributivo da Corporación, eliminando o dereito ao abono de asistencias a órganos colexiados dende o 16 de abril ao 31 de xullo de 2020. Ademais, avanzou que a dedicación parcial do concelleiro de Medio rural, Emprego, Infraestruturas de Auga, Sumidoiro, Alumeado Público e recollida de RSU, Medio ambiente e Forestal de Medio rural, José Prieto Barro, redúcese nun 25% durante os meses de abril, maio, xuño e xullo.

POL

RESIDENCIA DE MAIORES. O persoal do Parque Móbil da Deputación desenvolveu un novo reparto de material de protección fonte ao COVID-19 nos catro centros de atención a maiores de titularidade provincial. Entregáronse 11.500 unidades, que se repartiron de maneira proporcional seguindo os informes técnicos do servizo de Benestar Social nas residencias. Na de Pol recibiron 1.000 mascarillas cirúrxicas, 300 mascarillas FFP2, 60 mascarillas FFP3, 900 calzas, 600 gorros e 2 xeles hidroalcohólicos de 1 litro.

CONCENTRACIÓN PARCELARIA. A Consellería do Medio Rural anu-



lou a toma de posesión dos novos propietarios sobre os predios resultantes do proceso de concentración parcelaria na zona de Santo Estevo de Pol, prevista para o día 1 de maio. A toma de posesión quedou posposta para outra data, que será notificada aos propietarios de forma individual.

FRIOL

ORDENADORES. O equipo de Goberno do Concello de Friol decidiu poñer ao dispor de todos os alumnos do municipio que non teñen conexión a internet nas súas vivendas un módem wifi. Este dispositivo entregouse por parte do Concello nas propias vivendas, coa finalidade de que resulte o máis cómodo e fácil de instalar e usar. Dispoñerán de datos ilimitados con tan só enchufalo, para poder realizar as tarefas que os docentes lles envían de forma telemática, durante este período de confinamento.

PANTALLAS. O Concello de Friol recibiu 100 pantallas de protección doadas pola empresa Jim Sports. Este material foi repartido por operarios municipais entre os establecementos que están abertos ao público co obxectivo de facilitar a atención aos clientes coa maior seguridade posible para todos fronte ao COVID-19, complementando o uso das máscaras que xa se están usando en todos os establecementos do municipio.

DESINFECCIÓNS. O Concello e en colaboración coa Xunta de Galicia mantén tanto os edificios como as zonas públicas do municipio, desinfectados e protexidos para mini-



mizar ao máximo as posibilidades dun posible contaxio. “Estas medidas adoptadas desde o Concello de Friol conseguiron que este sexa un dos poucos municipios galegos que se librou do ataque do COVID-19, non contabilizando ningún contaxiado ata a data”, conclúe o alcalde.

MÁSCARAS. O equipo de Goberno fíxose cunha partida de material de protección prioritario, como son máscaras e luvas para repartir entre a poboación municipal. O reparto fíxose por parte dos membros do equipo de Goberno acompañados por persoal de mantemento e de Protección Civil do Concello.

O alcalde non deixa de agradecer o material que recibiu do Goberno de España que cualificou se “completamente insuficiente e de baixa calidade”, ademais de vir tarde.

A PASTORIZA

MÁSCARAS. O Concello da Pastoriza procedeu ao reparto de máscaras de protección contra o coronavirus a domicilio para todos os nenos e nenas de 3 a 12 anos. Os que desexen que se lles faga entrega da mesma poden chamar ao 982 332 197 de 10.00 a 14.00 e deixar os datos, nome, idade e domicilio.

Con antelación, a agrupación socialista da Pastoriza mercou un total de 3.000 máscaras de protección que comezou a repartir entre todos os veciños das parroquias. As membros do goberno local comezaron o reparto pola parroquia da Rigueira porta a porta “xa que queremos evitar o traslado das persoas dun lugar a outro para ter que reco-



llelas e que poidan poñer en perigo a súa saúde”, explican.

DESINFECCIÓN. O Concello mantivo en todo momento un labor continuado de limpeza nas zonas de máis tránsito e tamén mercou uns pediluvios para os comercios que estiveron abertos.



TODO EN ALIMENTACIÓN
Refrigerados y Congelados

**AHORA MÁS QUE NUNCA,
AL LADO DE
NUESTROS CLIENTES**

Polígono Industrial, P. 47 B - 27800 Villalba (Lugo)
982 51 06 75 - 635 46 28 77 / info@representacionescabarcos.com
www.representacionescabarcos.com

Apoio ao desenvolvemento económico

A Deputación ofrece asesoramento gratuito a autónomos, pemes e desempregados para afrontar a crise do COVID-19

A Deputación de Lugo, a través da Axencia de Colocación, ofrece un servizo público e gratuito de asesoramento e apoio a autónomos e PEMES, a emprendedores e a demandantes de emprego para axudarlles a facer fronte á nova situación socio-laboral provocada pola crise sanitaria do COVID-19.

A institución provincial orientou esta oficina, que leva funcionando dous anos, para que, ademais de continuar cos recursos que xa prestaba, sexa o máis útil posible para o tecido empresarial e os desempregados na actual coxuntura ofrecendo información de utilidade e apoio específico ante a pandemia ao tecido empresarial e aos desempregados.

As persoas interesadas poden encontrar toda a información na páxina web da Deputación (www.deputacionlugo.gal). Para recibir axuda e asesoramento a Axencia de Colocación ten habilitado o teléfono 982 260 204 e o correo electrónico agenciadecolocacion@deputacionlugo.org.

Dende os seus inicios no ano 2018, ofreceuse asesoramento profesional a preto de 3.000 persoas de forma presencial e atendéronse 2.350 chamadas. Este servizo recibiu máis de



O presidente da Deputación, José Tomé, xunto a unha traballadora da Axencia de Colocación, nunha imaxe de arquivo

A través da Axencia de Colocación, a institución provincial presta un servizo público de información e apoio ao tecido empresarial e aos demandantes de emprego

ladar os seus currículos á Axencia de Colocación, que os porá en contacto con empresas ou colectivos que busquen perfís laborais de acordo cos seus.

CONVENIO. De maneira complementaria ao servizo da Axencia de Colocación, a Deputación ofrece outra prestación de asesoramento sociolaboral

gratuito en colaboración co Colexio de Graduados Sociais da provincia de Lugo, neste caso para os lucenses en situación de vulnerabilidade ou con escasos recursos. O servizo, que conta con colexiados expertos en dereito do traballo e da Seguridade Social, ofrece atención individualizada e parte da necesidade detectada en numerosos traballadores e mesmo

pequenas empresas, que debido á crise atópanse en situación vulnerable, con escasos medios para acceder a asesoramento especializado nas materias que máis lles preocupan.

Este servizo, de balde para os usuarios e usuarias, ofrécelles a estes cidadáns un soporte no que podan asesorarse sobre as directrices á hora de xestionar as súas cuestións labo-

rais e sobre dereitos ou coberturas sociais, así como trámites e xestións, a través de profesionais expertos nestas materias, como son os graduados sociais.

Neste caso, os números de teléfono de contacto son o 982.211.503 e 982.26.02.04 e as direccións de correo electrónico: pae@deputacionlugo.org e graduadoslugo@yahoo.es.

3.600 solicitudes de persoas que estaban no paro ou que buscaban mellorar a súa situación laboral, conseguindo inserir no mercado laboral a máis de 360 desempregados.

A Axencia de Colocación, dispoñible para todos os veciños e veciñas da provincia de Lugo de xeito gratuito, traballa en diferentes eixos, e faino co obxectivo de favorecer a inserción no mercado laboral das persoas que buscan emprego, e axudar ás empresas ou entidades que estean a buscar novos traballadores a casar oferta e demanda. Nesta liña, as empresas ou colectivos da provincia que necesitan traballadores poden trasladar os perfís laborais que requiren, e a través desta plataforma os axentes de empregos ofrécelles candidatos que cumpran cos requisitos da selección. Agora tamén ofrece asesoramento laboral relativo ás situacións de ERTE provocadas pola crise sanitaria; sobre como poder adaptarse á nova situación ou con que axudas poden contar os autónomos ou as PEMES. Por outra banda, os veciños da provincia, desempregados ou non, poden tras-



A Axencia de Colocación durante a xornada de benvida ao alumnado do Campus de Lugo deste último curso

testemuñas

CEIP ANTONIO INSUA BERMÚDEZ

O Anpa do Ceip Antonio Insua Bermúdez de Vilalba tivo unha iniciativa para premiar ós seus pequenos, “xa que merecen un detalle polo enorme esforzo que levan feito”; e coa colaboración da costureira local Mari Carmen, “que aceptou encantada e aporta o seu traballo de forma desinteresada”, están a confeccionar máscaras para regalar a cada pequeno. As máscaras son de tea de algodón cun espazo intermedio para introducir un filtro, seguindo as recomendacións que o Ministerio de Sanidade indicou para este tipo de máscaras caseiras. Ademais, enviouse un formulario a todos os socios para que cubriren e así solicitar as máscaras e poder realizar a súa entrega aos domicilios correspondentes. Ante a complexidade de que a directiva da Anpa puidese realizar a entrega das máscaras nas parro-



quias, a Cruz Vermella aceptou colaborar e será quen se encargue de repartilas. A Anpa realizará a entrega no centro urbán e tamén haberá un punto de recollida no local Customize. “Dende a Anpa queremos agradecer a todos os que colaboran nesta iniciativa, Taller de Costura Mari Carmen, á Cruz Vermella, e a Customize”.

MERCA NA TERRA CHÁ

Comercios da Terra Chá puxeron en marcha unha iniciativa nas redes sociais para poñer en valor os distintos negocios da comarca, a maioría dos cales tiveron que pechar as súas portas dende mediados de maio polo problema da alerta sanitaria. Así, en Facebook creouse un grupo co nome de Merca na Terra Chá da man de Yolanda Cabana, empresaria de Castro de Rei, no que están invitados a participar todos os negocios da comarca, así como veciños e residentes. O obxectivo é que o usuarios lembren que teñen un comercio de proximidade ao que recurrir cando a situación mellore. Así, tamén serve de plataforma para que os autónomos e empresarios fagan chegar a súa situación e presenten o seu negocio e “podan darse a coñecer, para cando todo esto pase intentar mercar o máximo no noso entorno e axudarnos entre todos”. No grupo están prohibidas as polémicas políticas, os cruces de acusacións e os bulos, para centrarse no apoio do sector nestes momentos



difíciles. Por iso porán en marcha cadeas de axudas para aqueles que teñan problemas de subministro ou de calquera outro tipo e están en proceso de expandirse para chegar a todos os rincóns e impedir deste xeito “o peche definitivo dos negocios chairegos”. A iniciativa estendeuse a máis concellos, así naceron tamén outras páxinas de promoción como a do concello de Meira ou de Cospeito, seguindo ambas xa exemplos como o realizado nas Pontes.

ZOOLOXICO DE MARCELLE

O parque zoológico Marcelle Natureza de Outeiro de Rei, onde viven un total de 260 animais de 53 especies, viu truncado o inicio da súa tempada alta coa declaración do estado de alarma. Deste modo, tendo que pechar as portas, a problemática era mandar a alimentación constante dos seus animais neste tempo no que os ingresos do parque víronse totalmente eliminados. A primeira medida foi facer un chamamento a empresas do sector alimentario para que, durante este período, se facilitasen parte dos excedentes para a alimentación dos animais. Solicitan neste sentido refugallo de pito ou outros animais, así como froita ou verdura que, aínda que está en boas condicións, polo seu aspecto ou nivel de maduración xa non vai ir destinada ao consumo humano, ou mesmo pensos.



Marcelle Natureza é un parque totalmente privado que vive dos ingresos dos visitantes, cartos que tamén se utilizan para o mantemento das instalacións. Non só perderon as entradas da Semana Santa, senón tamén moitas das excursións que se realizan durante o ano por parte dos escolares e que xa estaban confirmadas ata xuño.

María Dolores Guitián, responsable do parque indica o papel que desde estas instalacións realizan para a conservación e coidado de diferentes especies. “Os nosos animais non están unicamente de exposición, senón que unha gran parte son exemplares que veñen de centros de rescate e de recuperación de fauna salvaxe”, subliña. Pero non é esta a única medida que se puxo en marcha xa que tamén, por suxestión de amigos e simpaticantes, púxose en marcha un sistema de vendas anticipadas on line que lles permite manter ingresos mentres non se volve abrir ao público. Deste xeito, as entradas só as individuais, poden facerse efectivas ata o 8 de decembro do 2021. Se venden a un prezo de 13 euros para maiores de 14 anos e de 10 para os que teñen entre 4 e 14.

CEIP MONSEIVANE

Dada a situación de corentena e “tentando cumprir coas indicacións recibidas dende a Consellería de Educación”, no Ceip Monseivane decidiron facerlles chegar ás familias un paquete con material escolar debido a que “nas zonas rurais nas que viven a maioría non goza dunha boa conexión a Internet e moitos só dispoñen dun móbil que, en ocasións, teñen que compartir con irmáns”. Esta medida, que explicou a súa directora, Irene Díaz, consistiu en acudir ao longo dunha semana ás distintas casas dos escolares para facer entrega destes materiais posibilitando así a continuación do terceiro trimestre en igualdade de condicións. “Con esta iniciativa pretendemos facer chegar unha mensaxe de ánimo a toda a comunidade educativa, coñecer de primeira man cales son as necesidades das familias e ofrecerlles recursos do centro que poidamos dar ou prestar durante esta cuarentena”. A dirección do colexio tamén lle



fixo chegar neste envío o material que quedou nas aulas antes do peche ademais doutros recursos para aquelas familias que non dispoñen de medios acomodados para seguir as rutinas diarias recomendadas polos equipos docentes. Inclúe ademais recursos lúdicos cos que o alumnado poida aprender e divertirse incluso coa participación de toda a familia, naqueles casos que sexa posible. E neste paquete non faltaron sorpresas como unha carta dos mestres e do Ratiño Pérez. Posteriormente, varios centros tomaron esta mesma iniciativa.

VOLTAREMOSXUNTOS

Os hostaleiros de Guitiriz aproveitaron este tempo de reclusión para achegarse de xeito máis directo aos seus clientes a través dunha plataforma de nova creación, baixo o lema #VoltaremosXuntos, na rede social Instagram. A programación principal desta iniciativa, outra de moitas creativas para manter a unidade con veciños e amigos, consiste na realización de directos, que comezaron cun vídeo de proba e que agora contan cun horario institucionalizado todos os martes e xoves ás 22.00 horas e os domingos ás 16.00 horas. Estas charlas realízanse entre dous ou tres persoas, sempre algún veciño da localidade e os temas a falar son moi diversos co obxectivo de socializar nestes tempos de reclusión e simular unha charla de bar. Os impulsores desta iniciativa son o hostaleiro Chito Corbelle, Andrés Fernández e Pilar García e xa pasou por esta rede xente como a médica Eva López, Alfonso Blanco e moitos máis, contando experiencias dende o seu lugar de residencia, que nalgúns casos é o estranxeiro.

O máis importante de todo é que a xente pode participar nesta plataforma, sumarse e facer cousas. Nela xa se poden ver tamén vídeos de ánimo. Pero non é esta a única actividade que se realiza. De feito, os domingos hai sesión vermú veciñal na contorna do campo da feira de Guitiriz. Ademais, todos os días ás 20.00 horas, dende o restaurante O Korreo, xunto aos aplausos, faise soar *Resistiré* e outra peza para a que se aceptan peticións da audiencia.

GRUPO FÓRMA-T

O grupo Forma-T, con sedes en Vilalba e Meira, dará comezo á súa actividade formativa cun curso de Prevención de Riscos Laborales, que terá unha duración de 60 horas, 20 das cales serán presenciais e outras 40 on line. O curso está dirixido aos sectores do Metal, Construción e Madeira e actualmente están en período de formación de grupos polo que os interesados en participar poden poñerse en contacto con eles.

TAPAS DESAYUNOS
CAFÉS RACIONES
PINGHOS CENAS
BOCADILLOS TOSTAS

A TABERNA DE PANCHO

Avenida de Galicia N° 15-17 bajo. (As Pontes)
 Tlf: 981074524

#quedanacasa • #atabernadepanchoquedanacasa

IES LOIS PEÑA NOVO

O IES Lois Peña Novo está a colaborar na produción de pantallas de protección facial, poñendo á disposición dun grupo de voluntarios de Vilalba as súas impresoras 3D xunto con bobinas de filamento e acetatos transparentes.

Este grupo de voluntarios denomínase Makers Vilalba, e trátase dun grupo de voluntarios que se organizaron a través dun grupo de whatsapp, todos eles residentes en Vilalba:

Miguel Calvo (profesor do CIPF FerrolTerra), Jorge Paz (ex alumno do centro), Chavi Díaz, Christian Hermida, Roberto Cordal, Juan Pernas (profesor do IES) e Germán Feijoo (tamén profesor).

Unha vez feitas as entregas pendentes, levarán feitas máis de dúas mil pantallas e mil salvaore-



llas (necesario para persoal sanitario que ten todo o día a máscara posta).

Traballan con 10 impresoras 3D, 3 das cales son do IES Lois Peña Novo.

Parte das donacións veñen tamén de empresas que piden cantida-

des grandes e queren axudar cos gastos, e con iso se merca máis filamento e acetatos, incluso pezas de reposto, pois as impresoras están a traballar as 24 horas. De feito, xa cambiaron varias sondas de temperatura. Algunhas empresas donan material coma acetatos e gomas.


Teñen fabricadas pantallas enviadas aos traballadores do laboratorio LIGAL, e outras tantas que serán entregadas próximamente; as traballadoras da Residencia da 3ª idade de Vilalba; para un centro de nenos discapacitados de Vigo; a diferentes especialidades do persoal do HULA; ao Xerátrico de Castro; a un Centro de Maiores e para farmacias, supermercados, tendas varias e outros negocios.

JOSÉ CUBA, LOITADOR

Para os deportistas de alto rendemento o estado de alarma e a posterior corentena significou un gran cambio na súa rutina de adestramentos. Un exemplo de cambio foi o que viviu o loitador vilalbés José Cuba, que segundo el mesmo explicou, trasladou os seus adestramentos á casa.

Tras tantos anos como deportista, xa contaba con material para adestrar pero xa antes de que se decretara o estado de alarma o propio club tiña acordado recluírse na casa durante dúas semanas para evitar contaxios polo que xa contaba co material que lles subministrara o club.

Así que a súa rutina dividiuse en dúas quendas de adestramentos, unha pola mañá con exercizos libre



e outra pola tarde a través de videoconferencia co seu adestrador. Para Cuba non significou unha perda importante “xa que estamos todos igual”. Explica que a maioría dos deportistas de loita de todo o mundo están facendo os adestramentos na casa xa que todos os

centros de tecnificación están pechados.

Para continuar agora no tempo de desescalada, aínda que Cuba xa pode saír a adestrar unha hora todos os días como os demais, está á espera de que se abran de novo as instalacións municipais, por acordo do Concello vilalbés, xa que é onde eles adestran a diario.

Ademais, Cuba conta coa vantaxe de que ao final decidiron aprazar un ano os xogos olímpicos de Xapón polo que “terei tempo para recuperarme ata que teñamos a próxima competición importante que está prevista para finais de ano”.

Cuba aínda ten pendente a clasificación para Xapón e quedánlle oportunidades para lograrlo.

MONCHO E SANTOMÉ

Electricidad Moncho e Santomé é unha das empresas vilalbesas que tamén tivo que pechar unha parte do seu negocio debido á pandemia. De feito, a tenda de atención ao público tivo que pechase e quedou o servizo de urxencias de avarías que se atendía polo almacén.

Aínda así seguiron traballando, “aínda que non co mesmo volume” en obras e empresas respectando as distancias de seguridade e protección contra o contaxio.

Como especifica Cosme, “sempre hai cousas que facer pero baixou moito o traballado tamén é certo”. Aínda así non fixeron reestruturacións nas plantillas pero non descartan tomar algunha medida se a situación de prolonga no tempo. Agora, Moncho Santomé estase a converter nun referente na ven-



da de máquinas de desinfección a través de ozono. Estes sistemas de eliminación de virus, bacterias e olores xa se levaban tempo utilizando pero coa chegada do coronavirus estanse a vender de forma masiva xa que poden adaptarse tanto a empresas industriais como a pequenos comercios e locais.

Este sistema xera ozono, que limpa o aire e o purifica en sesións totalmente programables. Ten que facerse sempre cando non hai xente no local e ten uns resultados eficaces ao tratase dun desinfectante totalmente ecolóxico.

Como explica Cosme as vendas estanse disparando e agora mesmo están vendendo continuamente este tipo de máquinas que teñen un prezo de 750 euros para as zonas industriais e de 185 euros para os locais comerciais.

O importante é que se trata dun sistema de instalación moi sinxelo e que se configura a medida.

Cosme anima a todos os que o desexen a informarse sobre o sistema e lembra que “ánimo a todos, que nunca choveu que non escampara”.

Inmobiliaria JRoca
ROCA ABOGADOS

Ameneiro s/n, Guiriz
Casa rural | 3 Dorm | 2 Baños | 246m² **155.000€**
A unos 4 Km de la localidad de Baamonde y de la A-6, se vende casa rústica de 4 dormitorios, sala, cocina, 2 baños y otras dependencias. Tiene una finca de 39.000 metros cuadrados. Ideal para alguien que tenga caballos.

Goiriz - Liñares 15, Vilalba
Casa / Chalet independiente | 5 Dorm | 5 Baños | 476m² **390.000€**
En la localidad de Goiriz, a unos 4 km de Vilalba (Lugo), se vende chalet individual, con fachada en piedra, 5 habitaciones y sala, 5 baños, garaje, 2 cocinas y una finca de 2.500 metros. La propiedad tiene, a mayores, en las cercanías una nave de unos 180 metros, que se vendería también si el comprador estuviese interesado.

LU-P-6502, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 500m² **90.000€**
Se vende solar en esquina de la calle Ciudad de Viveiro con calle Castela. Se venden 500 metros cuadrados con 21 metros de fachada a la calle Ciudad de Viveiro y 27 metros de fachada a la calle Castela. El precio total son 90.000 euros. También se vende fraccionadamente en un solar de 203 metros y otro de 296 metros. En cuyo caso el precio es 45.000 euros por cada uno.

LU-P-6506, Vilalba
Casa rural | 3 Dorm | 1 Baño | 160m² **130.000€**
Se vende casa a reformar con un terreno situado en núcleo rural, donde se permite edificar viviendas unifamiliares en parcelas de 1500 metros. Por tanto, dado el tamaño de la finca se podrían sacar dos o tres parcelas más, a mayores del terreno donde se ubica la casa antigua. Esta ubicada a unos 4 km del centro de Vilalba y a unos 500 metros de la carretera que va de Vilalba a Rabade.

Calle Plácido Peña 107, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 120m² **45.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso segundo, sin ascensor, de 3 habitaciones y sala, un baño y cocina. Tiene la cocina y la sala amuebladas.

Leiras de Arriba, Abadín
Casa rural | 3 Dorm | 1 Baño | 200m² **15.000€**
Casa rural en el municipio de Abadín, parroquia de Montouto. La casa precisa reformas.

Lugar O Campo 2, Xermade
Casa rural | 2 Dorm | 1 Baño | 89m² **36.000€**
En la parroquia de Cazas, municipio Xermade (Lugo), se vende casa rústica para reformar. La finca de la casa tiene 4.800 metros y sobre ella, además de la casa, hay un hórreo y diversos alpendres.

Suso Gayoso 11, Vilalba
Local | 280m² **210.000€**
Se vende o alquila local en esquina en el centro de Vilalba (Lugo), tiene 140 metros en planta de calle y 144 metros en el sótano. Se trata de la antigua oficina del Banco Santander.

Carrizo s/n, Vilalba
Casa / Chalet independiente | 4 Dorm | 3 Baños | 280m² **149.000€**
En la parroquia de Santaballa, (Carrizo), a unos cinco kilómetros de Vilalba (Lugo) y a medio kilómetro de autovía Ferrol-Vilalba, se vende chalet en construcción para ser terminado por el comprador, con fachada en piedra, de unos 280 metros y con una finca de 3100 metros. Se encuentra cerca de la charca del Alligal y del Hotel Spa África.

Muras 2, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 80m² **95.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.

Campo de Arriba, Begonte
Casa rural | 3 Dorm | 2 Baños | 200m² **175.000€**
Se vende casa de 70 metros cuadrados por planta, con un alpendre de 90 metros y una palleira de 67 metros. Tiene una finca de 13000 metros, de los cuales una buena parte está plantada a pinos y otra parte a frutales. La casa está situada a unos 200 metros de la capilla de los Milagros, en la parroquia de Saavedra. La cual, a su vez, está a unos 5 km de la A-6.

Inmobiliaria JRoca C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

ROCA ABOGADOS

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720
www.rocaabogados.info

Unhas Letras Galegas virtuais

A Real Academia Galega adicará a Ricardo Carvalho Calero a súa homenaxe anual, que se pospoñerá ata o 31 de outubro

A Real Academia Galega adicará o Día das Letras Galegas de 2020 a Ricardo Carvalho Calero nado en Ferrol en 1910 e finado en Santiago de Compostela en 1990), que dende o ano 1981 asinou as súas obras e escritos como Carvalho Calero.

Por mor da pandemia a Academia anunciou que por primeira vez nos seus 57 anos de historia o Día das Letras non se celebraría o 17 de maio, trasladándose no seu lugar ao 31 de outubro, xusto un día despois do 110 aniversario do homenaxeado, Ricardo Carvalho Calero. Así, o profesor ferrolán e unha das figuras máis relevantes da cultura galega da segunda metade do século XX, será homenaxeado.

Desenvolveu unha traxectoria vital fundamentalmente vencellada á historia do galeguismo no pasado século XX: foi na mocidade membro do Seminario de Estudos Galegos e colaborador da revista Nós, participou na redacción do Estatuto de Autonomía de 1936 e, xa no exilio interior, implicouse activamente nas estratexias de recuperación do idioma propio. Membro da Real Academia Galega, destacou tanto no ámbito da creación literaria como na crítica e na investigación filolóxica, converténdose en 1972 no primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galegas.

VIDA. Medrou en Ferrol, rematou o bacharelato na Coruña e en 1926 marchou estudar Dereito e Filosofía a Santiago de Compostela, onde mantivo unha intensa actividade intelectual e política: entrou axiña en contacto co galeguismo artellado arredor do Seminario de Estudos Galegos e cultivou un estreita relación

con Vicente Risco, Castelao, Ramón Otero Pedrayo e outros mestres da Xeración Nós.

Nesta etapa redactou un manifesto sobre a galeguización da universidade e participou na fundación do Partido Galeguista e no proceso de redacción do Estatuto de Autonomía para Galicia. Dos anos de mocidade son ademais as súas primeiras obras literarias, os poemarios *Vieiros* (1931), o seu primeiro libro en galego, e *O silencio axionllado* (1934).

A guerra civil estoupou cando preparaba en Madrid as oposicións á cátedra de bacharelato, despois de acadar unha praza de funcionario no seu concello natal. Loitou no bando republicano, como miliciano primeiro e logo como tenente, e en 1939 foi detido e condenado a prisión.

ACTIVIDADES

A Real Academia Galega reforzará en Internet a celebración do Día das Letras Galegas en maio. A web primaveradasletras.gal fornecerá de recursos lúdicos e didácticos; portaldaspalabras.gal achegarase á obra do autor dende o léxico, e academia.gal ofrecerá reportaxes e entrevistas sobre Carvalho Calero e iniciativas diversas que se están a desenvolver para revivir o seu legado. A RAG programa para a serie *Unha palabra para don Ricardo*, un conxunto de minipezas audiovisuais que conforman un retrato colectivo do protagonista. Os microespazos poderán verse a través da web, nas redes sociais e serán difundidas pola CRTVG.



Dúas imaxes de Carvalho Calero, no seu despacho e, á dereita, con Cunqueiro e Fernández del Riego en Santiago



Empezaría daquela unha etapa dedicada ao ensino privado que o levaría en 1950 a fixar a súa residencia en Lugo para dirixir o Colexio Fingoi. Ese mesmo ano fundábase a Editorial Galaxia, un proxecto co que colaborou activamente. Participou na primeira xeira da Colección Grial.

No ámbito académico, en 1954 doutorouse en Madrid coa tese *Aportacións a la literatura gallega contemporánea*, en 1958 ingresou como membro de número da Real Academia Galega, e máis adiante sería o redactor, xunto a Ramón Piñeiro, das primeiras normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas por esta institución. En 1965 incorporouse como profesor interino á USC, da que foi o primeiro docente das materias de Lingua e Literatura Galegas, que se acababan de introducir como optativas nos programas universitarios; e en 1972 converteuse no primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galegas. Durante as últimas décadas da súa vida mantivo unha

intensa actividade como articulista e colaborador en prensa. En 1981 foi nomeado membro da Academia das Ciencias de Lisboa e en 1984 recibiu a Medalla Castelao.

OBRA. A súa obra transita os diversos xéneros canónicos e suma uns vinte libros. Como narrador publicou *A xente da Barreira* (1951), *Scórpio* (1987) e relatos curtos. Tamén cultivou a poesía, con títulos como *Salterio de Fingoy* (1961), ou *Reticências* (1990). Como dramaturgo: *Catro pezas: A sombra de Orfeo, Farsa das zocas, A arbore, Auto do prisioneiro* (1971), *Teatro completo* (1982). Destacan tamén os seus estudos sobre a literatura, como a *Historia da literatura contemporánea galega* (1963). Tamén salientan os estudos que publicou sobre Rosalía de Castro. Carvalho Calero é ademais autor da Gramática elemental del gallego común (Galaxia, 1966), manual de referencia para as primeiras xeracións de estudantes de lingua galega

e que atinxiu unha gran difusión, ata chegar ás sete edicións. A de 1979, a derradeira, ten cambios importantes na ortografía e en escollas léxicas e, sobre todo, morfolóxicas a raíz do cambio na concepción de Carvalho sobre o que debería ser o galego culto, xa que desde mediados da década dos 70 pasou a defender a adopción dunha ortografía próxima á portuguesa para o galego e a aceptación do portugués como referencia fundamental do galego estándar. A partir dos 70 os seus traballos lingüísticos e a exposición e propostas de orientación reintegracionista foron recollidos en volumes como *Problemas da Língua Galega* (Lisboa, 1981), *Da fala e da escrita* (1983) e *Do galego e da Galiza* (1990).

AMPLIACIÓN. O BNG xunto a moitos grupos e asociacións culturais de diferente sesgo fixeron chegar unha demanda á RAG para prolongar a conmemoración de Ricardo Carvalho Calero ao ano 2021.



CONCELLO DE CASTRO DE REI

MERCA NO TEU COMERCIO DE PROXIMIDADE

Volvemos celebrar as nosas feiras nas súas xornadas habituais



Tempo de agro



compostaxe.

A alternativa económica ao abono industrial

maquinarias.

As ferramentas recomendadas polos expertos

sector agrícola.

Os campos prepáranse para a colleita anual

novas tecnoloxías.

As aplicacións móbiles cambian a forma de traballar

veterinarios.

A importancia do benestar animal nas granxas



AGRICOLA VERES



CLAAS

G GASCOIGNE.

Oleo-Mac

efco



Avda. de Lugo, 11 - 27300 GUITIRIZ (Lugo)
Telf. 982 37 01 12 - Móvil 619 79 07 75 - info@agricolaveres.com

COMPOSTAXE

Unha alternativa económica ao abono industrial

A xestión dos residuos domésticos para a súa utilización como compost ten moitos beneficios

A compostaxe doméstica consiste na xestión dos propios residuos domésticos de carácter orgánico biodegradable producidos nun fogar ou similar para a utilización do compost resultante en labores agrarios.

Para a realización da compostaxe doméstica empréganse composteiros individuais que se colocan nas hortas e xardíns de cada casa, ou ben ao aire libre, sen ningún tipo de recipiente, amoreando os restos orgánicos en pilas. O Concello de Guitiriz continúa apostando decididamente polo seu proxecto de compostaxe doméstica, unha iniciativa que comezou en 2011 e que agora pretende que chegue a máis domicilios. Actualmente son 80 familias de Guitiriz as que están xa compostando nas diferentes parroquias do municipio. O goberno local quere aumentar esta cifra xa que está convencido de que a compostaxe da materia orgánica que xeramos nas nosas casas é unha acción real e de gran alcance para diminuír as emisións nun curto espazo de tempo. Con esta práctica redúcese o

lixo que vai ao contedor verde e, ao mesmo tempo, facilitamos a súa conversión en compost, un fertilizante para a horta que tamén pode ser utilizado como corrector da estrutura do chan ou como protector contra a erosión e o substrato de cultivo.

Ademais, para aumentar a práctica da compostaxe, o Concello de Guitiriz implantará dous composteiros comunitarios e tamén reforzará o apoio ás 80 familias que xa están a compostar. Co fin de seguir avanzando solicitaron a axuda de Sogama, que subministrará 30 composteiros.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, expresou o seu desexo de “lograr máis familias composteiras, xa que dentro da loita que se libra actualmente contra o cambio climático é unha acción que cada un pode facer nos seus fogares de xeito sinxelo e que dá uns grandes resultados”.

Adicionalmente, todos os interesados teñen á súa disposición unha páxina web específica www.compostaconsogama.gal na que se dan conta de todos os detalles da técnica de autocompostaxe, ademais de ofertar recursos de gran utilidade tales como vídeos, folletos, xogos, etc.

Por outra banda, tamén se están a facer charlas nos concellos para formar aos veciños na reciclaxe de materia orgánica no fogar, así, en Xermade fixéronse charlas na biblioteca para informar de como elaborar compost e despois fíxose unha entrega de 25 composteiros

duns 400 litros de capacidade e fabricados con materiais reciclados e reciclables.

O obxectivo é pechar un ciclo de aproveitamento dos residuos orgánicos in situ mediante a súa conversión en abono natural. Sogama tamén proporcionará ao Concello xermadés manuais didácticos de apoio para que sexan entregados aos usuarios, que lles axudarán á hora de aplicar a técnica con maiores garantías de éxito, resol-

ver dúbidas ou emendar posibles erros no proceso de compostaxe. Tamén a Asociación de Veciños de Santa Comba de Órrea organizou unha charla e mesa participativa sobre compostaxe.

Son varios os concellos adheridos ao programa de autocompostaxe de Sogama dende o 2010 como As Pontes, Muras, Xermade, Guitiriz, Begonte, Cospeito, Abadín, Castro de Rei, Meira ou Riotorto.

Son varios os concellos chairegos que apostan pola compostaxe como As Pontes, Muras, Xermade, Guitiriz, Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Meira e Riotorto



CHOLO, S.L.
(CANTERAS MONTERREI)



ARENA FINA 0-2 PARA CAMAS GANADO VACUNO E HIPICAS

982 510 611 – 639 30 56 33 / Ctra. Vilalba – Rábade, P.K. 10 – VILALBA (LUGO) / cholosl@cholosl.com

ECOESCOLAS

A promoción da produción ecolóxica entre os nenos

Ofrecen formación na que cobran relevancia conceptos como ecoloxía, consumo responsable e reciclaxe

Na ecoescola
das Pontes faise
unha formación
integral

Mellorar os hábitos alimenticios aos nenos e concienciar sobre as vantaxes de consumir produtos ecolóxicos é unha das medidas polas que se optou nos últimos anos. A antiga escola unitaria das Campeiras nas Pontes, reconvertida en aula de formación vinculada á reciclaxe, eríxese, tres anos despois da súa creación, como centro neurálxico da educación ambiental no Concello das Pontes, constituíndo ademais un punto de referencia para outros municipios, tanto dentro como fóra da Comunidade Autónoma. A aula, posta en marcha a través da Concellería de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local,

naceu co obxectivo de mostrar ós veciños e veciñas das Pontes o impacto que os residuos domésticos e urbanos teñen tanto no medio ambiente como na economía e xerar, ao mesmo tempo, actitudes positivas cara á reciclaxe e fomentar boas prácticas ligadas á xestión dos refugалlos.

A través da Ecoescola, o Concello das Pontes ofrece unha formación integral ós seus visitantes,

abordando distintas facetas da reciclaxe, do consumo responsable, a xestión sustentable ou o coidado do medio ambiente a través dun amplo conxunto de actividades dirixidas a todos os públicos. Nese sentido, Montserrat García subliña que: “O coidado do medio ambiente é unha cuestión que nos afecta a todos e require da implicación de cada un de nós. Só co compromiso

de todos os veciños e veciñas, coa súa participación activa, conseguiremos un concello máis sustentable, máis respectuoso coa contorna, máis “saúdeable e, en definitiva, o pobo que todos queremos”.

FAITE LÓXICO

É unha modalidade dirixida aos centros educativos, impulsada polo Craega dentro do programa Aliméntate Ben do Plan Proxecta. Ten como obxectivo principal fomentar o consumo de produtos ecolóxicos a través do coñecemento dos seus beneficios para a natureza. Explica a base de que os produtos ecolóxicos son os que están libres de pesticidas, aditivos sintéticos e non teñen organismos xeneticamente modificados, ademais respectan o medio ambiente. *Achegándonos á produción ecolóxica gañamos todos.*



www.hijosderamonrubalsi.es
alfoz@hijosderamonrubalsi.es

HR

*Hijos de
Ramón Rubal*

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO

VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

MAQUINARIA

As ferramentas recomendadas polos expertos

Motoserra MS 462 C-M Stihl



Recomendada para traballar no bosque, xa que ten a potencia idónea para cada traballo. Conta cun deseño robusto e de alta calidade. Sempre está a punto

grazas ao sistema M-tronic e á súa innovadora función de calibrado, pode axustarse en 72 segundos a diferentes usos e conta cun baixo peso e unha enorme aceleración.

Cortacésped de gasoliña CC351T3 Anova



É xiro cero e posúe unha estrutura de 3 rodas, polo que se converte nun modelo único e eficaz. Está destinado especialmente para xardíns con árbores ou froiteiras, pois pode bordealos de maneira moito máis precisa e

rápida. Ademais, o seu chasis é de aceiro, tan só pesa 39,2 kg e posúe función catro nun (corte, reciclado, recollida e saída lateral) que fará dos coidados de xardín unha actividade cómoda, fácil e rápida.

Tractor cortacésped Tc 138 Husqvarna



O TC 138 é un tractor de manexo sinxelo perfecto para os propietarios de xardíns de tamaño pequeno-medio. De deseño compacto, está equipado cun recolledor traseiro de 220 litros que se pode baleirar desde o propio asento. Incorpora ademais un motor de 500cc, transmisión hidrostática accionada por pedal, asento baixo e volante ergonómico.

Tractor cortacésped RT 5097 Z Stihl



Este tractor cortacésped STIHL RT 5097 Z é o de maior potencia da serie 5 con 11,8CV o que lle fai traballar mellor e máis rápido. Ten 95cm de ancho de corte e está recomendado para a sega

de praderías de xardíns ou leiras particulares sen facer un uso intensivo del. Ten as mesmas comodidades que todos os tractores 5097 e un radio de xiro igual, de 75cm.

Cortacésped Rider 214tc Husqvarna



Ten como obxectivo levar a cabo as tarefas de mantemento de xardíns residenciais. Este modelo está equipado cunha unidade de corte combinada que ofrece a posibilidade de elixir entre sistema de triturado ou de descarga traseira. Ten accesorios como o rodete ou as cadeas de neve, para poder nivelar o terreo e operar en condicións climatolóxicas adversas.



**CAIXA RURAL
GALEGA**

A nosa Caixa
www.caixaruralgalega.gal

SECTOR AGRÍCOLA

Os campos prepáranse para a colleita anual

Os profesionais ofrecen apoio na preparación das terras e nas reparacións

O sector agrícola é un catalizador económico na Terra Chá por iso, esta zona conta con moitas empresas para poder desenvolver un traballo rendable e eficiente. A finalidade das empresas do sector é realizar os traballos de preparación de terras, ensilados, desbroces e plantacións entre outros, pero tamén proporcionan as ferramentas adecuadas para cada traballo.

En Agrícola Veres adócanse á venda de maquinaria agrícola, forestal, xardinería, ordeño, recambios, etc., e contan cun taller para facer reparacións.

A primavera é a época forte na xardinería e agricultura de forraxes aínda que o resto do ano seguen facendose outros

traballos, “as campañas que se fan nestes últimos anos non son largas e tampouco son como fai anos”, din en Veres.

Polo tema do coronavirus tiveron que ter a tenda pechada pero o taller puido seguir funcionando, “así que dentro do que cabe puidemos facer algo —engade—, o tema agrícola non pode parar, se para a agricultura estamos perdidos todos”.

Traballan moito as reparacións de tractores e outros equipos pero recomenda os tractores cortacéspedes para os temas de xardinería e tamén fala dos robots cortacésped que xa levan anos introducidos no mercado, pero como di Veres “non son para o rural, son para xente que traballa na cidade e quere chegar á súa segunda residencia e ter todo listo. A xente non está volcada de momento neles xa que necesita un xardín moi ben feito, con césped e non herba natural”.

Reparaciones Carlos, en Xermar, de Cospeito, son os distribuidores oficiais de Husqvarna e adócanse á venda e reparación de todo tipo de vehículos comerciais e por suposto aos agrícolas. No tocante ao forestal venden todo tipo de ferramentas que axudan ao traballo diario de empresas e particulares, como tractores, desbrozadoras ou cortacéspedes, entre outros. O seu xerente Carlos está a preparar a campaña de verán na que “temos unha gran oferta en produtos este momento, desbrozadoras, cortacéspedes e material



para os xardíns, para que a xente poña a punto os seus terreos”. Durante estes dous meses seguiron abertos aínda que “as vendas non foron as mesmas” pero puideron manterse grazas á reparación de vehículos de alimentación.

“Nós, como distribuidores de Husqvarna, estamos a recomendar o Rider 214tc, xa que é unha moi boa máquina que tritura a herba, é moi manexable e ten moito ángulo de xiro. A xente non o coñece e moitas veces teño que facer demostracións”, di Carlos, o que diferencia a un tractor dun rider é unha simple articulación. O rider ten unha articulación que une a súa parte dianteira e a traseira e permite que o ángulo de xiro sexa practicamente inexistente.

En Recambios Rivas de Meira adócanse á venda de repostos para maquinaria agrícola, “o noso buque insignia é o recambio agrícola e todo ao que ten que ver coa maquinaria hidráulica”, di Celerino Rivas.

Ademais, dende fai tres anos

adócanse ao tema de xardinería, sopladores, desbrozadoras, cortacésped... e son distribuidores oficiais da marca Anova.

“A xardinería xa é un importante capítulo na nosa empresa”, fan demostracións nas feiras, como a de Meira, para que a xente vexa o funcionamento destas ferramentas e anímese a mercalas. “Despois de tanta crise estamos intentando diversificar un pouco, e tamén pola clientela, que nos está comezando a pedir este material”, di Rivas.

“Como pequeno comercio o coronavirus afectounos ata tal punto de ter que pechar, ao non ser maiorista a lei non nos permitiu seguir abertos”, engade. Outra das ferramentas que máis estamos a vender son as desbrozadoras e motoserras e os accesorios delas como fío, coitelas e cadeas. Aínda que afirma que a xente no rural está empezando a demandar moito o cortacésped manual porque “son moi prácticos cando hai pouco terreo como un hortiño ou un pedazo pequeno de xardín”.



NUEVO SERVICIO

Alquiler de herramientas y maquinaria de construcción y jardinería a particulares y profesionales

constru fer

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

L2 INGENIERIA

HOMOLOGACIÓN Y LEGALIZACIÓN DE VEHÍCULOS Y MAQUINAS

AGRICOLA FORESTAL INDUSTRIAL

Av. Terra chá 46, Bj B.
Castro de Riberas de Lea
606 456 856
info@L2-ingenieria.com
ivan@L2-ingenieria.com


NOVAS TECNOLOXÍAS

As aplicacións móbiles cambian a forma de traballar

Axilizan e facilitan as tarefas no agro coas mellores e máis óptimas ferramentas

BOVINO E PORCINO

VacApp. É unha aplicación de control vacún para gandeiros para xestionar explotacións extensivas. Permite ter un control exhaustivo da vacas, toros e tenreiros. O principal obxectivo é que o gandeiro coñeza toda a información do seu gando in situ e sen ningún soporte extra. Ademais, pode funcionar sen conexión a Internet. A ferramenta permite xestionar o rabaño, levar un histórico de tenreiros para ver tendencias, simplificar o papeleo do saneamento, etc. Con todos estes datos, a aplicación permite analizar o crecemento do rabaño, as vendas e todos os datos necesarios para a correcta xestión da explotación bovina.



Digitanimal. É unha ferramenta que proporciona tranquilidade e aforro ao gandeiro. As solucións serven tanto para gandería intensiva como extensiva (traballan con todas as razas gandeiras, e mesmo fauna silvestre), e baséanse en sensores aplicados en colares dos animais, que permiten controlar en todo momento onde e como está o animal, grazas a unha aplicación que rexistra




toda esta información. Esta plataforma contribúe ao benestar animal e mellora as condicións de xestión da gandería. Por exemplo, un gandeiro quere saber onde se atopa o seu gando pastando, con tan só ir ao seu ordenador, entrar na ferramenta e acceder ao mapa de localización, poderá saber onde están os seus animais, controlar a explotación e saber o estado do seu gando, desde calquera lugar e en calquera momento. Tamén conta con outras ferramentas que permiten o control reprodutivo, de engorde e o estado de saúde dos animais.

Fit Pig. Esta innovación está ideada como as pulseiras Fit Bit que utilizan as persoas para monitorar a actividade, sono, alimentación, etc. Así, mediante o uso dun sensor fotopletismográfico incrustado nunha marca aurícula contrólase a frecuencia cardíaca dos porcos na granxa. Un diodo emisor de luz no rango de infravermellos ilumina o oído do animal. Tamén se usa un acelerómetro para monitorar a actividade. Este sensor inclúe características que sexan capaces de monitorar a saúde e o comportamento dos animais. O produto está orientado para porcas nais e as primeiras semanas de vida dos leitóns. Con esta tecnoloxía preténdese mellorar a toma de decisións a pé de granxa e diminuír as taxas de mortalidade en leitóns, así como monitorar o estado sanitario dos porcos para actuar no caso de que fose necesario.

Tudder. Esta app serve para os emparellamentos das vacas e axuda


a eliminar a tensión que provoca o transporte do gando ás feiras e así o exemplar só trasladaríase unha vez: desde a súa granxa á granxa do novo propietario. Ten unha dinámica sinxela: o gandeiro entra na app onde lle aparece un amplo catálogo de exemplares vacúns (con todos os datos importantes para tomar a decisión de compra), se lle gusta a res desliza á dereita e ten a posibilidade de poñerse en contacto directo co gandeiro que a vende para pechar o acordo, se non che gusta, desliza á esquerda e segue buscando a res ideal.

De momento so existe no Reino Unido pero é unha idea moi interesante.



Agroninja Beefie. Agroninja naceu como unha aplicación que axuda no rutineiro labor de pesar ao gando vacún, que pode ser unha tarefa estresante, tanto para o gandeiro como para o gando. Por iso, desenvolveu esta solución, que só necesita dun smartphone e o sistema beefie.

Co dispositivo conectado ao móbil, faise unha foto á res, introdúcense uns datos básicos como a idade, sexo, condición corporal e raza, e o resto faíno a aplicación. O software está calibrado de tal forma que asegura unha precisión do 95%, e a capacidade de exportar os datos a unha folla Excel para levar o seguimento e planificar a granxa. Tamén permite medir a altura da cruz do animal e cos datos obtidos destas medicións ter éxito nos programas de cría de tenreiros. O seguimento continuado destes paráme-



tros produtivos levará os programas de cría a outro nivel.

OVINO

BioOvinoMobile. É unha aplicación que permite controlar a información sobre a xestión e a produción dos animais do rabaño levando un control detallado de ovellas, carneiros, a produción de leite, a produción de la, controlar os partos e o número de cordeiros de cada parto, así como rexistrar tratamentos sanitarios con datos oficiais de explotación, desde calquera lugar e con calquera dispositivo. É unha aplicación optimizada para o seu uso no campo, funciona nos casos de falta de cobertura e está deseñada para ser facilmente accesible, visible e manexable. Permite combinar os datos oficiais como a argola, a data de nacemento, a raza, o sexo, etc cos datos personalizados para a explotación configurables polo gandeiro.

OvinoVet. Os usuarios dispoñen dunha guía de patoloxías propias dos ovinos e caprinos, coa súa etioloxía, síntomas clínicos, diagnóstico, tratamentos e fotos das patoloxías, que poderán contribuír co status sanitario do rabaño, volvendo a ser cada vez máis produtivos e competitivos.

AVÍCOLA

Podoscope. A pododermatitis causa lesións na superficie plantar dos pitos de engorde. A ocorrencia e severidade das lesións utilízase na Unión Europea como indicador xeneral do benestar. Esta app é unha práctica

Nos últimos anos
desenvolvéronse
distintas
apps para os
diferentes tipos
de gandarías

Patatas
Vilalba, S.L.

Tels.: 651 037 211
982 512 542
Polígono Industrial
27800 VILALBA (Lugo)

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



ferramenta de toma de decisións que identificar os puntos de mellora (por exemplo, características da nave e a xestión técnica) e, o que é máis importante, permite priorizar as medidas correctivas mediante a avaliación do seu impacto potencial na taxa de pododermatite. Esta ferramenta foi desenvolvida despois da análise de 3500 lotes de pitos de engorde e validado por un estudo de campo que incluíu 120 lotes. Predice exactamente a taxa potencial de pododermatite. Esta app está deseñada para os asesores técnicos e os avicultores de produción de carne.

Dixital YolkFan. Permite medir con exactitude e de maneira obxectiva a cor da xema do ovo de mesa, usando o abano de cor ou escala DSM. O Colorímetro Dixital para a xema do ovo é un equipo totalmente



portátil que facilita o traballo en calquera ambiente. Durante o proceso bloquea todo tipo de luz ambiental o que permite ter medicións exactas e precisas, as cales son transmitidas directamente á celular vía bluetooth usando as aplicacións dispoñibles iOS e Android. Conta con batería recargable mediante porto USB. Coas súas capacidades de administración e almacenamento de datos, os avicultores poden facilmente controlar e rexistrar os datos de escaneado da cor da xema de ovo mediante follas de cálculo estándar.

AGRO

Bayer TurfXpert. É unha das aplicacións para agricultura máis completas sobre enfermidades do céspede e pragas de insectos. Contén imaxes en alta resolución que identifican as principais malezas. Con esta app pódense diagnosticar enfermidades seguindo un proceso simple de 4 pasos. No caso de malas herbas o proceso é aínda máis sinxelo. Ademais, se non se pode identificar o

problema, existe a opción de enviar unha foto ao servizo técnico. A app tamén ten consellos útiles sobre o ciclo de vida dos insectos ou consellos para combater pragas.

Farm Manager. Esta aplicación está deseñada por e para agricultores polo que resulta de total utilidade. A app axuda ao produtor a organizar as súas sementas co obxectivo de obter unha maior rentabilidade. Permite crear un historial sobre o uso de fertilizantes (engadindo data de aplicación e tipo de produto) e tamén xestionar un seguimento do uso e mantemento de todas as máquinas. Tamén, é unha aplicación práctica na que se pode anotar os recambios para tractores que se están adquirindo e así levar un control exacto de toda a maquinaria.

SiAR. É unha aplicación do Ministerio de Agricultura e serve para xestionar un programa de regadíos, xa que calcula as doses de regos e necesidades hídricas de 104 cultivos. Desde esta app pódese consultar as necesidades diarias e semanais do cultivo, o estado hídrico da parcela e datos meteorolóxicos. Para iso, hai que rexistrar a localización da parcela, o sistema de regadío, a data de sementa, a tipoloxía de chan e as regas feitas, entre outros datos. A app contén un manual para poder sacarlle o máximo proveito e é válida tanto para parcelas pequenas como para grandes superficies.

PlantSnap. Identifica ao instante plantas de todo tipo en calquera parte do mundo cunha foto ou polo seu nome. Poderase recoñecer rapidamente flores, árbores, suculentas, fungos e moito máis. A enorme base de datos cobre todas as partes do mundo para que se poida identificar plantas ao instante. Ademais conta con tradución a 37 idiomas e compártense fotos e consellos de xardinería.



One health

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Hoxe debido á pandemia que está ao noso redor (COVID-19), da que sabemos que é unha zoonose, é dicir, unha enfermidade de orixe animal que trapasou a barreira animal-humano, sendo eses animais fauna salvaxe, fainos pensar en que debemos profundizar e non esquecer o concepto de ONE HEALTH, e por iso ímolo explicar.

One Health ou Unha Saúde é un enfoque concibido para deseñar e aplicar programas, políticas, leis e investigacións no que múltiples sectores que deben comunicarse e colaborar para protexer a saúde pública.

Os ámbitos de traballo do enfoque de Unha Saúde poñen a lupa na seguridade alimentaria, o control de zoonoses e a loita contra a resistencia aos antibióticos (cando as bacterias, tras estar expostas a antibióticos, vólvense máis difíciles de destruír).

O enfoque de Unha Saúde é fundamental xa que moitos microbios afectan tanto a animais como a humanos cando uns e outros viven nun mesmo ecosistema. Os esforzos de só un sector non poden previr ou eliminar o problema. Tomando como exemplo a rabia, en humanos só prevense de maneira eficaz actuando sobre a fonte animal do virus (por exemplo, vacinando aos cans). A información sobre os virus da gripe circulantes en animais é vital a efectos da selección de virus para fabricar vacinas humanas contra posibles pandemias de gripe. Os microbios farmacoresistentes pódense transmitir entre animais e humanos mediante o contacto directo e mediante alimentos contaminados, de modo que para contelos de modo eficaz precísase adoptar un enfoque coordinado nos ámbitos humano e animal.



Os profesionais que participan pertencen en diferentes sectores, como a saúde pública, a saúde animal, a saúde vexetal e o medio ambiente, que deberían unir as súas forzas para apoiar os enfoques de Unha Saúde. Para previr e detectar brotes de zoonoses e problemas de seguridade alimentaria e responder ante eles, os distintos sectores deberían compartir os datos epidemiolóxicos e de laboratorio. Os funcionarios gobernamentais, os investigadores e os profesionais de todos os sectores de ámbito local, nacional e mundial deberían responder de maneira conxunta ás ameazas sanitarias. A OMS colabora estreitamente coa Organización das Nacións Unidas para a ción e a Agricultura (FAO) e a Organización Mundial de Sanidade Animal (OIE) para promover respostas multisectoriais aos perigos en materia de inocuidad dos alimentos, os riscos de zoonosis e outras ameazas para a saúde pública na interacción entre seres humanos, animais e o ecosistema e proporcionar orientacións sobre o modo de reducir estes riscos.

Estes últimos tres parágrafos da propia páxina da OMS, e se vos fixades unha parte moi importante no traballo dos veterinarios:

Vixiando as enfermidades animais (incluídas as ZOONOSES), realizando o control de enfermidades infecciosas con programas de control e erradicación mediante a realización de analíticas e programas de vacinacións, establecemento de medidas de protección para evitar a entrada das mesmas (nas coñecidas AD SG)

Establecemento de programas APPCC (Análise de Perigos e Puntos Críticos de Control) na industria alimentaria e na produción animal anticipando a aparición de problemas nas mesmas e establecendo sistemas de control e resolución dos problemas sanitarios que poden aparecer.

O control o longo da cadea alimentaria por parte do corpo de funcionarios, dende o campo ata o prato. Sabemos que o máximo responsable fronte á COVID-19 en Alemaña é veterinario, estamos vendo numerosas entrevistas como experto en España a Juan José Badiola que é veterinario...

O que nos leva a pensar, por qué en España e Galicia se está a desaproveitar eses coñecementos? Que cada un saque as súas conclusións.



terracháxa
semal independente da chana www.terrachaxa.com
 Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.
 Teléfono 661 464 32 redaccion@terrachaxa.com

USC ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

PRÁCTICAS EN MÁIS DE 400 EMPRESAS

Convalidación de Ciclos Superiores FP

Títulos Universitarios Oficiais (4 anos)

- Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria
- Grao en Enxeñaría Civil
- Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural
- Grao en Paisaxe (Xunto coa Universidade de A Coruña)
- Grao en Robótica (Mención Robótica Agroforestal)
- **DOBRE GRAO:** Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e Enxeñaría Forestal e do Medio Natural

Infórmate

Teléfonos: 982823008 | 600940161 | ceps.direccion@usc.es | www.usc.es/es/centros/ceps
 Escuela Politécnica Superior de Enxeñaría, Rúa Benigno Ledo, s/n. | 27002 Lugo

ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR

A USC contribúe ao impulso do labor científico

Análise prospectiva da covid-19 e os seus efectos na gandería

M.R. Mosquera Losada, F.J. Rodríguez-Rigueiro, J.J. Santiago-Freijanes, N. Ferreiro-Domínguez, M. Varcárcel-Armesto, A. Rigueiro-Rodríguez.
AFINET. BioReDes. Campus Terra.

O Covid-19 ocasionou unha pandemia mundial con propostas de solución que inicialmente provocaron o confinamento dunha gran proporción da poboación e, polo tanto, afectou aos seus hábitos de consumo impactando directamente sobre o sector primario de Galicia, en especial a gandería. AFINET, BioReDes e Campus Terra fixeron unha enquisa respondida por case 200 gandeiros para avaliar o impacto desta pandemia no sector primario

galego vinculado a gandería. A capacidade de xestións dalgúns explotacións veuse limitada pola dificultade de comprar os insumos necesarios para desenvolver a súa actividade para alimentar o gando e xestionar as terras (pradarias, cereais, cultivos permanentes) xa que preto do 12.5% das explotacións indicaron problemas de subministro na alimentación animal, sobre todo da man de obra, e un 8% problemas de subministro na xestión do territorio (Figura 2).

A pesares de que o subministro de insumos veuse limitado polas medidas adoptadas polo goberno, foi a actividade de comercialización dos produtos cárnicos galegos a que sufriu o maior impacto das medidas adoptadas para combater o Covid-19. A comercialización dos produtos gandeiros, sobre todo a de carne, presenta grandes problemas e por tanto afectan directamente á viabilidade das explotacións, sobre todo de aquelas máis pequenas. Preto dun 54% das enquisas explicaron que tiñan problemas á hora de comercializar os seus produtos, tanto os que os vendían a cooperativas como os que os comercializan nos mercados locais (25%). O 48% dos gandeiros enquisados que manifestaron problemas de comercialización estiman, por termo medio, que a súa demanda baixou máis dun 50%. As principais causas son a diminución da demanda de produtos de consumo asociado a actividades lúdicas (bautizos, vodas) ou a venda directa a restaurantes, que deixou de existir polo confinamento. Esta baixa demanda provoca unha menor recollida de animais nos matadoiros, o que incrementa os custos de produción nas explotacións. O anteriormente referido



Rosa Mosquera Losada

é especialmente importante no caso de animais preparados para ser consumidos como tenreira galega suprema, xa que aos maiores custos de produción asociados a maior período de lactancia, súmase a baixada de prezo de paso de tenreira galega suprema a tenreira galega por sobrepasar os 10 meses marcados pola marca Suprema de tenreira galega. Isto repercute nuns menores beneficios para o gandeiro, a pesar da maior provisión de servizos ecosistémicos por parte do gando en pastoreo en comparación co estabulado. É por isto que os gandeiros propoñen solucións estruturais que comporten un plan lóxico que

programe a recollida de mercancía nas granxas, con actividades que permitan regularizar a oferta e a demanda, como a conxelación da carne ou o sacrificio de animais de máis quilogramos para non saturar o mercado. Reducir eles na cadea de subministración con control de prezos a intermediario, facendo unha comercialización máis directa e unha maior trazabilidade dos produtos asociados ao pastoreo, son percibidos polos gandeiros como actividades que contribuirían a reducir e redistribuír os custos da extensión do período de tempo nas granxas e que a vez poden resultar en beneficio aos consumidores. Á mellora desta




Figura 1. Distribución do número de respostas ás enquisas enviadas



Figura 2. Clasificación dos insumos en función da dificultade observada para o seu subministro (de maior a menor dificultade)

CLINICA VETERINARIA GARFIELD

Servicios veterinarios
Servicio de urgencias
Peluquería canina
Autoservicio lavado de mascotas
Consulta a domicilio
Recogida de cadáveres
Tienda especializada
Seguros de mascotas

Tfno.: 981 451 926 - URGENCIAS (24h) 610 360 068
Avda. de Lugo, 3 Bajo - 15320 As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)

RECAMBIOS RIVAS

Avda. de Lugo, N°62. Meira - Lugo
Tel: 982 331 728 - 689 709 323
recambiosrivas@yahoo.es

TRACTOR CORTACÉSPED ANOVA 62CM - B&S 6.5 HP
Ref: TC62
CARACTERÍSTICAS:
Motor: B&S 6.5 CV - 12,86 kW
Transmisión mecánica (4 + 1 marchas)

TRACTOR CORTACÉSPED ANOVA 102CM - B&S 17.5HP
Ref: TC102
CARACTERÍSTICAS:
Motor: B&S 17.5 CV - 12,86 kW
Transmisión hidrostática

situación tamén contribuíra minimizar as importacións de produtos xa existentes en Galicia, o que tamén limitaría a mobilidade e transporte dos produtos e, polo tanto, suporía un valor engadido en canto á contención da problemática asociada ao Covid-19, debendo acompañarse dunha campaña de márketing que fomenta o consumo de carne autóctona criada en réxime de extensivo, con mellor calidade e propiedades organolépticas. Ademais, os gandeiros entenden que debido a que esta situación foi imprevisible e sobrevida, a administración pública debe contribuír na medida das súas posibilidades a protexer a gandería baseada no uso dos recursos dispoñibles en Galicia, é dicir, no pastoreo; suxerindo accións que poden ter unha grande repercusión na preservación deste tipo de explotacións que coidan a biodiversidade, melloran o reciclaxe de nutrientes, contribúen a mitigación do cambio climático e reducen o risco de incendios.

Entre as accións suxeridas están as da PAC pedindo que se apliquen por unha banda medidas directamente relacionadas co covid-19 como que se establezan liñas de axudas que permitan paliar o gran desaxuste causado polo covid-19, que implica un aumento dos costes de produción e diminución dos beneficios asociada á baixada da demanda e que a lo menos deben compensar estas perdas, se executen todos os pagos da PAC do ano 2019 e que se adianten os do 2020, na medida do posible, para aumentar a liquidez. En relación á PAC, o fomento do re-equilibrio dos pagos da PAC que permitan os gandeiros obter unha renda adecuada independentemente dos pagos históricos, e o incremento de axudas da PAC aos pequenos produtores e ás zonas desfavorecidas, vense como actividades esenciais para a promoción do uso do territorio que tanto sofre por mor do abandono. As medidas asociadas aos mercados pasan polo fomento



do consumo interno e nacional favorecendo a exportación dos nosos produtos, limitando a importación que, de non ser necesaria, reduciría ademais o risco de novos contaxios asociados aocovid-19 ao diminuír o trans-

Os gandeiros piden que se melloren aspectos que xa fai tempo reducen os beneficios das explotacións

axuste a flexibilidade das medidas adoptadas para o rural consecuencia da situación sanitaria asociada á pandemia do covid-19, xa que o risco de contaxios nenas áreas é menor. Finalmente, iniciativas como a compra por parte da administración e fomento do uso de produtos subministrados por gandeiros e agricultores de proximidade en comedores públicos (ex hospitais, cárceres, residencias públicas, comedores sociais...) e bancos de alimentos con prezos xustos, enténdense como necesarias a curto, medio e longo prazo.



De arriba a abaixo, vista aérea da Escola Politécnica, un grupo de traballo e un invernadoiro do Campus Terra

porte e a mobilidade. Ademais, asegurar un punto de venda dos animais que reduza o gasto nas explotacións para o seu mantemento por un maior período de tempo, debido á diminución no funcionamento dos matadoiros, e que se desenvolva un regulamento que permita compensar e equilibrar (con cotas máximas de animais entregados por mes, por exemplo) as vendas das diferentes explotacións, sinálanse como medidas importantes para diminuír os custos de produción nas explotacións. Por outra banda, tamén solicitan que se melloren aspectos que xa fai tempo reducen os beneficios das explotacións gandeiras con base no pastoreo e que, ao solucionarse, contribuírían a diminuír o impacto do Covid-19. Entre outros, suxírese que: se fomenta o prezo xusto a través da busca do equilibrio de prezos, fixando un prezo mínimo en orixe, e se

BIOGRAFÍA

Rosa Mosquera Losada é Doutora e licenciada en Ciencias Biolóxicas pola Universidad de Santiago de Compostela. A súa actividade investigadora está centrada na xestión e manexo de sistemas agroforestais, (silvopastorais e silvoarables, política agroforestal europea, bioeconomía e xestión de residuos. É profesora titular de Universidade no departamento de Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría da Escola Politécnica Superior de Lugo. E imparte clases de Emprego de enmendas e fertilización con residuos industriais, lodos de depuradora urbán e Manexo de sistemas de pastoreo. Tamén é directora do departamento de Pro Producción Vexetal e residente da EURAF, Federación Europea de Sistemas Agroforestais. Dirixiu oito tesis doutorais, publicou máis de 70 artigos de impacto, acumula máis de 500 citas, e dirixiu e participou en máis de 30 proxectos de investigación e transferencia, tres deles europeos. Tamén é presidenta de la Federación Europea de Sistemas Agroforestais dende 2014 e coordina o grupo de Arable Crops da Global Research Alliance (observador oficial del IPCC) e do grupo de 'Enabling Environment working group' da Global Alliance for Climate Smart Agriculture (FAO). Editou os libros *Silvopastoralism and Sustainable Land Management* (CAB International) e *European Agroforestry Federation* (Springer). Tamén é a principal responsable dos informes *Biodiversity indicators on silvopastoralism across Europe*, *Current status of Agroforestry EU policy* e *Agroforestry Policy recommendations for EU* como líder dasección de Política do proxecto Agroforward.



VETERINARIOS

A importancia do benestar animal nas granxas

A gran carga de traballo destes profesionais son as explotacións ademais dos animais de compañía

Os veterinarios diagnostican e tratan os animais enfermos e feridos e preveñen as enfermidades e a mala saúde. Algúns profesionais especialízanse, por exemplo, en gando, en cabalos ou aves.

Este é o caso de Servizos Veterinarios Chairegos, unha clínica de Rábade, na que traballa Breixo González e que ademais do consultorio de mascotas atende animais de granxa, principalmente de ganderías pequenas de autoconsumo de ovino, caprino, porcino e avícola.

A gran carga de traballo é ovino e caprino no servizo a domicilio e levan explotacións de dúas ovellas ata as de 80 exemplares. “A maiores atendemos a unha explotación de gandería de leite en ecoloxico e unha de carne das mesmas características, e despois as típicas explotacións reducidas de cinco vacas”.

O mal ou enfermidade máis común en ovellas e cabras é a fasciola hepática, xa que polas condicións do chan e o clima da Terra Chá prolifera moito, “é un parasito que depende dun caracol microscópico que tende a estar en prados mollados co cal na nosa zona estamos sobrados”. De feito, as cabras e ovellas de raza galega teñen unha resistencia natural maior ante a fasciola comparándoas con outras razas. Esta enfermidade contrólase con desparasitacións axustadas e programas contretos.

Outra enfermidade é a basquilla, que está causada por unha bacteria que se controla con vacinación. Estas dúas enfermidades son estacionais

e correspóndense coas épocas máis húmidas.

“Tamén facemos asesoramento técnico creando a documentación necesaria para a apertura de núcleos zoolóxicos, é dicir, desde una perruquería canina a un criadeiro de patos salvaxes, todo sitio onde haxa animais pero sin que sexan explotacións gandeiras. Nós xeramos a

auxiliar veterinario. O curso de adestrador canino e modificador de conducta animal no uso en terapias de modificacións de conducta está homologado e é moi útil para terapias con nenos ou con persoas maiores. Outras das funcións do veterinario, como sinala Breixo, é a de perito xudicial, para certificar os animais destinados ao mata-

cirúrxicas.

Nos estivémonos movendo para conseguir pantallas, salvaorellas.... Porque o noso colexio de veterinarios non quixo facer nada”, relata.

O COVID-19 é unha enfermidade de transmisión entre persoas, os animais non se ven afectados polo mesmo virus, no caso de gatos e cans o que se pensa é que o coronavirus inféctaos, pero eles contáxianse entre eles e a enfermidade non vén de volta aos humanos. Realmente, os casos que hai non son significativos, son puntuais, un gato en Bélxica, outro en Cataluña, un tigre en Nova Iorque e dous cans en Hong Kong. “Todos estes casos tiñan propietarios ou coidadores que eran positivos ao virus e que moi probablemente foron a causa de contaxio destes animais.

Os veterinarios critican que non se lles tivera en conta no comité técnico do coronavirus xa que se alguén sabe de microbioloxía, de inmunoloxía e de zoonoses son sen dúbida eles



Arriba, Breixo recollendo un can, e abaixo, unha explotación bovina

documentación e protocolos de desinfección para as explotacións, é dicir, protocolos de bioseguridade”, engade.

Ademais, asociados a outros centros participan dando cursos, no seu caso na academia CEVIDE e son clases de adestrador canino homologado e

doiro entre outras cousas pero lembra como caso curioso “que nun divorcio tiveron que peritar os animais para dividir o valor, eran vacas e consideráanse ben e inmoventes semovientes, é dicir vivos, e como teñen un valor económico houbo que tasalo e repartir ou dar a compensación económica correspondente”.

CORONAVIRUS. “Tivemos unha loita bastante potente por conseguir material, quedámonos sen nada, as máscaras estamos intentando que veñan do consello galego de veterinarios para que nos consigan dar

Os veterinarios fan un dos labores máis solicitados e menos coñecidos da gandería

Non hai ningunha proba de que os animais de compañía ou de granxa teñan un papel epidemiolóxico na propagación do virus”, aclara Breixo.

“Nós os veterinarios estamos bastante enfadados porque ninguén nos consultou nada, fronte ao control de enfermidades e erradicación os que teñen máis experiencia somos nos, aquí hai xente que traballa exclusivamente neste senso, e non se nos preguntou en ningún momento e non deberían deixarnos de lado na xestión da pandemia”, di.

O director do Centro de Encefalopatías y Enfermedades Transmisibles Emergentes de la Universidad de Zaragoza, Juan José Badiola, está entre os expertos do comité que axudou e axuda a preparar a desescalada do confinamento e xa se coñece o seu labor durante a crise das vacas tolas. O veterinario Debes Christian-sen é o responsable de que Illas Feroe teñan tan só 184 positivos e ningunha vítima.

NOVOS CULTIVOS

Hai vida máis alá do grelo e da pataca?

A terra galega ten máis aproveitamentos agrícolas do que imaxinamos

En Galicia existen novos proxectos que innovan en cultivos, pero son poucos

Hai vida máis alá do cultivar grelos, millo, patacas e outros produtos que tan ben se dan na horta galega, como o tomate e o pemento. O primeiro en chegar ás hortas, foi o **kiwi** fai 30 anos e agora a nosa comunidade é a principal área produtora de España con máis de 16.200 toneladas. E é que hai novos proxectos que innovan en cultivos, pero son poucos os que se arriscan a cambiar. Así, no **aguacate**, España é o maior produtor da UE, e na nosa terra dase moi ben no sur de Galicia, concretamente en zonas do Baixo Miño, onde cada vez máis os agricultores empezan a interesarse polo seu cultivo. A demanda de **froitos vermellos** chegou a Galicia fai xa uns anos aínda que en España estaban implantados nas froiterías de calquera supermercado. Este cultivo chegou

á provincia de Lugo en forma de invernadoiro no 2013 a Pacios, en Baamonde, e a Arneiro, en Cospeito. Debido ao clima e ao tipo de terra, existe un gran potencial en Galicia para o seu desenvolvemento, xa que son interesantes desde un punto de vista comercial. O problema adoita vir ligado á importante man de obra continuada que esixen e ao certo descoñecemento que se ten sobre os mesmos. Este termo cobre froitas como o amorodo, a grosella, o arando ou a frambuesa. A zarzamora, por exemplo, adóitase considerar unha mala herba, crescendo de forma espontánea nos camiños galegos, son o que chamamos silvas. Os incas foron os primeiros en descubrir o **physalis** que ademais dun sabor cítrico delicioso é moi versátil na cociña e o máis importante, é tremendamente beneficioso para a saúde. En Galicia cultívase xeralmente como aproveitamento marxinal porque crece facilmente nos climas frescos e húmidos. Danse de marabilla e aínda que nos invernos máis fríos quéimanse case por completo, na primavera volven brotar por abaixo. O **caqui** é unha froita que ata fai moi

pouco tempo resultaba difícil atopala nas froiterías. Con todo, o seu exotismo acabábase aí, pois é moi frecuente nos hortos e xardíns. En Galicia o seu cultivo comezou cun carácter máis ornamental a principios do século XX. O seu habitat natural está en China, onde forma parte da súa gastronomía desde fai mil trescentos anos. Un dos primeiros que se atreveu coa plantación de **sandías** e melóns na Chaira é José Ramón Carral, un agricultor de Guitiriz que obtivo bos resultados na súa explotación, na parroquia de Roca. Os melóns e sandías crecen baixo un teito porque senón o tamaño é menor. Tamén atreveuse a plantar lombarda. O **saucó** ou **sabugueiro** é un arbusto que produce unhas pequenas bagas negras e doces e pódese atopar na súa forma silvestre nas montañas e beiras dos ríos de Europa. En Galicia tamén podemos atopalo xa que é moi abundante e fácil de identificar sobre todo na primavera. Coas bayas e coas flores pódense elaborar exquisitas marmeladas e tamén licores ademais de usarse para a fabricación de frutas e gaitas e para ferramentas do campo xa

que a súa madeira é moi lixeira e moldeable. Os fungos **shitake** son unha boa alternativa aos montes de eucalipto, pódense cultivar sobre troncos de carballo e castiñeiro obtidos de limpeza forestais e así pódese garantir o mantemento do bosque autóctono. No século XVI, China e Xapón eran as únicas que cultivaban cogomelos desta variedade. O seu crecemento dáse nos meses de outono e primavera. É a forma tradicional do cultivo é facer uns buratos nos troncos onde se van a colocar os micelios do fungo para o seu crecemento. O **liño** componse dunha substancia fibrosa, da cal se extraen as fibras longas para a fabricación de tecidos, tamén produce sementes oleoxinosas e a súa fariña é utilizada para cataplasmas medicinais. A Asociación de Mulleres de Insua teñen unha produción moi reducida dende fai 11 anos, pero manteñen vivo este antigo oficio. En outubro celebran a Tasca Tradicional coa que amosan o seu traballo. En Galicia destínase para téxtil pero úsanse tamén as súas sementes para pensos e alimentación humana.



Bosque y Jardín CARLOS

3.199€

AHORRA 400€

P.V.P ANTES 3.599€

HUSQVARNA TC138

- Motor de 500 cc Briggs & Stratton
- Embrague manual
- Transmisión hidrostrática accionada por pedal
- Recogedor trasero integrado de 220l
- Anchura de corte 97 cm

3.999€

AHORRA 1.500€

P.V.P ANTES 5.499€

RIDER R214TC

- Motor B&S Bicilíndrico en V
- Potencia de 12.8kW (3100 rpm)
- Transmisión hidroestática
- Incluye unidad de corte 94cm

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO). Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319 - jcpenelas@bosch-bcs.com

ACTUALIDADE

Reiníciáanse as feiras en Castro, Vilalba, Meira e As Pontes

As numerosas protestas e denuncias por parte de organismos defensores de agricultores como SLG ou Fruga conseguiron que se permitise a celebración dos mercados locais de produtos agroalimentarios a partir do luns 4 de maio, “sempre baixo estritas condicións de seguridade”.

As queixas, que chegaron ata a valadora do pobo, indican que a medida de pechar os mercados de proximidade malia manter abertos os supermercados e grandes superficies “foi un agravio comparativo ante os agricultores e gandeiros galegos”.

Malia que o permiso xa está dado, son moitos os concellos que xa deron o paso ou aínda ou polo menos o están valorando. Non falan as accións para facer esas zonas máis seguras.

FEIRAS REANUDADAS. A reanudación das feiras e mercados é unha das accións desta primeira semana de fase 1. Para celebrarse esíxese unha serie de medidas de distanciamento como son os 5 metros de separación entre postos e rúas de dez metros de ancho, para garantir



Imaxe da feira do mércores pasado en Castro Ribeiras de Lea

a separación entre os compradores. Reanudáronse varias feiras na Chaira, a primeira foi en Castro Ribeiras de Lea o mércores e unicamente coa sección de produtos agroalimentarios. O seguinte en celebrarse é o mercado de Vilalba o venres, que manterá a ubicación no campo da feira, o sábado tamén volverá o mercado das Pontes, e o Concello de Meira retomará o domingo o seu. Un dos seguintes será o do Concello de Guitiriz que ten a súa apertura programada para a vindeira semana. Por outra banda, os concellos de

Xermade, Muras, Rábade e A Pastoriza comunicaron que van esperar ás novas regulacións que poidan xurdir coa seguinte fase da desescalada. Tamén o Concello de Cospeito non sabe cando celebrará a súa feira. Agora mesmo, tamén están á espera da apertura dos mercados de gando, tendo en conta o mesmo proceso de desescalada e sempre adoptando todas as medidas sanitarias precisas. Advirten que esta orde é demandada polo sector e considerada necesaria para dar saída aos animais que se están acumulando nas explotacións.

Dúas ordes facilitan a atención dos cultivos de autoconsumo

Tras varias semanas sen poder atender as hortas de autoconsumo, o Diario Oficial de Galicia (DOG) fixo públicas dúas ordes diferentes nas que se dan facilidades para poder comezar a realizar esta tarefa.

Na primeira orde se flexibilizaron as condicións para que os agricultores considerados de autoconsumo puidieran realizar con maior facilidade os seus desprazamentos ás leiras nas que desenvolven a súa actividade. Esta norma modificaba o establecido con respecto ás restricións da súa mobilidade por mor da emerxencia sanitaria do coronavirus do 24 de marzo.

Así, a principal novidade consistía en que se eliminaba a anterior limitación de 500 metros para que as per-



Permítense ata dúas persoas á vez

soas que teñan cultivos ou viñedos considerados de autoconsumo, é dicir, con fins non comerciais, e polo tanto non desenvolvan unha actividade profesional agraria, poidan

realizar os desprazamentos mínimos e imprescindibles para o mantemento e atención dos seus cultivos sempre dentro do termo municipal da súa residencia habitual. No caso de que a horta estea nun concello diferente ao da súa vivenda, permítense o desprazamento sen superar nunca os 5 quilómetros de distancia desde a casa.

Posteriormente publicou a orde que permitía que ata dúas persoas á vez atendesen este tipo de cultivos pero respectando as distancias de seguridade. A Xunta indica que nas actividades agrarias consideradas de autoconsumo deberá levarse consigo unha declaración responsable incluíndo a identificación da parcela e o tipo de cultivos que realiza.

Ampliado ao 15 de xuño o prazo para solicitar as axudas da PAC

A Consellería do Medio Rural publicou a orde que amplía ata o 15 de xuño o prazo que teñen os agricultores e gandeiros galegos para solicitar as axudas da PAC. A orde modifica a emitida o pasado 12 de febreiro co obxectivo de dar resposta ás restricións levadas a cabo por mor do coronavirus, que impediron que moitos interesados se puidesen achegar aos bancos ou ás entidades de aconsellamento que colaboran coa administración para a tramitación destas achegas. Deste xeito, a orde establece que

as solicitudes únicas destas axudas se poderán presentar de xeito telemático ata o 15 de xuño. Mentres, finalizará o día 30 do mes que vén tanto o prazo de modificación das solicitudes únicas como o prazo de presentación das solicitudes de alegación do Sixpac e das comunicacións da cesión de dereitos de pagamento básico. Prevese que uns 27.000 agricultores e gandeiros soliciten estas achegas, que xestiona o Fondo Galego de Garantía Agraria e que son de gran interese para o sector primario.

Abren un novo tempo para queimas controladas

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou senllas resolucións da Consellería do Medio Rural con cambios nas autorizacións de queimas e no prazo establecido para a xestión da biomasa nas faixas preto das casas. Así, por unha banda, a partir de agora poderán solicitarse autorizacións excepcionais por razóns fitosanitarias para a queima de restos agrícolas amoreados en explotacións profesionais. Por outra, apróbase levantar a suspen-

sión do prazo legal para cumprir coa obriga de limpar as faixas secundarias (as dos 50 metros máis próximos ás vivendas). Neste caso, engádense á data límite habitual do 31 de maio os días discurridos de estado de alarma, de xeito que o prazo se prolonga ata o 16 de xuño de 2020 incluído. Tamén se levantou o luns 11 de maio a suspensión de realizar queimas nos terreos rústicos decretada desde o pasado 16 de marzo.

ELISARDO BARCALA



CHAIREGOS
SERVIÇOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

NOVAS

vilalba



Unha vista da rúa Calvario antes do comezo das obras

O Concello arranxará as rúas Calvario e Os Pepes

O Concello renovará a rede de abastecemento de auga nas rúas Calvario e Os Pepes, cun orzamento total de 299.990 euros. As actuacións elementais atinxen á demolición do firme existente, renovación da rede de pluviais e da rede de abastecemento e de iluminación, incorporando pavimentos de granito e beirarrúas con sinalización e colocación de mobiliario novo. O Concello custeará parte do proxecto, do que esperan recibir canto antes a partida máis importante dos fondos de compensación, pedindo á Xunta que liberen os cartos para poder licitar a obra.

A maiores da demolición e posterior renovación completa das canalizacións de auga baixo o pavimento, veranse afectadas as canalizacións de alumado público, dispoñendo de maneira adicional unha rede de pluviais para a recollida

da da auga procedente de sumidoiros e baixantes, que transformará a rede municipal de augas residuais en separativa nese tramo.

Esta zona está a sufrir continuos problemas de roturas e falta de presión. Por outra banda, as beirarrúas atópanse deterioradas. Por este motivo prevese o ensanche e renovación completa das beirarrúas de ambas rúas, así como a humanización e posta en valor da pequena praza existente no punto de encontro en ambas, así como do cruceiro alí ubicado. Neste senso, cumpriranse as normas de accesibilidade con beirarrúas de 2 metros de ancho agás nalgún punto onde o trazado o impide, e o pavimento táctil estará feito de material antideslizante para persoas con discapacidade visual. Colocarase mobiliario urbano e sinalización vertical e horizontal.

Queixas entre os empresarios polo aparcamento no polígono

A Asociación de Empresarios do Polígono Sete Pontes fixo públicas as “repetidas queixas que nos chegan estes últimos días” con relación á situación das empresas de transporte de Vilalba e os seus traballadores por non poder estacionar os seus vehículos nas zonas que antes estaban habilitadas no polígono, “sen comunicación previa e sen buscarlles outras alternativas para iso”. Ademais, “coméntannos que tamén lles están

multando”, conclúen.

Aseguran que contan con decenas de queixas de empresarios e traballadores que demandan que esta situación cambie e que se lles busque unha solución o máis rápido posible. A través dun comunicado, a asociación quere dar apoio a estas empresas do sector do transporte situadas no polígono e “brindar a nosa axuda para que as empresas de Vilalba poidan seguir no noso pobo”.



Arranca o programa Compite Vilalba para dinamizar o comercio

O Concello de Vilalba puxo en marcha un programa de formación e asesoramento individualizado dirixido ao comercio local e á hostalería, co obxectivo de dinamizar o sector e mellorar a súa competitividade para superar a actual crise sanitaria e económica.

Compite Vilalba é o plan deseñado polo concello para apoiar aos sectores máis afectados pola pandemia mediante unha diagnose previa e individualizada da situación de cada establecemento, para despois pasar a unha fase de formación e á realización final dunha campaña de promocións conxunta.

O programa iniciouse a pasada semana e todos os e as interesadas deben inscribirse antes desa data na web compite.vilalba.org ou enviando un correo electrónico a comercio@vilalba.es.

Nesa primeira xornada, a alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, analizará a situación do sector nunha videoconferencia coas persoas inscritas no programa, na que participarán tamén o



concelleiro de Comercio, Modesto Renda, e o de Emprego, Ignacio Criado. Ademais, un dos técnicos da iniciativa explicará en que consistirá exactamente cada unha das partes do plan.

A primeira fase, de diagnose, ten como obxectivo poder coñecer a situación na que se atopan os establecementos participantes no programa Compite Vilalba, para pasar

despois a unha etapa de formación conxunta, con nove píldoras formativas realizadas en líña para mellorar as capacidades e facer fronte á situación actual.

Despois, o programa chegará a unha etapa de asesoramento individualizado, realizando un acompañamento e seguimento a cada un dos comercios participantes para definir o seu plan de mellora comercial, as accións que debe implantar para aumentar a súa competitividade.

Por último, chegará a quenda da Gran promoción, unha plataforma online para que o comercio local venda os seus produtos, con promocións nas redes sociais, descontos e outras iniciativas.

“Dende o principio da pandemia, consideramos prioritario impulsar un plan destas características, co obxectivo xeral de apoiar a estes sectores con accións encamiñadas a encarar a situación actual e preparalos para poder afrontar o período post-COVID-19”, asegura a alcaldesa, Elba Veleiro.

Convocada unha nova edición do premio Agustín Fernández Paz

O Ilesha, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais de Galicia organizan o IV Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade que terá un prazo de presentación ata o 12 de xullo de 2019, coincidindo co cabodano de Agustín Fernández Paz. Abriuse o prazo o Día do Libro.

Como en edicións anteriores, poderán participar todas as persoas que o desexen presentando

narracións inéditas en lingua galega, dirixidas ao público infantil e xuvenil e cunha temática unida ao compromiso pola igualdade de xénero, raza, nacionalidade, etc. A obra terá unha extensión libre e presentarse encadernada, por cuadruplicado, en papel impreso polas dúas caras, tamaño DIN A4.

O premio está dotado con 3.000 euros e a publicación do orixinal por Edicións Xerais de Galicia ce-

dendo ao gañador 30 exemplares do mesmo.

O prazo de presentación de orixinais, que xa está aberto, rematará o 12 de xullo, aproveitando o cabodano do autor homenaxeado. Será en outono cando se de a coñecer o gañador, escollido por un xurado formado por tres persoas de reconocido prestixio cultural.

A entrega de orixinais debe remitirse á casa da cultura.

Domingo Goás, 16 baixo
27800 Vilalba
Tel.: 982 510 367
651 577 247

"Nós quedamos na casa, ti queda na casa"

DENDE 0 € - PREGUNTANOS COMO JANSU VILALBA

- PERRUQUERÍA
- FOTODEFELACIÓN
- TATUAXEADO ADULTOS - INFANTIL
- DEFENSA PERSONAL
- ZUMBA ADULTOS - INFANTIL
- CIOSAS TRADICIONAIS
- T.R.X. SUSPENSIÓN M.F.B.
- SPINNING
- INICIACIÓN AETMOS LATINOS
- KIMMABIA MANUTENIMENTO SUAVE
- AGESTAMENTO PARA NAZORES
- AGESTAMENTO PERSONAL

Renovan o alumeadado público na Cotoriña

O Concello de Vilalba instalará un novo alumeadado público na Cotoriña, na parroquia de San Bartolomeu de Insua, coa colocación de puntos de luz con 15 luminarias led e a modificación do cadro existente. A actuación nesta parroquia ten un custe total de 20.041,23 euros, perseguindo unha mellora na eficiencia enerxética co alumeadado exterior.

O goberno local determinou como “imprescindible” esta mellora nun dos moitos núcleos rurais de Vilalba, cumprindo coa obriga da entidade local de dotar de servizos á veciñanza “especialmente naquelas zonas que máis o precisan”, aseverou o edil de infraestruturas, Luis Fernández.

A finalidade desta actuación de alumeadado exterior na Cotoriña sinala cara a mellora “das condicións de seguridade e calidade de vida das persoas que viven ou transitan esta zona da parroquia de Insua”. Ademais, os criterios a seguir para garantir a sustentabi-



O sistema de alumeadado actual

lidade seguen as recomendacións de CEI e IDAE, “para que a rede de alumeadado público exterior sexa sostible” e estea protexida contra os efectos das posibles sobreintensidades.

Fernández subliñou que “estamos encargando proxectos para a realización de máis obras nas parroquias”.

muras

Reparten as axudas da luz e as dos estudantes

Estes días pasados, aprobáronse as transferencias das axudas ao pago da factura da luz aos veciños censados de Muras, por un importe total de 64.312,26 euros. A novidade deste ano foi que se incrementou a cantidade máxima a recibir, ata os 600 euros, unha proposta do alcalde que contou co respaldo unánime do pleno da Corporación. Nesta convocatoria, beneficiáronse 162 unidades

familiares, o que supón unha cobertura de máis do 70% da poboación. Dos 648 habitantes, 162 unidades familiares recibirán esetas axudas. 29 teñen o importe máximo de 600 euros. 20 recibirán entre 500 e 600, 27 de 400 a 500, 42 de 300 a 400 e o resto axudas ata 300 euros.

O Concello tamén anunciou que se fixeron xa os pagos das bolsas aos estudantes do curso pasado.

Retoman as obras paradas na corentena

Unha vez levantadas as restricións máis importantes do estado de alarma, o Concello de Muras retomou as obras de instalación do ascensor na casa consistorial, obras que tiveron que paralizarse durante o tempo de corentena e ás que lles resta máis ou menos un mes de traballo.

Nesta mesma situación están as obras da piscina, que tamén tiveron que paralizarse pero que se espera que estean listas para o inicio do verán, aínda que non se asegura a súa apertura ata ver as

condicións sanitarias nas que se atope o Concello para esas datas. De feito, o alcalde asegurou que “debido á poboación que temos, son partidario dunha actitude conservadora”.

Por outra banda, o alcalde avanzou que nos vindeiros días iniciaranse as obras de acceso ao cemiterio municipal, que xa estaban contratadas e coas que se pretende acondicionar a zona debido ao seu mal estado. Así memos faranse as obras nos regos de Pena-grande e accesos á Susana.

“Nas patronais algo faremos pero estamos valorando opcións”

Elba Veleiro, alcaldesa de Vilalba, afirma que se reanudan as feiras

Cando se declarou o estado de emerxencia sanitaria e posteriormente o estado de alarma nacional, o Concello de Vilalba foi un dos primeiros da Terra Chá, como cabeza de comarca, en tomar medidas por unha banda para secundar as normas que impoñía o Estado e na outra para axudar aos centos de veciños que aos que esta situación supoñía un duro revés.

Vilalba foi un dos primeiros concellos da contorna en falar de axudas.

En Vilalba puxéronse en funcionamento desde o minuto un as axudas sociais, aínda que xa se prestaban dende Servizos Sociais, incrementáronse polo tema da crise, nalguns casos porque son persoas maiores e hai que axudar. Tampouco foi un incremento enorme en prestación de axudas de emerxencia, si que se notou algo pero non de forma exaxerada. Púxose unha liña directa 24 horas, e Servizos Sociais é o único departamento que mantén dúas persoas desde o primeiro día, e por suposto a Policía e outras actividades esenciais. Unhas das medidas que levaron unha cantidade importante de cartos foron para pagar provedores e prestadores de servizos. Xestionáronse tamén contratos con profesores, monitores de piscina, garderías, monitores das escolas deportivas, etc, de empresas externas, e procurouse que o menor número posible de traballadores non pasaran a un Erte.

E optouse por modificar as taxas.

O máis importante é a de modificación de taxas administrativas, que está pendente de aprobación en Pleno telemático e que se fará a finais de maio, referíndonos ás taxas de ocupación de terreo público como as licenzas de terrazas ou as de andamios. Tamén inclúense non cobrar a de apertura de locais e para as obras menores non se lles cobrará as taxas e ás maiores rebáixanse a metade. E ademais o imposto de plusvalía reducímolos ao 95% en caso de que sexa consecuencia dunha herdanza. Pero tamén estamos abertos a propostas que se poidan facer desde os outros partidos. Moitas desas taxas son pequenas, pero o importante é axudar aos veciños.

Tamén sacaron adiante o programa Compite Vilalba

A última medida que puxemos en marcha para axudar a economía familiar e pensando nos pequenos empresarios e comerciantes é o plan Compite Vilalba, que consiste en formación e asesoramento individualizado dirixido ao comercio local e á hostalería. Hai apuntadas



A alcaldesa Elba Veleiro durante o confinamento

academias, perruquerías, comercios, ludotecas..., un abano amplo do comercio vilabés. Hai desde asesoría xurídica, proxección de cara ao exterior, venda online... valorárase a situación global e a de Vilalba e logo faranse charlas formativas, ver como vender e como facer a partir de agora coa nova normalidade.

Como se plantexan o futuro?

Gústame ser optimista. Todos, como colectivo e a título individual, perdimos algo, pero a solidariedade da xente é un factor que xoga un papel importante e espero que entre todos poidamos saír o mellor parados posible. Coas saídas a rúas e a apertura das franxas horarias houbo poucos incidentes, pero tamén incrementáronse os controis sobre todo para informar á xente. Desde o Concello vamos aumentar os controis aínda que o comportamento da inmensa maioría da poboación é excelente. A nós favoreceunos ter moito rural e a xente non notou tanto o confinamento. Pero está claro que o importante son medidas para reactivar a economía. Temos que ser prudentes e responsables para non volver atrás.

Que vai pasar coas feiras?

No tocante ás feiras e mercados este venres abrimos os mercados, que habitualmente son os martes e os venres, pero tan só de produtos agroalimentarios. Supoñemos que se verá reducido en número de postos e séguese mantendo a súa ubicación no Campo da Feira. Pero

aínda estamos contactando cos produtores para confirmar se van vir ou non. Aínda que a normativa di que son eles os que teñen que ter guantes, xel e as medidas hixiénicas, nós imos proporcionar e facilitar todo este material. O Feiron do día 19 en principio no será como se coñece senón será como un mercado, porque a normativa só permite produtos agroalimentarios. E na Feira do primeiro domingo de xuño, estamos á espera das regulación xeral.

E coas patronais do San Ramón e Santa María?

O decreto de alarma obrigounos xa a cancelar o FIV, pero estábamos a traballar no San Ramón, estabamos pechando a proposta de orzamentos do 2020 pero coa alarma sanitaria houbo que “arroxar a papeleira todo”. De feito tiñamos reserva con algunhas orquestras pero agora bállanse outras posibilidades.

Aínda que temos a sorte de que as patronais son a finais de agosto e primeiros de setembro, cremos que non será posible que se faga como as coñecíamos porque son un evento que xunta moitísima xente. Pero algo haberá que facer porque son as patronais, pero doutra maneira, concertos en barrios, en pequenas zonas... pero aínda non temos claro como será. Estamos ideando solucións e estamos abertos a todas as propostas que nos plantexen desde diferentes sectores e veciños.

Programa cultural virtual

O Concello de Vilalba programou catro espectáculos que se retransmitiron de forma on line para outras tantas xornadas co obxectivo de continuar a ofrecer un programa cultural pero adaptándose ás novas circunstancias nalquel momento de confinamento total. Así, un espectáculo de circo, títeres, unha posta en escena de malaba-

res e a actuación dun mago foron desfrutados a través da canle de YouTube e as redes sociais.

O éxito desta iniciativa foi tal que o Concello decidiu cotinuar nesta liña. Así, este sábado, ás 19 horas, haberá un concerto de Andrés Penabaz e os seguintes sábados actuarán Irmandades do Falo e Magical Colors.



Estado no que quedou a avenida da Habana trala súa reparación

Rematan as obras de mellora na avenida da Habana e na rúa Casilla

O Concello das Pontes rematou as obras de mellora e modernización dos servizos básicos municipais na Avenida da Habana, no tramo comprendido entre a Praza do Hospital e a Rúa Monfero.

O proxecto, financiado na súa totalidade pola Deputación da Coruña, cun orzamento de 170.818 euros, tiña como obxectivo a execución dunha nova rede de recollida de augas pluviais separativa nas dúas marxes da rúa que permitirá o control do aporte de augas limpas ao sistema de depuración municipal nas épocas de choivas evitando inundacións.

As obras levadas a cabo tamén incluíron a substitución das luminarias existentes por novos puntos con tecnoloxía LED, a renovación das beirarrúas, seguindo o mesmo deseño da contorna, renovación da capa

de rodadura do vial, a instalación de mobiliario urbano e a sinalización.

CASILLA. Tamén se deron por finalizadas as obras de rehabilitación da rúa Casilla. Un proxecto, cun orzamento de 86.491 euros, financiado pola Deputación da Coruña.

Esta actuación permitiu mellorar a pavimentación e a accesibilidade na marxe dereita do viario, entre as rúas Eduardo Pondal e a Praza da Lembranza. Entre os traballos realizados destacan a substitución da vella pavimentación por formigón impreso e a renovación dos servizos públicos municipais. Tamén foron substituídas as luminarias e o cabreado ademais da renovación das instalacións de saneamento, mediante a construción dunha rede separativa de augas pluviais e fecais.

As Pontes reactiva o PIE a través de formación on line

O Programa Integrado de Emprego do Concello das Pontes, subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e cofinanciado polo Concello, reactivou a súa formación a través da modalidade on-line coa posta en marcha dun curso sobre Prevención de Riscos Laborais.

O curso, que ten unha duración de 60 horas, e no que participan 35 alumnos e alumnas, permitirá adquirir os coñecementos básicos esixidos en materia de prevención de riscos para o desempeño seguro de calquera profesión.

Así o alumando achegárase á normativa de prevención de riscos laborais en canto a organización da prevención, facultades e competencias, obrigacións e responsa-

bilidades, adquirirá coñecementos sobre primeiros auxilios, implementación e mellora de sistemas de xestión de seguridade así como coñecementos para desenvolver o traballo de forma máis segura e para actuar de forma correcta en caso de emerxencia.

O alumnado terá acceso aos diferentes contidos e recursos dixitais do curso 24 horas ao día, podendo empregar calquera dispositivo para acceder á formación.

Para apoiar e reforzar o proceso de aprendizaxe, o alumnado participante contará cun tutor-formador ao que poderán trasladar calquera consulta a través das ferramentas de comunicación dispoñibles na plataforma telemática de formación habilitada para o curso.

Piden unha reunión telemática da Mesa pola Transición Xusta

O Concello das Pontes, as tres centrais sindicais (UGT, CC.OO. e CIG), a asociación de transportistas do carbón (ACTC) e as asociacións empresariais Cohempo e Seara, nunha reunión telemática acordaron propoñer a celebración e contidos dunha reunión telemática da Mesa da Transición Xusta das Pontes que permita continuar traballando no futuro do municipio, de xeito inmediato pese ás restricións do Estado de Alarma.

Os acordos deste encontro xa foron trasladados ao Ministerio de Transición Ecolóxica para organizar a súa posta en marcha.

Neste documento, o grupo de traballo local subliña a urxencia de abordar temas esenciais para o futuro industrial das Pontes, poñendo o foco no emprego vinculado,

nos proxectos de hibridación de biocombustibles ou no desenvolvemento de chan industrial.

Este documento tamén inclúe a abordaxe dos compromisos co desenvolvemento industrial para As Pontes, desde o Goberno Central, a Xunta e Endesa, orientados á promoción de chan, á captación de proxectos económicos que conleven a reindustrialización do municipio ou á necesidade de introducir aspectos correctores, desde o punto de vista de xustiza social e transición xusta, nos mecanismos de acceso ás redes e ás concesións de auga nos territorios afectados por peches de térmicas, de forma que o citado recurso actúe como vector de crecemento económico.

Esta reunión pídese tras a rúbrica do Executivo cos sindicatos e as

compañías titulares de centrais térmicas do carbón un acordo para manter o emprego nas Pontes e Meirama. Produciuse a firma telemática das bases dos Convenios de Transición Xusta.

ECOLOXISTAS. As emisións de dióxido de carbono (CO2) das centrais de carbón situadas en Galicia caeron o 75,2% en 2019 con respecto a 2018, baixando de 10,1 a 2,5 millóns de toneladas. Isto provocou que as emisións territoriais totais de Galicia se situasen no nivel máis baixo desde, cando menos, 1990.

A central de carbón das Pontes (Endesa) emitiu 2,3 millóns de toneladas, fronte aos 7,9 millóns de 2018, e volve ser, con diferenza, “a industria que máis contribúe á crise climática desde a nosa terra”.

Retoman obras de mellora de camiños e vías rurais



Estado dunha das estradas asfaltadas recentemente

O Concello das Pontes reiniciou os diferentes traballos de pavimentación en diferentes vías rurais que quedaron suspendidas trala posta en marcha do estado de alarma.

Así, reanudaron os traballos de renovación de pavimentos en Rega, Pazos, Mariño, Pontoibo, Veiga da Nata, Espiñaredo, Caneiro, Casas Hermas, A Hermida, Bidueiro, O Pazo, Murazoso, Cascalisto, Cameleiro, Ruño e Badón.

Por outra banda, tamén reactivou, as obras de mellora dos camiños en diferentes parroquias do municipio.

Así, botaban a andar as tarefas de limpeza das cunetas nas vías municipais de A Rega, Pazos e O Mariño, nas parroquias de San Xoán do Freixo e Santa María. Iniciábanse tamén estes traballos nos camiños de Espiñaredo, Pontoibo-Covelos, Caneiro, Casas Ermas e Bidueiro así como na Fraga do Cregos, o Pazo de Murazoso, Cascalisto, Pedrafita, O Ruño, Badón, Gañidoiras e Samede. Estas obras permitirán a substitución da capa de rodadura, tratamento asfáltico naquelas zonas nas que existan fochancas e a sinalización.

Alvariño reclama a súa praza para os xogos de Tokio



Miguel Alvariño

O seteiro pontés do club Sílex Miguel Alvariño, que se gañou a praza para os Xogos Olímpicos de Tokio, puxo en mans dos seus avogados a decisión da Federación Española de Tiro con Arco de revogarlle o seu dereito para estar en 2021 na cita de Xapón tras o apazamento dos xogos. O comunicado da Federación reflicte que “a actual praza asignárase ao deportista que obteña o primeiro posto no sistema de selección da tempada 2020/21”.

Alvariño afirma que “non se axusta a dereito que en base a unha dúbida pódase revogar algo que está asignado”.



Friol entra no programa Formación no Camiño

Desde o Concello de Friol levaron a cabo as xestións necesarias para que Friol sexa un dos 29 municipios da provincia de Lugo que participará no programa a xunta Formación no camiño, que segundo comenta o alcalde José Ángel Santos, axudará a impulsar o camiño e o turismo no municipio, “dado que é e será un sector bastante débil despois desta situación tan difícil que se está vivindo”. Pretende apoiar a celebración do Xacobeo á vez que se impulsa a marca Galicia Calidade e se aposta polo rural galego.

Esta iniciativa pretende desenvolver unha serie de actividades formativas que teñen como obxectivo mellorar a oferta e a calidade das actividades vinculadas ao roteiro Xacobeo. Trátase dun programa que a Xunta poñerá en marcha entre este ano e 2022 e

que beneficiará tanto a ocupados como a desempregados.

Conta cunha primeira liña de formación profesional para o emprego vinculado ao sector turístico e dirixido tanto a desempregados como ocupados. Impartirase en centros da Xunta e en entidades formativas privadas, nos que se ofrecerán cursos de hostalería e turismo, que se complementarán co ensino de idiomas, manipulación de alimentos, informática, creación de empresas, prevención de riscos laborais, sensibilización ambiental ou igualdade. Tamén se profundará en nocións de emprendemento, administración e xestión, ademais de comercio e márketing.

A segunda liña busca tutorizar a autónomos e emprendedores para que poñan en marcha proxectos de mellora na profesionalización da xestión no Camiño.

Adxudican obras de mellora de vías en dúas parroquias

O Equipo de Goberno de Friol, presidido por José Ángel Santos, segue traballando nos distintos proxectos que desde o Concello preténdense levar a cabo, nesta ocasión, adxudicáronse dous proxectos de repavimentacións e melloras de vías nas parroquias de Cotá e Narla.

A primeira obra trátase do proxecto de Pavimentación de accesos aos núcleos da Purreira e A Portela, adxudicado á empresa Construcións Cholo S.L. O segundo proxecto é o de Pavimentación do Camiño Sixto á Agruñá, e adxudicada á empresa Construcións Carballeira S.L. a execución de ambos os proxectos suman uns 55.000 euros de investimento.

Ambos os dous proxectos son contratos menores, que se financiarán con cargo ao sobranche do Plan Único. “Son dous proxectos de gran importancia para a poboación de Friol, pois se trata de realizar melloras e mantementos de camiños municipais das parroquias de Narla e Cotá”, di Santos. Actualmente, debido ás condi-



O alcalde e unha das concelleiras, visitando as obras nunha foto de arquivo

cións normais do tráfico, o paso de maquinaria agrícola ou para traballos forestais, as condicións atmosféricas e o paso dos anos, os viais obxecto do proxecto deterioráronse considerablemente, resultando complicado o paso nalgúns zonas. Por tanto, as actuacións para realizar irán encamiñadas a reparar os danos ocasionados e a previr que se produ-

zan máis.

“Todas estas actuacións conlevan unha considerable mellora na calidade de vida dos habitantes do municipio, pois a mellora de todos estes camiños facilitará o acceso a leiras e o paso de maquinaria, algo imprescindible para o traballo diario nas explotacións gandeiras e agrícolas existentes en Friol”, engade.

a pastoriza

O Concello retoma os traballos de asfaltado

O Concello da Pastoriza vén de iniciar as obras que tiña adxudicadas por case 60.000 euros para o arranxo de vías en tres parroquias, concretamente en Crecente, San Cosme de Piñeiro e Fonmiñá. Este proxecto foi adxudicado á empresa Cholo. Retómanse así os proxectos que quedaron paralizados pola situación de corentena decretada polo Estado. Comezaron coas tarefas de limpeza de cunetas antes de proceder ao traballo de asfaltado.

Tamén están a facer desbroces das estradas. Segundo indica, “a día de hoxe temos toda a rede viaria de pistas non asfaltadas desbrozadas, agora empezaremos coas asfaltadas”.



Traballos nas parroquias

Indicou tamén que “estou á espera para poder contratar personal para o mantemento da rede viaria, desbroce, bacheo e arranxo de pistas de concentración que dan acceso a parcelas”.

Concurso polas Letras Galegas

A Área de Cultura do Concello da Pastoriza convocou un certame de narración e debuxo infantil con motivo do Día das Letras Galegas. Están convidados a participar todos os nenos e nenas que estudan no Concello que poden presentar todos os traballos que desexen co tema *Ser Galego*. As redaccións non excede-

rán dun folio por unha cara.

Os traballos deben ser enviados mediante fotografía ou escaneado ao correo electrónico letrasgalegaspastoriza2020@gmail.com con prazo aberto durante o mes de maio.


Os organizadores lembran que todos os nenos terán un pequeno agasalho por participar.

Gran acollida da plataforma de venda on line de produtos locais

A iniciativa que tiveron desde o Concello de Friol, xunto coa empresa Enxeit, de habilitar unha plataforma de venda online para que poidan usala todas as empresas, autónomos e produtores do municipio, está a ter unha gran acollida. Esta iniciativa consiste en poñer en marcha unha plataforma de venda online, ao dispor de empresas e produtores de Friol, na que poderán dar saída a produtos que agora mesmo non poden vender. Esta tenda seguirá dispoñible unha vez que toda esta situación se normalice, totalmente gratuíta para os interesados en usala para dar maior proxección ás súas vendas no exterior.

Xa son trinta e sete as empresas e produtores interesados en realizar vendas dos seus produtos a través desta ferramenta.

Os programadores da empresa Enxeit están a ultimar todos os detalles para que a plataforma poida dar servizo, da forma máis eficiente posible, a todos os interesados en utilizala para vender, pero tamén para as persoas que queiran comprar eses produtos que esta-



rán dispoñibles nos próximos días. “Xa estamos recibindo consultas de xente de fóra da comunidade que está interesada en poder comprar online, ou o antes posible, nos establecementos do Concello”, afirma o alcalde friolense Jose Ángel Santos.

Na devandita plataforma aparecerán os datos e contactos das empresas de Friol, que aínda que non dispoñan de servizo de venda online, polo momento, se atenderán aos seus clientes da unha maneira eficaz mediante unha chamada telefónica.

A páxina compraenfriol.com dispoñerá dunha ligazón no que aqueles establecementos do municipio que desexen utilizar dita plataforma, poidan inscribirse sen custo algún, mediante un formulario moi sinxelo que terán que cumprimentar. Tanto se queren activar a súa tenda online, coma se soamente queren que aparezan reflectidos os datos do seu negocio.

Poderán obter información no teléfono 637064024 e na dirección de correo electrónico info@compraenfriol.com.

NPG homenaxeará a Calero o domingo en Facebook

Poetas da NPG Nova Poesía Guitirica honrarán a Ricardo Carvalho Calero, a quen se adican as Letras Galegas deste ano, cun recital en directo o 17 de maio en Facebook.

O acto, que terá lugar ás 20.00 horas, comezará coa lectura do prólogo que Carvalho Calero fixo para *Nimbos* de Díaz Castro e cada persoa recitará algún poema de Carvalho ou en homenaxe a él. A amizade entre Carvalho Calero e Díaz Castro dá a este recital un valor especial para a poesía guitirica, que ten ao poeta dos Vilares como a grande referencia e causa da súa existencia.

FESTIVAL DE POESÍA. O Festival de *Poesía en Rede* de agrupacións poéticas de base chegou ao seu final cun notable éxito de participación no seus 17 días de celebración.

Organizado pola Nova Poesía Guitirica coa colaboración doutras agrupacións poéticas, os recitais en rede contaron con 60 poetas e 8 agrupacións de poesía de base de toda Galicia e Portugal e con 30.000 visualizacións nas redes sociais. Foron 17 días de recitais en directo no facebook da Nova Poesía Guitirica NPG distribuídos despois nas páxinas das diferentes agrupacións poéticas de base.

Tres recitais diarios ás 18, 20 e 22 horas que contribuíron a facer máis levadeiro o confinamento polo COVID19 aos afeccionados á poesía.

Primeira carreira virtual Guitiriz Termal solidaria

Guitiriz celebrará o sábado 23 de maio a primeira carreira virtual Guitiriz Termal, que ten fins solidarios xa que todo o recadado a través das inscricións irá destinado ao fondo municipal creado para facer fronte ás situacións de emerxencia social xeradas pola crise da COVID-19.

A inscrición xa está aberta e pode participar quen o desexe cun donativo voluntario na conta bancaria habilitada polo Concello para a causa. Cando se faga o donativo é necesario poñer como concepto 'Reto Guitiriz Termal' para poder levar a cabo un recuento do total aportado.

Cada participante debe elaborar o seu propio dorsal, dun xeito artesanal e tirando de orixinalidade. A proba non ten unha natureza competitiva, o único requisito é completar unha distancia de 7 quilómetros. Esta pode realizarse andando, correndo, en cinta ou en elíptica. Cando cada un remate o reto, terá que subir ás redes sociais unha captura de pantalla que certifique o reto.

O Concello creará un banco de axudas para esta nova situación

O primeiro pleno telemático da historia do Concello, retransmitido en directo por streaming, foi todo un éxito, polo bo funcionamento da ferramenta e tamén polos acordos.

O anuncio máis salientable foi o acordo unánime para crear un banco de axudas que sirva para facer fronte ás situacións de emerxencia xeradas pola crise sanitaria. Ademais o Goberno local aprobará estes días un grupo de axudas dirixidas a autónomos e financiadas polo POS e que ascenden a 140.000 euros.

Agora, nunha comisión de traballo formada por representantes de todos os grupos, estudárase a fórmula máis axeitada para canalizar estas axudas. Expúxose a posibilidade de crear un banco de alimentos ou a de habilitar un fondo económico no que podería participar con donativos toda a poboación e que posteriormente se transformaría en vales xestionados por Servizos Sociais.

O que xa é seguro é que todos os



Unha captura do primeiro Pleno telemático de Guitiriz

concelleiros e concelleiras doarán o importe da asistencia ao pleno e comisión informativa a esta causa, independentemente da forma na que se articule. Esta cantidade supón un total de 1.060 euros.

A sesión plenaria tamén serviu para aprobar, por unanimidade, un recoñecemento extraxudicial de créditos de 6.008,12 euros para poder poder

pagar facturas pendentes a provedores. "É un procedemento que a administración fai de xeito habitual pero, coa situación que estamos a vivir, non se podía demorar", explicou a alcaldesa de Guitiriz.

Ademais, ratificouse a elección da xuíza de paz titular e deuse conta á corporación das medidas adoptadas en relación coa crise sanitaria.

Preparan a apertura da matrícula das Escolas Deportivas

O Servizo de Deportes do Concello de Guitiriz informou de que xa está a preparar a matrícula das Escolas Deportivas para o próximo curso, que está previsto que poida desenvolverse con normalidade.

Polo tanto, a inscrición quedaría aberta no mes de setembro e, como é habitual, en outubro comezarán as diferentes actividades. Como todos os anos a inscrición para a escola de fútbol sala será a primeira que se abra, para poder configurar e inscribir aos diferentes equipos e será do 18 ao 29 de maio na web municipal.

As Escolas Deportivas 2019-2020, déronse por rematadas desde que se decretou o estado de alarma pola expansión do Coronavirus e, polo tanto, só se pasarán os recibos ata esa data (14 de marzo).

Polo de agora seguen en pé as actividades previstas para a época estival, como o campamento de verán do mes de xullo e a apertura da piscina municipal, prevista para xuño.

O Pedregal de Irimia convoca un concurso de microrrelatos

O IES Pedregal de Irimia convocou, aproveitando o Día do Libro, un proxecto literario para que os alumnos participen dende as súas casas. Ademais, do alumnado do centro tamén están convocados os estudantes de 5º e 6º de Primaria nos Ceips Rosalía de Castro de Pol e Avelino Díaz de Meira e tamén os ex-alumnos e ex-traballadores do IES.

O concurso consiste na redacción dun microrrelato, en lingua galega, que deberá entregarse como data límite o 17 de maio, día das letras

galegas. A temática será a saída da crise cunha reflexión do que como sociedade debería aprender desta pandemia.

Haberá cinco categorías, unha por cada ciclo (5º e 6º de primaria, 1º e 2º de Eso, 3º e 4º de Eso, BAC e adultos). O traballo non deberá exceder dunha páxina e debe enviarse por correo electrónico mecanografiado a bibliotecapedregaldeirimia@gmail.com. Haberá un único gañador, que recibirá agasallo, un lote de libros e un diploma.

O Concello continúa co proceso de contratación dun funcionario

O Concello de Meira continúa co proceso de contratación dun funcionario de carreira de administración xeral na subescala de auxiliar para cubrir unha praza vacante. O sistema de provisión desta praza será de oposición libre e a presentación de instancias deberá facerse, cando se complete a tramitación do proceso, no rexistro do Concello.

En caso de presentarse en lugar dis-

tinto, deberá remitirse unha copia a este. O Concello poñerá ao dispor das persoas interesadas un modelo de solicitude nas oficinas municipais e a través da súa páxina web. As bases pódense consultar no consistorio e no BOP. Nelas detállanse as funcións e retribucións, os requisitos que deben cumprir as persoas aspirantes e os prazos de admisión, o tribunal, as probas ou o temario.

CHMS, Deputación e Concello investirán na mellora do saneamento



Firma do convenio entre representantes das tres administracións

O Concello de Meira, a Deputación e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil asinaron un convenio de colaboración que posibilitará a mellora do saneamento do Concello.

O proxecto consiste na rehabilitación e impermeabilización dun total de sete pozos de rexistro do colector interceptor executado no ano 2009, así como na execución dun novo colector interceptor xeral que substitúa ao actual construído nos 90. Así mesmo substituiranse aqueles equipos que presenten un funcionamento máis deficiente. A CHMS será a encargada da re-

dacción do proxecto, así como da licitación, adxudicación e xestión dos contratos. O investimento total necesario para a actuación estimouse en 570.000 euros e a achega dos cofinanciadores será 427.500 euros, pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, o que supón o 75% do investimento; a Deputación Provincial de Lugo achegará 114.000 euros do custo inicialmente previsto, unha porcentaxe 20% do investimento; pola súa banda, o Concello de Meira achegará 28.500 euros, o 5% restante.

castro de rei



Vista aérea da pista de Rozas

Indra conta xa coa licenza para o seu novo hangar en Rozas

O Concello de Castro de Rei autorizou a concesión da licenza de obra a Indra para a construción dun hangar para o desenvolvemento de UAVs (vehículos aéreos non tripulados) no parque empresarial de Rozas. O proxecto desta multinacional, socia xunto a Babcock e a Administración autonómica na Civil UAVs Initiative, conta cun investimento que rolda o millón de euros e está situado no polo aeroespacial lugués. Indra tiña pendente este trámite municipal para botar a andar e habilitar na contorna do aeródromo chairgo unhas instalacións que terán unhas dimensións de 2.000 metros cadrados de superficie. Nelas, esta-

rá o hangar que contará cun edificio con 895 metros cadrados na planta baixa, para labores de investigación, e 172 na planta alta, para oficinas. O investimento total inclúe a execución material da obra, que ascende a 789.438,52 euros e terá un prazo de seis meses, e a dotación de todo o equipamento necesario para a súa posta en marcha. O novo centro terá capacidade para 25 traballadores. Indra centrará o seu traballo en Rozas no desenvolvemento de produtos aeronáuticos, con especial atención ao seu proxecto estrela, o Targus, unha aeronave opcionalmente tripulada de once metros de envergadura e de 1.250 quilogramos.

xermade

Aumentan a contía das axudas á natalidade

O Concello de Xermade aprobou nun pleno municipal por unanimidade o incremento de 600 a 900 euros da achega por cada neno recentemente nacido no municipio chairgo entre o 1 de decembro de 2019 e o 30 de novembro de 2020. Así se fixo público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), onde se recolle a aprobación definitiva desta modificación dos orzamentos. O importe total destinado a este labor é de 7.200 euros que partirán dos fondos orzamentarios que o Concello ten previstos para este ano. Esta é unha das medidas coas que o Concello de Xermade quere

impulsar a natalidade, xa que conta cunha poboación moi envellecida. De feito, son tan só unha media de oito nenos que se benefician deste apoio económico cada ano, segundo asegura o alcalde da localidade, Roberto García. O rexidor indicou que esta é a primeira ocasión na que se aumenta a achega por parte do goberno local, desde que comezase a distribuírse fai uns 15 anos. Os perceptores desta axuda, que se complementa co cheque que entrega a Xunta de Galicia, poden destinar o importe recibido “ao que os proxenitores consideren”, xa que está pensada para gastos libres.



Reinician as obras de ampliación de beirarrúas en Ribeiras de Lea

Tralo parón pola corentena, reiniciáronse as obras de ampliación e mellora de beirarrúas na estrada autonómica LU-113 no municipio de Castro de Rei, en concreto nun treito de 1,2 quilómetros entre o casco urbano de Castro Ribeiras de Lea e as proximidades do cemiterio de Duarria.

As previsións apuntan a que os traballos poden estar rematados no mes de maio. Deste xeito, apuntou Balseiro, “as especiais circunstancias en que se desenvolven os traballos terían escasa incidencia no cumprimento dos prazos previstos”, en boa medida debido a que parte do período de suspensión da actividade por mor do coronavirus coincidiu coas vacacións de Semana Santa.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade inviste 266.500 euros nestas obras, que supoñen a renovación integral das beirarrúas, incluíndo espazos de nova construción. Todos os treitos levarán un novo pavimento con baldosa



Os traballos nas beirarrúas de Castro de Rei reiniciáronse en abril

hidráulica e con adaptacións que garante a súa accesibilidade para persoas con mobilidade reducida e tamén, grazas ao pavimento táctil, o uso por persoas invidentes.

O proxecto recolle varias medidas complementarias como é o caso da colocación de ramplas de acceso aos garaxes e propiedades particular e a mellora da sinalización vertical e horizontal, isto é das marcas viarias e sinais de tráfico. Ademais está incluída a reposición e, no seu

caso o traslado á zona ampliada, de servizos como a iluminación pública, sumidoiros, arquetas, etc... Finalmente os traballos inclúen a construción dun novo paso de peóns sobreelevado (que ata o momento non existía) para controlar a velocidade dos condutores no P.K. 4+270 (á altura da factoría do Grupo Sada) e a substitución das varanda e das barreiras de seguridade (biondas) existentes, para colocar novas no seu lugar.

cospeito

A CHMS limpa os desaugadoiros e leitos dos ríos Anllo e Guisande

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, retoma os traballos de limpeza dos ríos da provincia. Así comezaron de novo as actividades de limpeza de leitos e mellora da capacidade de desaugadoiro dos ríos Anllo e Guisande ao seu paso polos núcleos de Goa e Belide, respectivamente. Estas actuacións están incluídas no cargo á empresa Tragsa para o Servizo de Conservación e Restauración de leitos da Demarcación Miño-Sil. Da inspección previa ás zonas de actuación detectouse abundante vexetación arbórea e arbustiva e un importante número de árbores secas con risco de caída ao leito e de troncos e ramas caídas que impiden a circulación da auga. Concretamente no río Guisande, a presenza de madeiras e ramas caídas, favoreceron a formación de tapóns e de obstáculos sobre o leito nas inmediacións dun muíño en



A zona onde se fixeron os traballos de limpeza

uso e dunha obra de paso; pola súa banda, no río Anllo, os obstáculos concentrábanse nas inmediacións de varias obras de paso e dun vial de servizo.

Por outra banda, as marxes moi cubertas de maleza, que nalgún tramo chega a invadir completamente o leito, provocan unha notable diminución da capacidade de desaugadoiro do río.

Para solucionar esta problemática xeral, está a traballarse no acondicionamento e limpeza do leito en

dominio público hidráulico e zona de servidume, incluíndo pódas e clareo de ramas baixas, talla, partido, amontoado e retirada das árbores secas presentes no tramo, especialmente nas inmediacións das infraestruturas de paso. Os restos vexetais son retirados da zona e transportados ao xestor autorizado; no caso dos amieiros, aplícanse as medidas ou recomendacións profilácticas co obxecto de evitar a propagación de Phytophthora Alni.

outeiro de rei

O Concello organiza un novo concurso de narración e debuxo

O Concello de Outeiro de Rei organiza un concurso de narración e debuxo infantil dirixido a rapaces e rapazas empadroados neste municipio ou que estean matriculados no Ceip Laverde Ruíz. Os participantes estarán divididos en tres categorías, ata 8 anos, de 9 a 11 e de 12 a 16 anos.

As narracións deberán ser en galego cunha extensión máxima dun folio, sobre o tema *Viaxando por Galicia* na que se contarán historias sobre viaxes, vacacións, andainas..., etc que teñan lugar en calquera lugar de Galicia.

Os debuxos serán feitos sobre folio de tamaño DIN A4, sobre o tema

Imos de festa por Galicia. Os debuxos terán a temática de festas como o entroido, festas gastronómicas, temáticas, concertos, verbenas, etc. Para poder envialos por correo electrónico poden sacar unha foto ao debuxo ou escanealo, enviando tamén os datos do autor.

O prazo de presentación dos traballos permanecerá aberto do 1 ao 25 de maio, e poden enviarse ao correo electrónico xuventude@concellodeouteiroderei.org; tamén poden presentarse de forma física nas caixas de correo habilitadas a tal efecto situadas no supermercado Claudio de Outeiro de Rei ou nas oficinas municipais do Concello.



web. O Concello de Outeiro de Rei ante o cese temporal das actividades de carácter presencial puxo en marcha a web <https://virtual.outeiroderei.org/> a través da cal poderase acceder a diferentes contidos repartidos en catro seccións: Conciliación Familiar, Escola Infantil Municipal, Deportes e Cultura. As dúas primeiras seccións están dirixidas a usuarios dos servizos de conciliación familiar e da escola infantil polo que será preciso ter un contrasinal para acceder aos contidos mentres que as seccións de deportes e cultura serán de acceso libre.

riotorto

Rematan as obras de mellora dos campos de bolos de Órrea



O novo campo de bolos de Órrea

O Concello de Riotorto rematou xa as obras de acondicionamento dos campos de bolos da parroquia de Santa Comba de Órrea. Ambos os dous están xa listo para a reanudación da liga cando as condicións sanitarias o permitan. Estas obras leváronse a cabo de

forma simultánea ao acondicionamento do campo da festa e foi demandada pola Asociación de Veciños e a Asociación Recreativa e Cultural dos Amigos de Santa Comba da Órrea (Arcasco). Supervisaron as obras Doni e Edita, dous xogadores da parroquia.

O Museo de Manuel María abre un novo certame teatral

A Casa-Museo Manuel María convoca a II edición do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais para compañías profesionais para o que fai públicas as bases que a rexerán.

O Certame, de periodicidade bienal, ten por obxecto premiar a mellor proposta escénica sobre textos de Manuel María. Poderanse presentar as compañías profesionais ou produtoras de teatro galegas, así como empresarios ou artistas a modo individual. A valoración dos proxectos realizarase atendendo tanto á súa calidade como á traxectoria da compañía e do elenco para levalo a cabo.

O certame supón a colaboración entre a Casa-Museo Manuel María

e diferentes concellos e deputacións. Isto fai que presente unha fórmula absolutamente orixinal en canto que, por unha parte, a Casa-Museo achegará a cantidade de 4.000 euros (o dobre que na edición anterior) como axuda á produción do proxecto gañador e, pola outra, as institucións públicas comprométese a que o espectáculo se represente no seu ámbito territorial. A estas alturas, dado o contexto socio-sanitario que se está a vivir, non está pechado o número de concellos que van participar nesta segunda edición, mais desde a organización agárdase, cando menos, igualar os 26 da edición anterior.

A data límite de presentación de proxectos é o 30 de setembro.

Contratan a sete traballadores contra incendios

O Concello de Outeiro de Rei vén de convocar o procedemento de contratación de persoal laboral temporal para cubrir diferentes prazas para o servizo de prevención de incendios. Así, hai convocadas dúas prazas de condutor de vehículo motobomba, outras dúas de peón de extinción de incendios, dúas de condutor de desbrozadora e unha de peón forestal. Non se require titulación para ningún dos postos, agás os condutores que necesitan o permiso clase C. O contrato terá unha duración de catro meses, prorrogables. Todos eles son de xornada completa e as retribucións mensuais oscilan entre os 1.220 e os 1.108 euros.

Debido a situación de alerta sanitaria a selección dos candidatos realizárase primeiro cun concurso de méritos.

Concelleiros do BNG e do PSOE abandonan o Pleno

Os concelleiros do BNG e do PSOE de Outeiro de Rei abandonaron a sala no transcurso do último pleno municipal, celebrado nas instalacións municipais de forma presencial no que, como asegura o BNG, “se impediu explicitamente a participación telemática”.

O BNG indicou que tiña xa pedido dende hai días a celebración dunha xuntanza cos grupos municipais para que foran informados da situación sanitaria do Concello e poder propor ideas para paliar a situación, sempre con reunións telemáticas ou, no seu defecto, con reunións moi reducidas

no número de persoas.

Así mesmo, na parte final do pleno, os nacionalistas abandonaron a sesión acusando ao rexidor de “interromper continuamente as argumentacións dos concelleiros da oposición, non deixando falar con normalidade, e incluso facendo alusións á vida ou circunstancias privadas dalgun dos concelleiros ou concelleiras da oposición”.

Pola súa banda, a voceira socialista, Carmen Acacio, alegou que tamén abandonou o pleno “debido á actitude despótica amosada polo alcalde”. Acacio lembrou que nesta reunión

ordinaria, o Grupo Socialista, presentou unha moción coa que reclamaba partidas económicas do Concello para o colectivo empresarial afectado polo COVID-19, co fin de contribuír a activación económica local. “O único que recibimos por resposta foi a prepotencia do PP, e o mantra de botarlle a culpa ao Goberno Central de todos os problemas de Outeiro de Rei”, advertiu.

Os nacionalistas alegaron tamén que o alcalde negouse a aceptar a proposta nacionalista para que os damnificados pola pandemia non paguen o IBI.

Neumáticos VILLALBA

VENTA Y REPARACIÓN DE NEUMÁTICOS
 ALINEADOS DE DIRECCIÓN
 RECARGA AIRE ACONDICIONADO
 CAMBIOS DE ACEITE Y FILTROS
 DISCOS Y PASTILLAS DE FRENO
 AMORTIGUADORES
 RÓTULAS DE DIRECCIÓN
 LLANTAS
 BATERÍAS
 ACCESORIOS

Nuevo horario

CREDIT

Financia tus compras sin intereses

DAMOS SERVICIO A LAS MEJORES COMPAÑÍAS DE RENTING

LUNES A VIERNES DE 9:30 A 13:30 Y DE 15:30 A 19:30 SÁBADOS DE 10:00 A 13:30

Teléfono y Fax. - 982 51 11 28
Av. Galicia, 83 bajo - 27800 VILALBA (Lugo)

www.neumaticosvillalba.es
www.facebook.com/neumaticosvillalba

rábade

Comezan as obras na rúa Músico Crisanto

Hoxe se inician os traballos de mellora e acondicionamento da rúa Músico Crisanto, situada nun treito da LU-P-5102, no concello de Rábade. Con esta actuación, na que a institución provincial inviste máis de 180.500 euros, melloraranse uns 150 metros desta vía situada no centro da vila, dende o punto quilométrico 0,033 ao 0,184.

Os traballos que se realizarán nos primeiros 70 metros da marxe dereita consisten na demolición do firme, a pavimentación dunha zona de aparcadoiro e unha zona peonil mediante lousa de granito; e dende o punto quilométrico 0,104 ao 0,184

realizarase a renovación integral desta vía a través da demolición do firme existente e das beirarrúas. Neste tramo tamén se acondicionarán zonas peonís. Ademais da mellora do firme, realizarase unha renovación integral da rede de abastecemento e saneamento, a rede de baixa e media tensión, o alumeadado público e a rede de telecomunicacións.

A través destas actuacións veranse beneficiados os preto de 500 veciños e veciñas que viven nesta rúa situada ao carón do campo da feira e da pista polideportiva, na que ademais se atopan unha decena de negocios comerciais.

Ampliado o prazo do concurso de poemas das Letras Galegas

O Concello de Rábade vén de ampliar o prazo de entrega para participar no concurso de audiopoemas das Letras Galegas, que agora ten data límite o 22 de maio. Os participantes deberán elaborar un poema en galego de tema libre cun mínimo de 6 versos, con ou sen rima e mandalo gravado a través dun audio.

Os audios deberán enviarse por WhatsApp ao teléfono: 650 600 002. A organización establece tres categorías, de 5 a 8 anos, de 9 a 11 anos e de 12 a 16 anos. Habrá premios para as tres categorías con vales de 60, 40 e 30 euros para canxear no comercio de Rábade. Os premiados daranse a coñecer o 28 de maio.

abadín

Sete empresas deseñan o sistema de protección antinéboa da A-8

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana xa asinou todos os contratos coas empresas seleccionadas para deseñar o sistema de protección antinéboa da Autovía A-8, unha acción no que o Goberno investirá máis de 2 millóns nesta primeira fase do proceso de Compra Pública Innovadora, que consiste no deseño, a construción e a experimentación con prototipos de solucións innovadoras para facerlle fronte a néboa nunha zona de proba anexa ao treito da autovía A-8 entre Mondoñedo e A Xesta.

Nos contratos para o desenvolvemento de solucións innovadoras baseadas en sistema de axuda á condución presentáronse tres propostas que consisten nun sistema de balizamento lateral da vía con luz láser, un sistema de sinalización horizontal con tecnoloxía LED proxectada sobre a calzada e un sistema baseado non uso de balizas intelixentes.

Os contratos para o desenvolvemento de solucións innovadoras baseadas en sistemas que actúan sobre a néboa baséanse nun sistema de difusión automático por aspersores de materiais higroscópicos, barreiras aerodinámicas cor-



Unha vista da A-8 onde se producen os bancos de néboa

taventos de porosidade variable, estruturas de formigón abovedadas sobre cada calzada con aberturas laterais en toda a súa lonxi-

tude e a combinación de barreiras estáticas e barreiras dinámicas que empregan dispositivos fluído-mecánicos.

Obras do Plan Único

O Concello proxecta o acondicionamento e reparación de camiños e pistas municipais en todo o termo continuando co programa que xa deu comezo hai uns anos.

Estas obras financiaranse co Plan Único da Deputación unha vez se remate o estado de alarma.

Segundo explica o alcalde, José

María López Rancaño, as obras consistirán en mellorar o trazado con aglomerado en quente así como a limpeza de cunetas.

Ademais, o alcalde anunciou que se van renovar os colectores de lixo e se instalarán suxeitacolectores de acero inoxidable para evitar o seu desprazamento.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN	
Concello:	982 50 80 21
Garda Civil:	982 50 80 11
Centro de Saúde:	982 50 81 22
A PASTORIZA	
Concello:	982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil:	982 34 90 20
Centro de Saúde:	982 33 21 41
AS PONTES	
Concello:	981 45 31 16
Policia Local:	981 45 31 91
Garda Civil:	981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa):	981 45 12 51
BEGONTE	
Concello:	982 39 61 43
Garda Civil:	982 39 80 08
Centro de Saúde:	982 39 69 02
CASTRO DE REI	
Concello:	982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil:	982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa):	982 21 10 18
Castro de Rei:	982 31 42 11
Ribeiras de Lea:	982 31 11 14

COSPEITO	
Concello:	982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil:	982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa):	982 52 01 20
Feira do Monte:	982 50 34 69
Consultorio de Muimenta:	982 50 40 57
FRIOL	
Concello:	982 37 50 01
Garda Civil:	982 37 50 02
Centro de Saúde:	982 37 10 98
Cita Previa	982 37 10 05
GUITIRIZ	
Concello:	982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil:	982 37 00 01
Centro de Saúde:	982 37 21 10
Parga P.A.C.:	982 37 05 00

MEIRA	
Concello:	982 33 01 02
Garda Civil:	982 33 00 04
Centro de Saúde:	982 35 69 27
Cita previa:	982 33 02 40
MURAS	
Concello:	982 50 00 01
Garda Civil:	982 50 00 20
Centro de Saúde:	982 50 01 23
OUTEIRO DE REI	
Concello:	982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil:	982 39 00 05
Ambulancia:	982 23 16 13
Centro de Saúde:	982 39 25 98
Cita previa:	982 39 32 67
P.A.C.:	982 39 34 00

POL	
Concello:	982 34 50 29
Garda Civil:	982 33 00 04
Centro de Saúde:	982 34 59 20 / 982 34 53 76
RÁBADE	
Concello:	982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil:	982 39 00 05
Centro de Saúde:	982 39 01 01
RIOTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63
VILALBA	
Concello:	982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policia Local:	982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil:	982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa):	982 51 03 11
XERMADE	
Concello:	982 50 10 01 / 982 50 20 03
	/ 982 50 10 27
Garda Civil:	982 50 10 08
Centro de Saúde:	982 50 11 34 / 982 50 10 55

**TELÉFONOS DE INTERESE**

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



+ Teléfonos: www.terrachaxa.com



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

www.terrachaxa.com

Teléfono: 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com



Edición: PORTAS COMUNICACIÓN SL

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfono: 673 903 924 - 982 510 335

E-mail: redaccion@terrachaxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións SL

Dep. Legal: LU-517-03



TERRA CHÁ

Comeza en Outeiro a formación no PIE da agrupación de concellos

O Concello de Outeiro de Rei inicia a formación transversal na cal participan 100 persoas do Programa Integrado de Emprego nos oito concellos participantes na agrupación.

A formación iniciouse o 20 de abril coa formación transversal nas modalidades de teleformación e a distancia. Participan os concellos de Outeiro de Rei, Castro de Rei, Cospeito, Friol, Rábade, Begonte, Abadín e Mondoñedo e a temática é orientada á busca de emprego como: redes sociais para busca de emprego, activación e motivación para a busca de emprego, claves para superar unha entrevista de traballo, habilidades sociolaborais, emprendemento e autoemprego, mobilidade laboral, comunicación e ferramentas de comunicación innovadoras.

Posteriormente a esta formación os alumnos recibirán outra en idiomas, preparación de competencias clave de nivel 2, carnets profesionais (ma-



José Pardo Lombao

nipulador de alimentos e operador/de carretilla elevadora) e dúas edicións do certificado de profesionalidade Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais. Faranse visitas didácticas a empresas para presentar o programa e os perfís profesionais co obxectivo de intermediar e procurar a inserción laboral.

A Deputación destina 638.000 euros a axudas a asociacións

A Área de Cultura, Patrimonio e Normalización Lingüística da Deputación axiliza a xestión das axudas a entidades, colectivos e asociacións culturais previstas nos orzamentos de 2020, que suman un importe de 638.000 euros.

Trátase de achegas destinadas, fundamentalmente, ao funcionamento do entramado cultural de base, que desenvolve ao longo do ano innumerables actividades en todo o territorio da provincia facilitando o acceso e participación de todas e todos nos procesos culturais e sendo tamén peza fundamental no sostemento do sector profesionalizado.

“Fronte á incerteza que xera a COVID-19, desde a área de Cultura queremos que as asociacións culturais teñan a seguridade de que contarán cos fondos comprometidos e saiban que traballamos para que poidan dispoñer deles no menor tempo posible. Os seus proxectos veranse condicionados pola situa-

ción extraordinaria na que nos atopamos, e seguramente terán que repensar algunhas das actividades”, sinalou a deputada de Cultura, Maite Ferreiro.

As asociacións recibirán a comunicación correspondente e poderán iniciar o procedemento de solicitude”, proseguíu a nacionalista, que agradeceu o traballo das “persoas que forman parte destas asociacións e que traballan, moitas veces de xeito altruísta, para desenvolver actividades na súa parroquia, concello ou comarca.

As achegas, recollidas nos orzamentos de 2020 e no Plan Estratégico de Subvencións, benefician a 44 entidades e asociacións culturais que centran a súa actividade na protección, valorización e difusión do patrimonio cultural, na normalización do uso do galego en diferentes ámbitos, na organización de festivais e programacións culturais ou no eido educativo e formativo.

Ecoloxistas acusan á Xunta de reactivar uns mil proxectos de impacto ambiental

Unha trintena de grupos ecoloxistas galegos acusaron á Xunta de aproveitar o tempo de confinamento e a alarma sanitaria para reactivar preto de mil proxectos cualificados de grande impacto ambiental.

Segundo explican, o Consello da Xunta do xoves 30 de abril aprobou reactivar a tramitación administrativa en materia de avaliación ambiental de 975 proxectos entre os que se inclúen vertedoiros, plantas de xestión de residuos, proxectos de parques eólicos e subestacións eléctricas, liñas de alta tensión, factorías que emiten gases de efecto invernadoiro, etc.

“A Xunta aproveita cando existe unha seria crise sanitaria e a poboación segue confinada e sen poder desenvolver as súas actividades de forma pero xa comezaron a correr os prazos de exposición pública destes proxectos de grande impacto”, din.

Sem os sonhos,
sem as utopias,
a realidade tende a fossilizar-se em formas esgotadas.



Carvalho Calero
Letras Galegas 2020

Cultura en liña a partir do 17 de maio

Davide Salvado Ugía Pedreira Raiceiras Pepe Vaamonde	Olga Novo Lois Pérez Marina Oural	Mamá Cabra Ana Carreira Micromina Títeres
---	--	--

ségua nas nosas redes ou
na nosa canle de youtube:





DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA

COLABORACIÓN

Vivir en tempos de represión

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

Ao remate da Guerra Civil, os partidarios do bando republicano sufriron a violencia en todas as súas dimensións (física, económica, política, cultural...). Os perdedores eran denunciados polos seus veciños como antifranquistas - foran ou non-, así como os membros de organizacións políticas, sindicais e, en xeral, todos aqueles cidadáns que non estaban de acordo coa ditadura e manifestaban a súa oposición a ela. Como constituían un perigo para a nova orde establecida, eran inmediatamente etiquetados como inimigos do réxime e, no mellor dos casos, condenados ao ostracismo social. A represión política, combinada coa apatía xeneralizada e a loita pola supervivencia, non daba ocasión para a protesta. Ademais, había xente na que literalmente non podías confiar; por iso Mario Xosé decidiu manterse a unha beira e dedicarse fundamentalmente ao traballo no ultramarinos, sen participar en actos públicos de apoio aos vencedores do conflito. Tratava de poñer un pouco de equilibrio na súa existencia e recuperar a

ledicia perdida, centrándose no negocio e na familia.

A vida social e política de Vilalba estaba dominada polas "autoridades": o crego, o gobernador militar de Lugo e o alcalde de quenda, omnipresentes en todo tipo de actos públicos pro-réxime, unhas convocatorias ás que o meu avó non acudía por principios, escudándose sempre no argumento de que tiña moito traballo. Calquera simpatía polos vencidos significaba pobreza e desemprego, mentres as oportunidades que xurdían eran aproveitadas polos vencedores para manter os seus privilexios. Se había algún detido no cárcere municipal, Mario Xosé encargábase de que alguén lle fixera chegar un pouco de pan. Non por caridade, senón por solidariedade; pero iso non o dicía en voz alta, limitábase a comentalo na casa.

A nova educación imposta polo franquismo debía borrar todos os aspectos de renovación e avance educativos, ademais de crear leais e entregados súbditos da nova España que estaban a construír. Na escola inculcaban, dunha maneira obsesiva, a formación do espírito nacional, cun exaltado patriotismo españolista, a debida obediencia a Franco e tamén ás autoridades; as materias tiñan un marcado cariz ideolóxico, baseado na defensa a morte do catolicismo. A



Igrexa recuperou o protagonismo na educación que perdera coa Segunda República e a relixión volveu ser unha materia obrigatoria en todos os niveis do ensino. O Frente de Juventudes e a Sección Femenina da Falanxe adoutrinaban ás novas xeracións na ética do servizo ao Estado franquista, que se declaraba totalitario. A xornada lectiva comezaba nas escolas co saúdo fascista e o "Cara al sol". E o rapaz ou a rapaza que non soubera rezar recibía unha losqueada, cando non dúas ou tres. José Antonio Primo de Rivera -coñecido entre os vencedores como "o ausente"- pasou a presidir a fachada da igrexa parroquial de Santa María de Vilalba, como parte principal da cruz de mármore dedicada aos "Caidos por Dios y por España".

Con este panorama desolador para a intelixencia, o verdadeiro centro de

poder nos anos corenta era a política agraria do réxime, que substituíra ás reformas distributivas da Segunda República polos modelos de colonización importados da Italia de Mussolini. Unha gran parte da retórica dos primeiros tempos do franquismo estivo dirixida ao enaltecemento da agricultura; en parte, debíase a que o problema da alimentación das persoas era fundamental, pero tamén porque o réxime consideraba ao labrego como a verdadeira encarnación dos valores da Cruzada, fronte ao obreiro das cidades, corrompido polo socialismo marxista. A porcentaxe de poboación activa no sector agrícola pasara dun 45 por cento na década de 1930 a un cincuenta por cento a comezos de 1940. O Estado trataba de regular os prezos do trigo para evitar o estancamento agrícola e, como consecuencia, o rexurdimento industrial. A propaganda franquista lanzou a mensaxe de que "un ano de boas colleitas é tamén un ano de prosperidade para o comercio e para a industria". Era o clásico modelo decimonónico do subdesenvolvemento; nada novo.

Tras o escándalo de 1947 polo tráfico ilegal de fariña, que se saldou coa detención de varios empresarios vencellados ao Consorcio de Panaderías, acusados de promover as vendas clandestinas, o réxime endureceu o

control sobre este e outros produtos de primeira necesidade. Neste contexto, Mario Xosé tramitaba cada ano as correspondentes solicitudes ante a Delegación Provincial de Abastecimientos e Transportes para conseguir autorizacións de compra de fariña con destino exclusivo para a comercialización no ultramarinos da rúa Xardíns. Este procedemento estaba enmarcado nas campañas cerealistas bianuais que remataban o 31 de maio do segundo exercicio económico. Era unha feroz lexislación que non lograba erradicar o mercado negro e o estraperlo, que alcanzaba ao total da poboación. Contaba o Chavito que el e os seus irmáns axudaban a meu avó ao saír da escola en moitas tarefas, traballando en equipo para unha mellor organización da familia Paz Guntín. Pasaron moitas cousas naqueles anos, pero boa parte foise co vento da Chaira, as marelecidas follas dos outonos e a desmemoria. O único obxectivo vital de Mario Xosé era sacar adiante a María e aos seus tres fillos, a quen procurou educar en valores como o respecto, a convivencia, a empatía e a igualdade. A súa idea era orientalos cara á formación mercantil para transformar o pequeno negocio do ultramarinos e convertelo nunha empresa familiar de distribución de alimentación.

En proceso de desescalada

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Xusto hai un mes que me poñía a escribir o artigo que saía publicado no Terracháxa de abril, cando xa estábamos pola terceira semana deste estado de alarma, motivado polo que todos sabemos. Xa vai case para dous meses desde que o pesadelo comezara; un tempo no que

diariamente contemplabamos o número de contaxiados e falecidos por esta maldita pandemia, agardando que chegase o caxarexado pico e a curva comezase a descender. Efectivamente, non foi sen tempo, pero o primeiro chegou por fin e a segunda, moi paseniño, empezou a tirar cara a abaixo.

O impacto na economía do Covid-19 está a ser de tal magnitude, que producen auténticos calafrios as cifras de traballadores afectados polos ERTES e negocios que permanecen pechados.

O panorama é desolador, xa que o proceso de desescalada iniciado prevese lento, polo que a varios meses vista semella que as mellorías serán escasas.

A nivel local, estamos a ver as consecuencias. Nas nosas vilas e pobos, a actividade reduciuse a mínimos inimaxinables, con bares e restaurantes pechados, colexios e institutos sen aulas, oficinas bancarias e servizos públicos a medio gas. As feiras e mercados, suspendidos, agardando unha reanudación que suporá tal modificación que resultará complicado recoñecerlos. Cómpre destacar que aínda sendo moi prudentes, os datos facilitados no que é a área sanitaria de Lugo, que comprende o total da provincia, indícanos unha incidencia menor que no conxunto de Galicia. Estamos a falar que se contabilizan entón os novecentos contaxios, dos que

activos son menos de dous centos e as persoas falecidas, vinte e sete. Cabe remarcar que na maioría dos centros residenciais de persoas maiores, tanto públicos como privados, o coronavirus non fixo acto de presenza.

E agora estamos nesta fase, na cal tratamos de voltar á normalidade, ou máis ben a esa nova normalidade. Aquí tamén temos que erguer a voz para que traspase os Ancares, atravesese o Bierzo e chegue ata o centro do Reino. Porque o concepto dispersión xeográfica non parece que se entenda polos que teñen a difícil misión de organizar esta historia.

Certamente non é doado, por suposto, e cando se traza unha norma que atinxe a uns determinados tramos, estes terán unhas dimensións. No entanto, tense que ter en conta a realidade da Galicia Rural, onde por exemplo

municipios como Vilalba ou Castro de Rei, que superan os cinco mil habitantes, acreditan unha considerable extensión, así como multitude de lugares que están formados por unhas dúas de veciños ou incluso por menos. Os pobos galegos non son como os pobos casteláns, onde polo xeral, nun radio de apenas un quilómetro residen o total dos habitantes, sexan tres centos ou catro mil.

Polo tanto, neste arduo proceso, sen poñer en cuestión autoridades e mandos superiores, a nosa voz -nunca mellor dito- ten que ser escoitada alá onde se tomen estas decisións que tanto nos afectan. As peculiaridades xeográficas e poboacionais deberán ser tidas en conta se queremos que existan reais posibilidades de éxito nesa misión.

Que o que se decida, sexa ben para todos.



Manuel Losada, O Vello Castros da Chousa Grande

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

O vello dos Castros dos Vilares, Manuel Losada, era pai de Serafin dos Castros (de quen falaremos noutra ocasión), foi un dos trapeiros mais importantes desta parroquia de nacemento de Díaz Castro e, ao igual que tantos outros, andou aos trapos polos tesos cumes do Caurel e pola terra brava, polos montes de Samos, do Incio e do Cebreiro, sempre acompañado do seu burro, no que cargaba a mercancía que mercaba. Contaba que unha vez que ía co seu burro, perdeuse por aqueles montes tan inmensos e despo-

boados. Deulle a noite e, ao non saber se había casas cerca ou non, acordou durmir nunha choupana, desas que teñen os pastores no monte para meter o gando no inverno. Era unha especie de alboio sen porta e con unha barreira de táboas na que durmían os pastores. Meteu o burro na parte de abaixo e el subiuse á barreira. Tamén subiu a albarda para poñela de almofada na cabeceira.

Alá pola media noite oíu uns ruídos e deuse conta de que abaixo andaba o lobo a voltas co burro. Empezou a berralle, pero como non lle facía caso, e como non tiña outra cousa a man, acordou mandarlle a albarda que lle servira de cabeceira. Colleuna coas dúas mans e tiroulla con todas as súas forzas ao lobo que andaba

a voltas co burro pero con tan mala sorte que as cinchas engancharón polo pescozo e tamén el baixou detrás da albarda.

- Agora todo pro lobo! - pensou o home cando ía caendo.

Pero tivo sorte, porque foi o lobo o que colleu medo ao ver caer aquel home agarrado á albarda, polo que fuxiu a toda presa e non volveu en toda a noite.

Manuel era un home moi pausado e duns razoamentos moi fundados, igual que o seu irmán, o Tío Miguel de Agosto, O Estanqueiro da Tiñaz. Din que tanto un coma o outro cavilaban moito antes de dicir as cousas, que é como debe facer un home de ben, nunca dicilas sen pensar e sen valorar o efecto que poden ter as súas verbas. Facéndoo así case nunca se trabucaban nin tampouco

ofendían a ninguén.

Non moi lonxe da súa casa patrucial hai unhas veigas comunais que chaman as Veigas das Silvas e tiña el unha cortiña, que pola parte de abaixo cabeceaba nesas veigas. O vello pensou en facer unha "ampliación de capital" agrandando a cortiña, desfacendo o seu valado de terróns e facendo outro un pouco mais adiante. Os veciños ao ver que collera un cachiño de veiga desfacíanlle o valado, tirando os terróns a gabea, pero ao pouco tempo el volvía a facer outro, pero agora un pouco mais adiante, e os veciños volvían tirarllo. Así unha chea de veces, e cada vez ía collendo un pouco mais de veiga. El seguía así ata que os veciños da Tolda, ao ver que o vello Manuel non se queixaba de que llo tiraran e

seguía facendo a súa maneira e non cansaba na súa teima de facer cada vez "unha ampliación de capital", díxéronlle:

-Bueno home. Ti es o demo! Empezaches collendo un cachiño de veiga pero non te conformas con coller ese cacho, senón que cada vez que fas de novo o valado vas mais adiante.

O vello despois de rascar a cabeza e pensar un pouco, contestou todo cheo de razón:

- Eu conformar si que me conformaba pero como vosoutros mo tirades teño que facelo mais adiante, xa que polo mesmo sitio non hai terrón.

Esa razón debeu convencer aos veciños e, cando o fixo de novo colleu outro pouco mais de veiga, como tiña por costume, pero non llo volveron tirar.

Como comer legumes

NUTRICIÓN PASO A PASO

Marta P. Fandiño
Nutricionista en
Centro Terapéutico
Mondo

As legumes están bastante esquecidas na alimentación actual, antano elaborábanse máis a miúdo, sen embargo o tempo necesario para preparar este tipo de alimentos así como o elevado aporte calórico das receitas tradicionais, fan que as leguminosas queden relegadas a un segundo plano, pese ó seu interesante valor nutricional e a recomendación actual de inxestión de 3 a 4 racións por semana.

Estes produtos son unha fonte interesante de proteínas vexetais, de feito poderíase dicir que son as proteínas vexetais por excelencia, posto que conteñen todos os aminoácidos

das mesmas agás un, que pode ser complementado cunha fonte de cereal, como un anaco de pan, un pouco de arroz, pasta, pataca, etc. Ademais o seu alto aporte en fibra fai que estes alimentos sexan máis saciantes e permiten regular o azucre sanguíneo, isto fainas interesantes en dietas para persoas que padecen diabetes ou algunha cardiopatía, pero tamén para a perda de peso corporal ou simplemente para a mellora da alimentación e da saúde, sempre e cando se opte por un cociñado adoitado. As legumes, están recomendadas en todas as franxas de idade, incluíndo a alimentación infantil e a alimentación para persoas maiores.

Os beneficios anteriores están abalados polas organizacións de saúde de todo o mundo que recomendan a inxestión de legumes como parte dunha dieta saudable para combater a obesidade así como para previr e axudar a controlar enfermi-

dades crónicas como a diabetes, as afeccións coronarias e ou o cancro. Dentro dos tipos de legumes atópanse as fabas ou xudías brancas, negras ou pintas, os garavanzos, as lentellas, os chicharos, a soia e os cacahuetes, aínda que estes últimos están máis relacionados cos froitos secos debido á forma de consumo e as súas características nutricionais (maior aporte graxo e calórico que o resto de leguminosas). Se ben as legumes pertencen ó mundo vexetal, igual que as verduras e as hortalizas, teñen características nutricionais moi diferentes polo que non deben ser confundidas. Ambos grupos teñen que atoparse habitualmente na dieta, sendo as verduras precisas a diario en cada prato e as legumes 3 ou 4 veces por semana ou polo menos dúas, se compoñen prato único.

Os problemas dixestivos relacionados coa inxestión destes alimentos fan tamén que moitas persoas evi-

ten o seu consumo. As flatulencias, a inchazón e o aumento das ganas de ir ó baño, son as molestias máis habituais. O primeiro que hai que facer, é probar diferentes formas de cociñado, as veces o problema dixestivo ven da forma de preparación ou da guarnición e non da propia legume. Se as molestias persisten, pódese optar por remollar as legumes ou incluso retirar a primeira auga de cocción, tamén resultan boas opcións quitarlles o pel, trituralas ou comelas en forma de pasta, acompañadas por especias carminativas (aquelas que favorecen a expulsión de gases) como o comino, o anís ou o fiúncio.

Poñelas a remollo pode ser dobremente interesante posto que permite reducir o tempo de cocción e elimina anti-nutrientes, sustancias propias das mesmas que non permiten unha boa absorción intestinal e que polo tanto reducen o aproveitamento das vitaminas e

minerais que presentan. Se o tempo ou as ganas de cocer este produto non son suficientes, pódese optar por mercalas xa cocidas en bote de cristal posto que as propiedades nutricionais son similares. O consello neste caso é que se laven antes de usar, quedarán mellor e con menos contido en sal.

De nada serve seguir as recomendacións de inxestión, se se emprega un modo de cociñado rico en graxas saturadas tipo touciño, chourizo, liscos ou similares. Para mellorar a calidade nutricional destas comidas, pódense preparar en forma de ensaladas, coma ensalada de fabas pintas con pemento asado, cebola, aguacate e albahaca; en cremas ou purés; guisadas con vexetais, coma garavanzos con espinacas ou lentellas viúvas; así coma en forma de hamburguesas, de albóndegas, ou empregando as súas fariñas na elaboración de pizzas, de tortas ou incluso de macarróns.

LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE

Preparamos comidas para llevar por encargo

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES

zona para Boda Civil

www.lacasilla.es

Asesoría Enerxética Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNES
SUBVENCIONES - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIONES FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

PASATEMPOS

SOPA DE LETRAS

F	E	N	G	M	U	H	X	I	T	Z	L	R	B
A	S	A	U	O	E	S	T	R	E	B	S	O	U
E	Q	Z	P	U	G	N	O	P	I	S	L	D	C
B	U	V	Q	T	P	C	U	X	X	B	Z	R	S
D	I	Ñ	X	S	R	V	O	B	O	X	R	Z	A
N	O	M	X	O	O	U	D	R	F	A	L	A	C
B	A	N	P	D	L	N	E	F	Q	G	I	I	S
C	V	T	O	B	A	T	U	R	S	T	R	U	B
D	A	M	S	N	A	R	C	P	F	X	A	X	A
E	G	L	S	N	L	S	U	A	E	T	B	B	U
B	A	L	A	B	C	R	D	O	O	S	A	O	G
C	L	B	A	U	O	R	S	H	L	Z	X	L	E
R	U	R	S	N	I	Ñ	B	E	Z	A	I	O	N
A	M	A	N	B	C	O	E	L	L	O	C	D	I
F	E	G	N	F	G	A	H	R	E	S	T	A	B
A	M	E	G	O	R	U	O	T	Z	V	I	E	V

Busca doce nomes de animais

XEROGLÍFICOS

E 1100
CAMIÑE
deus exipcio
Z acelera

Este animal ten bo porte

T 00
+ RO
A
TRA

Illa do suroeste asiático

SUDOKU

		2			8				
7			8					4	2
			4					5	
		3	1	8	2		6		
9	6				5	4			3
				3		7	1		
		5		2					
				5		3		2	9
2						6	3		4

TABOLEIROS MATEMÁTICOS

	+		-		=	7
-		+		/		
	+		-	8	=	2
x		-		+		
	-		+		=	3
=		=		=		
6		7		9		

AS SETE DIFERENZAS



SOLUCIÓNS

2	8	9	7	1	6	3	5	4
1	7	6	5	4	3	8	2	9
4	5	3	2	9	8	7	6	1
8	4	6	3	2	1	9	5	7
9	6	7	1	5	4	2	8	3
5	3	1	8	2	9	6	4	7
6	1	4	9	7	2	5	3	8
7	9	8	6	3	5	4	1	2
3	2	5	4	8	1	9	7	6



6	7	9
=	=	=
3 = 8 + 6 - 1	x	
	+	
2 = 8 - 7 + 3	-	
	+	
7 = 8 - 6 + 9	/	

A	E	I	A	Z	O	M	O	D	E	N	V	A	M
E	C	N	F	A	H	R	E	S	T	A	B	E	
I	O	C	O	R	E	L	O	C	D	I			
A	N	H	S	I	B	R	E	Z	A	I	O	N	
R	U	S	H	I	B	R	E	Z	A	I	O	N	
C	L	A	V	O	R	E	S	T	H	I	X	E	
B	A	L	A	B	C	R	D	O	O	S	A	O	G
E	I	S	M	A	T	E	R	B	B				
D	A	M	S	N	A	R	C	P	F	X	A	X	A
C	A	V	O	R	E	S	T	H	I	X	E		
B	A	N	H	S	I	B	R	E	Z	A	I	O	N
N	O	M	X	O	O	U	D	R	F	A	L	A	C
D	I	X	S	R	V	O	B	O	X	R	Z	A	
B	U	V	Q	T	P	C	U	X	X	B	Z	R	S
E	O	Z	P	U	G	N	O	P	I	S	L	D	C
A	S	A	U	O	E	S	T	R	E	B	S	O	U
F	E	G	N	F	G	A	H	R	E	S	T	A	B

Sumatra
É un can de raza pura

RECOMENDACIÓNS

que ler?



Galicia contada aos non galeguistas
Manuel Veiga Taboada

Por que os galegos somos conservadores? E, ao mesmo tempo, por que se di de nós que somos ambiguos? Se somos un pobo atrasado, por que houbo familias tan emprendedoras como os Fernández? Somos ou non celtas? Existiu ou non o Reino de Galicia? Por que a terra tivo tanta importancia e por que os campesiños foron acusados de maliciosos e litigantes? Por que somos un pobo emigrante e, ao mesmo tempo, unha fábrica de ministros? Cal foi o noso papel nas guerras? É o galego máis vulgar que outras linguas? E que importancia tivo aquel xantar entre Beiras e Fraga? Este libro intenta contestar a todas estas preguntas, sen anteolleiras ideolóxicas. Porque fai falta ter, por fin, respostas que nos sirvan a todos.


que escoitar?



The New Abnormal
The Strokes

The New Abnormal é o primeiro disco dos Strokes en 7 anos, conta cunha portada obra de Jean-Michel Basquiat, neo-expresionista de 1981. É un álbum que bebe un pouco de todos os discos que a banda foi sacando ao longo de toda a súa traxectoria. Ten guitarras con ese toque de pouca produción que tiñan en *Is This It?*, coas súas respectivas distorsións e canles limpas tan cortantes e ten melodías pop remarcables. Ao final son nove temas de gran gusto sonoro, moi adecuados se somos de ritmos cálidos e lentos.

que ver?



Torre de Caldaloba
Cospeito

A Torre de Caldaloba, tamén coñecida como Castelo de Vilaxoán, é unha fortaleza de orixe medieval situada na parroquia de Pino, no Concello de Cospeito. Érguese nunha zona da Terra Chá coñecida como A Balura, sobre o outeiro de Coto de Mato, que domina a pasaxe natural que comunica a comarca de Vilalba cos ríos Támoga e Miño, aproveitando un gran castro con catro grandes foxos. A uns centos de metros está o pazo de Caldaloba, fundado en 1621 por Rodrigo Díaz Sanjurjo y Montenegro.

a elección de...



Marisol Morandeira
Alcaldesa de Guitiriz

un libro



Los cipreses creen en Dios
de José María Gironella

un disco



Brothers in arms
de Dire Straits.

unha película



La vida es bella
de Roberto Benigni

unha personaxe histórica



María Pita

un lugar para visitar



París

un sitio onde vivir



Guitiriz, sen dúbida

unha comida



Arroz Caldoso

unha bebida



Unha cervexa ben fría

EL MILENIO DE ORO
Administración de Loterías

AGENCIA	FECHA	PREMIO
10000000	04/05/20	1º PREMIO
10000000	04/05/20	2º PREMIO
10000000	04/05/20	1º PREMIO
10000000	04/05/20	4º PREMIO
10000000	04/05/20	5º PREMIO
10000000	04/05/20	7.780 €
10000000	04/05/20	51.023 €
10000000	04/05/20	6.753 €
10000000	04/05/20	48.596 €
10000000	04/05/20	8.506.089 €

El Milenio de Oro
Establecimiento 49800

EL MILENIO DE ORO
Administración de Loterías

Avda. de A Coruña, 16 - 27300 GUITIRIZ
982 370 429 / 648 777 058
elmileniodeoro@hotmail.com
www.elmileniodeoro.com

Táhona
Currás

PAÑADEROS DESDE 1907

C. San Roque 3 Vilalba, Lugo 982310062

DESCUBRINDO O PATRIMONIO



Miriam Fernández

A Ponte Vella de Rábade

Rábade é un concello da Comarca de Lugo, limítrofe con Outeiro de Rei e Begonte, aínda que cultural e tradicionalmente se vencella máis coa área comarcal da Terra Chá. Este concello, segregado de Begonte en 1925, está constituído por unha única entidade de poboación, a vila de Rábade, a cal se converteu nun importante núcleo de comunicación e servizos vencellados á súa situación xeográfica estratéxica cara Lugo e a Coruña, característica acentuada pola construción da liña de ferrocarril do Noroeste no 1875 e que tiña parada nesta localidade. Aínda que a día de hoxe a pegada que deixou o ferrocarril esmoreceu en boa medida, este concello segue a ofrecer unha interesante mostra da súa historia e patrimonio cultural que atrae a numerosos turistas.

Rábade foi dende antigo un lugar de tránsito importante da Chaira, pois polo concello discorre parte da Vía XX (per loca marítima), calzada romana recollida no Itinerario de Antonino. Este roteiro unía as cidades de Bracara e Asturica Augusta bordeando o litoral atlántico da Gallaecia, pasando polas cidades de Brigantium e Lucus Augusti, onde se conectaba á Vía XIX, que comeza na vertente atlántica até Brigantium, a actual Betanzos.

Durante a Idade Media Rábade seguirá manténdose como localización viaria importante naqueles traxectos que unían

Vilalba-Rábade e Rábade -Parga, período do que tamén se conserva un dos elementos patrimoniais máis importantes e característicos do Concello: a Ponte Vella de Rábade.

Esta ponte de fábrica medieval, datada aproximadamente dos séculos XIV-XV pero cunha máis que posible orixe romana, funcionaba neste lugar e nestes tempos como paso e portádegos sobre o Miño, é dicir, aqueles mercaderes que desexa-

na Antiga Casa Consistorial. Actualmente neste lugar atópase a Casa das Insuas, un Centro de Conservación e Estudo da Natureza autoxestionado por e para entidades e persoas con inquestandanza polo coñecemento e conservación do medio natural.

A ponte foi construída mediante cachotaría de lousa cun total de sete arcos apuntados polos que discorre o cauce do río. Como é habitual, nos piares dos arcos que corresponden


da auga e ós posibles danos que ocasionaría o seu continuo bater na estrutura. A parte superior deste tallamaes remata de xeito escalonado.

As varandas superiores da ponte mostran claramente a incidencia dunha remodelación posterior, do mesmo xeito que a propia calzada, adecuadas paulatinamente segundo as necesidades do tránsito que as atravesaba, conectando directamente co veciño concello de Outeiro

pañará a historia deste Concello e será escenario de fazañas militares ("Ponte de Rábade", asedio da fortaleza da Caldalo-ba., s.XV), resistirá o paso das tropas napoleónicas e será testemuña do establecemento dun acantonamento militar carlista (escenario de fusilamentos), entre outras historias, ollando pouco a pouco como se incorporan á vila as innovacións contemporáneas do tráfico rodado ou a chegada do ferrocarril.



Unha vista da ponte e un detalle da estrada que pasa por riba



ban atravesar a ponte cos seus produtos tiñan que pagar unha peaxe ou imposto obrigatoriamente. O pago facíase efectivo nun edificio a carón dela, unha construción que perviviu no tempo (coas pertinentes modificacións) e que se convertería

directamente coa traxectoria da auga, proxéctanse os correspondentes tallamaes en forma de quilla, empregados para cortar a e repartir a corrente cara os arcos, actuando coma contrafortes e ofrecendo deste xeito maior resistencia á forza

de Rei (límite municipal). Preto desta ponte tamén atopamos a ponte do ferrocarril e da ponte nova de Rábade.

Dende as súas orixes romanas, pasando por as súas funcións medievais de "porta comercial da vila", a Ponte Vella acom-

A importancia histórica da Ponte Vella de Rábade prevalece e maniféstase claramente aínda a día de hoxe, non só como vía de paso ou elemento patrimonial e turístico, se non que tamén forma parte do seu escudo municipal.

CAP todos los meses

Cursos y Certificaciones



Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05

A partir del 25 de mayo estaremos de vuelta con las más exigentes medidas de sanidad

GRUPO FORMAT
formación integral de empresas